

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

LINGUA GALEGA E LITERATURA

CURSO 2021-2022

1. INTRODUCCIÓN

2. DATOS XERAIS DO DEPARTAMENTO

- a) Materias que se imparten no Departamento:
- b) Profesorado do Departamento:

3. 1ºESO.....LINGUA GALEGA E LITERATURA

- a) Introducción e contextualización.
- b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.
- c) Concreción dos obxectivos para o curso.
- d) Organización dos contidos curriculares, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, indicadores de consecución, actividades e temporalización.
 - 1. Criterios de avaliación para os estándares de aprendizaxe. Competencias clave coas que se relaciona. Indicadores de consecución (mínimos esixibles).
 - 2. Contidos curriculares en relación cos obxectivos. Principais actividades de aprendizaxe para ditos contidos. Temporalización
 - 3. Procedementos e instrumentos de avaliación para os estándares de aprendizaxe.
- e) Concrecións metodolóxicas que require a materia.
- f) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.
- g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.
 - Anexo 1 : Cadro de lecturas.
 - Anexo 2: Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado
 - Anexo 3: Modelo de unidade para a programación de aula

4. 2º ESOLINGUA GALEGA E LITERATURA.

- a) Introducción e contextualización
- b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.
- c) Concreción dos obxectivos para o curso.
- d) Organización dos contidos curriculares, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, indicadores de consecución, actividades e temporalización.
 - 1. Criterios de avaliación para os estándares de aprendizaxe. Competencias clave coas que se relaciona. Indicadores de consecución (mínimos esixibles).
 - 2. Contidos curriculares en relación cos obxectivos. Principais actividades de aprendizaxe para ditos contidos. Temporalización
 - 3. Procedementos e instrumentos de avaliación para os estándares de aprendizaxe.
- e) Concrecións metodolóxicas que require a materia.
- f) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.
- g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.
 - Anexo 1 : Cadro de lecturas.
 - Anexo 2: Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado
 - Anexo 3: Modelo de unidade para a programación de aula

5- 3º ESO.....LINGUA GALEGA E LITERATURA

- a) Introducción e contextualización.
- b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.

- c) Concreción dos obxectivos para o curso.
- d) Organización dos contidos curriculares, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, indicadores de consecución, actividades e temporalización.
 1. Criterios de avaliación para os estándares de aprendizaxe. Competencias clave coas que se relaciona. Indicadores de consecución (mínimos esixibles).
 2. Contidos curriculares en relación cos obxectivos. Principais actividades de aprendizaxe para ditos contidos. Temporalización.
 3. Procedementos e instrumentos de avaliación para os estándares de aprendizaxe.
- e) Concrecións metodolóxicas que require a materia.
- f) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.
- g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado:
 - Anexo 1 : Cadro de lecturas.
 - Anexo 2: Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado
 - Anexo 3: Modelo de unidade para a programación de aula

6- 4º ESOLINGUA GALEGA E LITERATURA

- a) Introducción e contextualización.
- b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.
- c) Concreción dos obxectivos para o curso.
- d) Organización dos contidos curriculares, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, indicadores de consecución, actividades e temporalización.
 1. Criterios de avaliación para os estándares de aprendizaxe. Competencias clave coas que se relaciona. Indicadores de consecución (mínimos esixibles).
 2. Contidos curriculares en relación cos obxectivos. Principais actividades de aprendizaxe para ditos contidos. Temporalización
 3. Procedementos e instrumentos de avaliación para os estándares de aprendizaxe.
- e) Concrecións metodolóxicas que require a materia.
- f) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.
- g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado:
 - Anexo 1 : Cadro de lecturas.
 - Anexo 2: Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado
 - Anexo 3: Modelo de unidade para a programación de aula

7 - 1º BACHARELATO.....LINGUA GALEGA E LITERATURA

- a) Introducción e contextualización.
- b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.
- c) Concreción dos obxectivos para o curso.
- d) Organización dos contidos curriculares, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, indicadores de consecución, actividades e temporalización.
 1. Criterios de avaliación para os estándares de aprendizaxe. Competencias clave coas que se relaciona. Indicadores de consecución (mínimos esixibles).
 2. Contidos curriculares en relación cos obxectivos. Principais actividades de aprendizaxe para ditos contidos. Temporalización
 3. Procedementos e instrumentos de avaliación para os estándares de aprendizaxe.
- e) Concrecións metodolóxicas que require a materia.
- f) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.
- g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

Anexo 1 : Cadro de lecturas

Anexo 2: Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Anexo 3: Modelo de unidade para a programación de aula

8- 2º BACHARELATO LINGUA GALEGA E LITERATURA

- a) Introducción
- b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.
- c) Concreción dos obxectivos para o curso.
- d) Organización dos contidos curriculares, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, indicadores de consecución, actividades e temporalización.
 - 1. Criterios de avaliación para os estándares de aprendizaxe. Competencias clave coas que se relaciona. Indicadores de consecución (mínimos esixibles).
 - 2. Contidos curriculares en relación cos obxectivos. Principais actividades de aprendizaxe para ditos contidos. Temporalización
 - 3. Procedementos e instrumentos de avaliación para os estándares de aprendizaxe.
- e) Concrecións metodolóxicas que require a materia.
- f) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.
- g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.
 - Anexo 1 : Cadro de lecturas
 - Anexo 2: Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado
 - Anexo 3: Modelo de unidade para a programación de aula

9. ASPECTOS COMÚNS A TODOS OS CURSOS

(APTOS H), I), L), M), N), Ñ), O) E P) DO ARTIGO 13, CAPÍTULO V DA RESOLUCIÓN DO 27 DE XULLO DE 2015, DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA).

- a) Apartado h. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.
- b) Apartado i. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
- c) Apartado l. Organización de procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.
- d) Apartado m. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.
- e) Apartado n. Medidas de atención á diversidade. Reforzo lingüístico (agrupamento) 1ºESO.
- f) Apartado ñ. Concreción dos elementos transversais.
- g) Apartado o. Actividades complementarias e extraescolares programadas polo noso departamento didáctico.
- h) Apartado p. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora:

10. PLAN DE CONTINXENCIA

11. PLAN DE MELLORA PARA ALUMNADO REPETIDOR

12. PLAN DE IGUALDADE.

1. INTRODUCCIÓN

A materia de Lingua Galega e Literatura preséntase, en todos os cursos das etapas de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato, estruturada en cinco bloques de contidos. O bloque 1, "Comunicación oral. escoitar e falar" atende ao uso oral da lingua, e este é obxecto de observación e de análise para recoñecer as normas que rexen o intercambio comunicativo, para observar as estratexias que usan os/as falantes para se comunicar satisfactoriamente, así como as que empregan para comprender ou para producir mensaxes orais. Non obstante, este bloque incide, sobre todo, na necesidade de que o alumnado galego teña modelos de fala adecuados e poida pór en práctica a súa lingua dentro da aula en contextos formais e informais. A realidade sociolingüística do noso centro determina unha especial atención na aula a este bloque, para que o alumnado poida cumprir adecuadamente cos estándares de aprendizaxe descritos.

O bloque 2, "Comunicación escrita. Ler e escribir" ocúpase da comprensión e a produción escrita. O alumnado debe ser quen de entender textos de diferente complexidade e xénero, e extraer as ideas explícitas e implícitas no texto co fin de elaborar o seu propio pensamento crítico e creativo. Comprender un texto implica pór en marcha unha serie de estratexias de lectura que deben practicarse na aula e proxectarse a todas as esferas da vida e a calquera tipo de lectura: ler para obter información, para aprender a propia lingua e por pracer. Igualmente, a produción escrita significará procurar para cada situación o tipo de texto, adecuando, planificando e redactando, atendendo a aspectos diversos, e revisando a escrita final.

O bloque 3, "Funcionamento da lingua" integra contidos relacionados co código e a súa organización, e responde á necesidade de reflexión sobre a propia lingua, coa finalidade de servir de base para o seu uso correcto, afastándose da pretensión de utilizar os coñecementos lingüísticos como fin en si mesmo.

O bloque 4, "Lingua e sociedade" céntrase na necesidade de que o alumnado coñeza, explique e valore o plurilingüismo como unha situación habitual e enriquecedora para todos os individuos. Do mesmo xeito, incídese na identificación e superación dos prexuízos e na pertinencia de que o alumnado recoñeza e empregue termos sociolingüísticos precisos.

O bloque 5, "Educación literaria" asume o obxectivo de facer dos alumnos e as alumnas lectores e lectoras competentes, con implicación nun proceso de formación de lectura que continúe ao longo de toda a vida. Ademais, o alumnado achegarase á historia da literatura galega, así como ás súas obras e aos seus autores e as súas autoras máis salientables, e recoñecerá a vinculación destes produtos literarios coa historia de Galicia. O tratamento de todos estes contidos ten que abordarse desde unha óptica competencial, valorando as relacións que cada un ten coas competencias clave, que aparecen especificadas, a partir dos estándares de aprendizaxe avaliáveis, neste currículo. A avaliación terá que ser coherente coa diversidade de contidos traballados e, daquela, ter en conta os contidos abordados nos cinco bloques en que se estrutura este currículo. Do mesmo xeito, deberá ser unha avaliación competencial, que teña en conta a

relación que se establece no currículo entre os estándares de aprendizaxe detallados en cada bloque, coas competencias clave.

- **Obxectivos xerais da área de Lingua galega e literatura para a ESO**

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

- **Obxectivos xerais da área de Lingua galega e literatura para o Bacharelato**

Perfeccionar o uso da lingua galega, oralmente e por escrito, como instrumento para a comunicación interpersoal e para a comprensión, análise e organización de feitos e saberes de calquera tipo.

Utilizar con soltura a lingua galega para a comprensión e elaboración, de informacións orais e escritas, atendendo ás características formais de cadansúa.

Valorar a lingua galega como propia de Galicia, comprendendo as circunstancias históricas que condicionaron a súa evolución.

Analizar a realidade sociolingüística de Galicia, interpretando criticamente os factores que interveñen nela.

Analizar as linguaxes específicas dos medios de comunicación e utilizar as seccións e os programas en galego para mellorar as propias producións.

Aplicar os principios fundamentais da gramática galega, recoñecendo as distintas unidades da lingua, e as súas posibles combinacións, no plano fónico-fonolóxico, morfosintáctico, léxico-semántico e textual.

Coñecer as características das principais etapas da literatura galega, así como dos autores e das obras máis significativas, utilizando de forma crítica as fontes documentais para o seu estudo

Ler e comentar as obras máis representativas das diferentes épocas da literatura galega, como fonte de

pracer persoal e como manifestación artística do ser humano nun ámbito cultural concreto.

- **Marco Legal**

Esta programación realizouse segundo as seguintes disposicións legais:

- [Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.Texto consolidado](#)
- [Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa](#)
- *RESOLUCIÓN do 15 xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. [Aclaracións relativas a diversos aspectos do bacharelato derivados do réxime transitorio da implantación da LOMCE para o curso 2016/2017](#)*
- *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*
- [Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta](#)
- [Orde de xuño de 2016, pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta](#)
- [Real Decreto 665/2015, do 17 de xullo, polo que se desenvolven determinadas disposicións relativas ao exercicio da docencia na Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato, a Formación Profesional e as ensinanzas de réxime especial, á formación inicial do profesorado e ás especialidades dos corpos docentes do Ensino Secundario](#)
- [Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015-2016 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia](#)
- [Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.](#)

- Tamén se deseña nesta Programación Didáctica un plan de continxencia avalado pola [Orde EFP/5,1/2020, do 20 de xuño, pola que se publican acordos da Conferencia Sectorial de Educación, para o inicio e o desenvolvemento do curso 2021/2022](#) no que se establece que as administracións educativas adoptarán as medidas que correspondan para dar resposta a posibles alteracións das actividades lectivas presenciais.
- Tamén se teñen en conta os criterios emanados do Proxecto Curricular e do Proxecto Educativo do Centro, as decisións de carácter xeral adoptadas polo Departamento e, finalmente, da experiencia acumulada polas profesor@s na didáctica da área.

2- DATOS XERAIS DO DEPARTAMENTO

- **Materias que se imparten no Departamento:**

As materias que se imparten no departamento son as seguintes:

1º ESO:

Lingua Galega e Literatura Primeiro curso da ESO.

- Reforzo para o alumnado exento de segunda lingua .

2º ESO:

Lingua Galega e Literatura Segundo curso da ESO

- Reforzo para o alumnado exento de segunda lingua .

3º ESO:

Lingua Galega e Literatura Terceiro curso da ESO

4º ESO:

Lingua Galega e Literatura Cuarto curso da ESO

1º BACH:

Lingua Galega e Literatura Primeiro de Bacharelato

2º BACH:

Lingua Galega e Literatura Segundo de Bacharelato

- **Profesorado do Departamento:**

Antonio Fernández Salgado

M.^a Luísa Moreda Leirado

Noa Pérez González

Ángeles Rodríguez Castaño

Susana Silva Martínez

Ana Castro Pardo (Xefa de Departamento)

3- 1º ESO- LINGUA GALEGA E LITERATURA

- **Introdución e contextualización.**

Esta materia de 1º de ESO conta con catro períodos semanais nos que se potenciará , ademais do estudo da nosa lingua, o correcto uso da mesma tanto na súa expresión escrita como oral.

No noso centro hai cinco cursos de 1º de ESO, cunha media de 25 alumn@s por aula. Moit@s rapaces e rapazas deste nivel mostran dificultade na expresión oral da nosa lingua, xa que ademais de que o galego non é a súa lingua habitual, proceden dun contexto extremadamente castelanizado, con varias xeracións, nalgúns casos, nas que non se fala a nosa lingua. Por este motivo, os dous primeiros bloques de contido desta materia, referidos á expresión oral e escrita terán especial importancia. Tamén hai un sexto grupo , un agrupamento con menos alumnado xa que traen dificultades de Primaria e precisan ser reforzad@s na materia. Haberá ademais dous grupos de exención en segunda lingua con dúas sesións cada un deles para reforzar as linguas .

O tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Xa que logo, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, especialmente no noso contexto. Cómpre favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización. O alumnado galego, como establece a lexislación, debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz das dúas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

O desenvolvemento de todos os contidos abordarase desde unha óptica competencial, valorando as relacións que cada un deles ten coas competencias clave, que aparecen especificadas, a partir dos estándares de aprendizaxe avaliábeis, no currículo da materia.

A avaliación, por iso mesmo, será competencial e terá en conta a relación que se establece no currículo entre os estándares de aprendizaxe, detallados en cada bloque e as competencias clave.

A materia de Lingua Galega e Literatura preséntase estruturada en cinco bloques:

- Bloque 1, "Comunicación oral. escoitar e falar", atende ao uso oral da lingua. Incide, sobre todo, na necesidade de que o alumnado teña modelos de fala adecuados e poida pór en práctica a súa lingua dentro e fóra da aula en contextos formais e informais.
- Bloque 2, "Comunicación escrita. Ler e escribir", ocúpase da comprensión e a produción escrita.
- Bloque 3, "Funcionamento da lingua", integra contidos relacionados co código e a súa organización e responde á necesidade de reflexión sobre a propia lingua coa finalidade de capacitar para o seu uso correcto, sen concibir os coñecementos lingüísticos como un fin en si

mesmo.

- Bloque 4, "Lingua e sociedade", pretende que o alumnado comprenda os procesos sociolingüísticos e identifique os prexuízos para a súa superación. Así mesmo, persegue que recoñeza e empregue termos sociolingüísticos de xeito preciso.
 - Bloque 5, "Educación literaria", asume o obxectivo de facer do alumnado lectorado competente, que integre a lectura como un mecanismo de comprensión do propio eu e da sociedade ao longo de toda a súa vida, a través do achegamento á historia da literatura galega, así como ás súas obras e aos seus autores e autoras máis salientables, recoñecendo a vinculación destes produtos literarios coa propia historia de Galiza.
- **Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.**

Na materia de Lingua galega e Literatura de 1º de ESO contribuírase ao desenvolvemento de cada unha das competencias clave do seguinte xeito:

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)

Desde a área de Lingua Galega e Literatura desenvólvense de forma xeral varios aspectos desta competencia, xa que as análises das estruturas morfolóxicas, sintácticas e textuais supoñen un adestramento do razoamento lóxico e a súa sistematización, a aplicación dun método rigoroso. Por outro lado, a variedade tipolóxica e temática dos textos pon en contacto a área coa relación do ser humano coa realidade, o mundo científico e o contorno ambiental.

Comunicación lingüística (CCL)

A competencia en comunicación lingüística adéstrase de maneira explícita no propio ámbito curricular; polo tanto, poderíamos incluír calquera dos descritores desta competencia. Porén, e dado que se explicitan nas unidades segundo a relevancia que teñen en cada unha delas, resáltanse aquí aqueles que favorecen a súa transversalidade:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.

Competencia dixital (CD)

A área de Lingua Galega e Literatura debe contribuír ao adestramento da competencia dixital, tan relevante e necesaria no contexto actual. O uso das novas tecnoloxías supón un novo modo de comunicación cuxo ámbito haberá que adestrar de maneira sistemática. A produción de procesos comunicativos eficaces nos que se empregan os contidos propios da materia é un pilar esencial para o desenvolvemento da competencia dixital nos alumnos e alumnas.

Conciencia e expresións culturais (CCEC)

A expresión lingüística e o coñecemento cultural que se adquire a través da literatura facilitan desde a área o desenvolvemento desta competencia. A verbalización de emocións e sentimentos sobre as manifestacións literarias ou artísticas, as creacións propias, o coñecemento do acervo literario... fan desta área un cauce perfecto para adestrar a competencia.

Para traballar esta competencia teranse en conta os seguintes descritores:

- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas (CSC)

Traballar con outros, descubrir as diferenzas e establecer normas para a convivencia favorece o desenvolvemento das competencias sociais e cívicas. Desde o uso da lingua para chegar a consensos, establecer e cumprir regras de funcionamento ata o seguimento das normas de comunicación, pódese adestrar en Lingua Galega e Literatura esta competencia. Por outra parte, a contextualización da comunicación lingüística e literaria propias da área e a importancia da crítica textual fan fundamental o traballo desta competencia.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

O adestramento do sentido de iniciativa e espírito emprendedor é de vital importancia en calquera contexto educativo porque favorece a autonomía do alumnado e o desenvolvemento de habilidades persoais para emprender accións innovadoras en contextos académicos que logo se poderán extrapolar a situacións vitais. No propio estudo da materia, os alumnos e as alumnas deben recoñecer os seus recursos e adquirir hábitos que lles permitan superar dificultades no traballo e na consecución de metas

establecidas.

Aprender a aprender (CAA)

A competencia pódese desenvolver na área fomentando tarefas que permitan que o alumno ou a alumna se recoñeza a si mesmo/-a como aprendiz para a mellora dos seus procesos de aprendizaxe. Neste sentido, Lingua Galega e Literatura préstase especialmente a iso, xa que é unha área que favorece os procesos metacognitivos e a adquisición de estratexias e estruturas de aprendizaxe extrapolables a outras áreas e contextos.

- **Concreción dos obxectivos para o curso.**

Os obxectivos para a materia Lingua galega e literatura de 1º de ESO son:

1. Comprender, interpretar e resumir o sentido global das mensaxes orais en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
2. escoitar e comprender o sentido global de informacións procedentes da comunicación audiovisual, desenvolvendo un pensamento crítico.
3. escoitar con interese e respecto as intervencións orais, respectando as normas de cortesía.
4. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, as estratexias necesarias para producir textos orais sobre temas de actualidade.
5. Valorar as producións orais cunha fonética galega correcta e mostrar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
6. Intervir de maneira activa en situacións orais propias do ámbito académico.
7. Coñecer e aplicar estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais.
8. Producir discursos breves e comprensibles, adecuados á situación e á intención comunicativa, coherentes e ben organizados, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e académica.
9. Ler de maneira comprensiva e interpretar textos escritos en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
10. Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información, consultar modelos de composición escrita e solucionar dúbidas de traballo.
11. Mostrar unha actitude crítica cara ás mensaxes que manifesten prexuízos lingüísticos.
12. Ler en voz alta coa dicción adecuada e respectando os patróns fonéticos do galego.
13. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá, das relacións sociais ou do ámbito académico, con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.
14. Usar as TIC, con progresiva autonomía, para redactar e presentar os seus escritos.
15. Coñecer e utilizar un léxico amplo e preciso.
16. Coñecer e utilizar adecuadamente a fonética do galego.
17. Utilizar os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes para resolver dúbidas e

progresar na aprendizaxe autónoma.

18. Aplicar correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas do galego.
19. Coñecer e utilizar as categorías gramaticais básicas para mellorar a creación e a comprensión de textos.
20. Identificar e explicar as funcións oracionais e as unidades que as desempeñan.
21. Coñecer e utilizar os conectores textuais e as regras de concordancia para dar cohesión aos textos.
22. Diferenciar as distintas clases de oracións segundo a intención do emisor.
23. Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.
24. Desenvolver unha competencia comunicativa integrada a partir do coñecemento das linguas.
25. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.
26. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia, a partir do seu contorno familiar e o do resto do alumnado, valorando a importancia de contribuír ao proceso de normalización da lingua.
27. Coñecer a situación sociolingüística e legal das linguas de España.
28. Recoñecer e valorar as variantes xeográficas do galego, rexeitando prexuízos lingüísticos.
29. Diferenciar os textos non literarios dos literarios, e nestes últimos, identificar os tres grandes xéneros.
30. Ler de maneira comprensiva, expresiva ou dramatizada textos de distintos xéneros, relacionándoos coa súa experiencia propia e expoñendo a súa opinión.
31. Escribir textos sinxelos con intención estética, utilizando os coñecementos literarios adquiridos.
32. Describir os trazos que caracterizan o cómic e a canción como linguaxes artísticas.
33. Coñecer e aplicar as estratexias de autoavaliación, recoñecendo os erros nas súas producións.

- [Organización dos contidos curriculares, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, indicadores de consecución, actividades e temporalización.](#)

Ao inicio do curso comprobaranse os coñecementos previos do alumnado de cada grupo mediante unha avaliación inicial, cuxos resultados só se terán en conta a efectos de adecuar o nivel de partida do proceso de ensino-aprendizaxe á realidade de cada grupo e, en consecuencia, non afectará ás cualificacións do alumnado.

Tamén se empregarán os informes individualizados do curso anterior (6º de EP) para obter unha valiosa información sobre a situación de cada alumno/a.

Realizaranse actividades encamiñadas a obter unha **avaliación inicial**. O profesorado de Lingua Galega e Literatura utilizará fichas, exercicios, exposicións orais e escritas a través das que coñecerán o nivel dos alumnos, no primeiro mes de clase, en aspectos como: lectura, comprensión, capacidade de síntese, ortografía, presentación dos escritos, conceptos, procedementos, grao de aprehensión das competencias

clave, actitudes, capacidade de abstracción, coidado do material (verase se o alumno o leva a clase, se o coida, etc.).

Co alumnado con resultados negativos, na avaliación inicial realizarase un especial seguimento atendendo a se realiza os exercicios, se participa de forma habitual nas actividades propostas polo profesorado, se colabora no traballo cooperativo que se desenvolva na aula e se progresa e mellora os resultados obtidos na avaliación inicial.

- **Criterios de avaliación para os estándares de aprendizaxe. Competencias clave coas que se relaciona. Indicadores de consecución (mínimos esixibles).**

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias _clave	Indicadores de consecución (Mínimos esixibles)
B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais (noticias de actualidade) e elaborar un resumo.	LGB1.1.1. Comprende e interpreta a intención comunicativa de textos orais sinxelos (noticias de actualidade). LGB1.1.2. Traslada a información relevante ou a idea xeral de textos sinxelos a resumos.	CCL,CAA	Comprende textos orais sinxelos. Traslada a información relevante ou a idea xeral de textos sinxelos a resumos.
B1.2. Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais sinxelos dos ámbitos social e académico, e seguir instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe con progresiva autonomía.	LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os datos máis relevantes en textos orais do ámbito social e académico. LGB1.2.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.	CCL,CAA	Recoñece os datos máis relevantes en textos orais do ámbito social e académico. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.
B1.3. Coñecer e apreciar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas, tanto espontáneas como planificadas.	LGB1.3.1. Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na orde que lle corresponde, manifesta respecto polas opinións alleas e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria). LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos	CCL,CSC,CAA, CSIE	Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume).

	(entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal.		
B1.4. Identificar e contrastar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e identificar prexuízos ou mensaxes discriminatorias.	LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, as ideas principais e as secundarias de programas informativos. LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas. LGB1.4.3. Identifica e rexeita os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións.	CCL,CAA,CAS	Identifica a intención comunicativa, as ideas principais de programas informativos. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación . Identifica e rexeita os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións.
B1.5. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, as estratexias necesarias para realizar exposicións orais planificadas e participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas.	LGB1.5.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións. LGB1.5.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e visualmente atractivas.	CD,CAA,CSEIE, CCL	Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes. Emprega as TIC.
B1.6. Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	LGB1.6.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, reconece os erros de produción oral propia e allea e propón solucións para melloralas. LGB1.6.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega. LGB1.6.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e	CCL,CAA,CCEC	Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega.

	asúmea como a variedade habitual do seu contexto.			
B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	<p>LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.</p> <p>LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).</p> <p>LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada).</p> <p>LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.</p>	CCL,CSC	<p>Produce textos orais adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.</p> <p>Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada), un léxico variado tendo en conta unha correcta fonética galega.</p>	
B1.8. Participar activamente en situacións propias do ámbito académico (pedir aclaracións, intercambiar opinións e expor conclusións).	<p>LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito académico, respectando as regras de interacción.</p> <p>LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios.</p>	CCL,CSC	Intervén en debates e coloquios do ámbito académico, respectando as regras de interacción.	
B1.9. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma	LGB1.9.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.	CAA,CCL,CSC, CSIEE	Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.	

individual ou en grupo.	<p>LG1B1.9.2. Respecta os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade</p> <p>LGB1.9.3. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da situación comunicativa.</p> <p>LGB1.9.4. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal ás súas producións orais.</p> <p>LGB1.9.5. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos.</p> <p>LGB1.9.6. Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.</p>		<p>Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal ás súas producións orais.</p> <p>Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.</p>	
B1.10. Producir discursos breves e comprensibles sobre temas da vida cotiá, de interese persoal ou social.	<p>LGB1.10.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.</p> <p>LGB1.10.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.</p>	CCL,CSC,CSIEE,CCEC	<p>Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión.</p> <p>Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.</p>	
B2.1. Aplicar técnicas de análise do contido	LGB2.1.1. Utiliza técnicas de análise e	CCL,CCA,CD	Utiliza técnicas de análise e síntese do contido: subliñados,	

<p>e estratexias de lectura comprensiva.</p>	<p>síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos. LGB2.1.2. Recoñece a intencionalidade do emisor a partir de elementos contextuais explícitos. LGB2.1.3. Reconstrúe o sentido global e compón o esquema xerarquizado das ideas. LGB2.1.4. Procura o léxico descoñecido en dicionarios, analiza a forma da palabra ou deduce o significado polo contexto. LGB2.1.5. Interpreta o significado de elementos non lingüísticos (símbolos, iconas, etc.). LGB2.1.6. Busca información para ampliar e completar o contido das mensaxes a través de distintos recursos: xornais, revistas, libros, enciclopedias, buscadores de internet. LGB2.1.7. Contrasta os contidos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura.</p>		<p>esquemas e resumos.</p> <p>Procura o léxico descoñecido en dicionarios, analiza a forma da palabra ou deduce o significado polo contexto.</p> <p>Busca información para ampliar e completar o contido das mensaxes a través de distintos recursos.</p> <p>Contrasta os contidos analizados cos coñecementos propios.</p>	
<p>B2.2. Comprender, interpretar e sintetizar textos da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil e normas e instrucións de uso.</p>	<p>LGB2.2.1. Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos propios da vida cotiá: mensaxes electrónicas ou de móbil, de correo electrónico, normas e instrucións de uso.</p>	<p>CCL,CSC</p>	<p>Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos propios da vida cotiá.</p>	
<p>B2.3. Comprender, interpretar e sintetizar escritos dos medios de comunicación, especialmente, os</p>	<p>LGB2.3.1. Comprende, interpreta e sintetiza escritos dos medios de comunicación,</p>	<p>CCL,CSC</p>	<p>Comprende, interpreta e sintetiza escritos dos medios de comunicación.</p>	

narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial.	especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial.			
B2.4. Comprender, interpretar e sintetizar escritos do ámbito académico do alumnado, especialmente, textos descritivos, narrativos e expositivos sobre as distintas materias curriculares: webs educativas, e información de dicionarios e enciclopedias en distintos soportes.	LGB2.4.1. Comprende, interpreta e sintetiza textos propios da vida académica: webs educativas, información de dicionarios, glosarios e enciclopedias en distintos soportes. LGB2.4.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe guiadas, con progresiva autonomía.	CCL,CAA,CD, CSC	Comprende, interpreta e sintetiza textos propios da vida académica. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe guiadas.	
B2.5. Utilizar de forma guiada as bibliotecas e as TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.	LGB2.5.1. Usa de forma guiada as bibliotecas e as TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.	CCL,CAA,CD	Usa de forma guiada as bibliotecas e as TIC.	
B2.6. Aposar unha actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexionar sobre os usos lingüísticos discriminatorios.	LGB2.6.1. Manifesta unha actitude crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexiona sobre os usos lingüísticos discriminatorios. LGB2.6.2. Identifica e evita o uso de expresións habituais que evidencian prexuízos de distinta natureza: relixiosos, raciais e sexistas.	CCL,CSC	Manifesta unha actitude crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexiona sobre os usos lingüísticos discriminatorios.	
B2.7. Ler en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa.	LGB2.7.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados e con respecto pola puntuación do texto. LGB2.7.2. Le en voz alta seguindo os patróns fonéticos do galego.	CCL,CD	Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados e con respecto pola puntuación do texto. Le en voz alta seguindo os patróns fonéticos do galego.	

	LGB2.7.3. Utiliza recursos das TIC para rexistrar a voz.			
B2.8. Planificar, producir e revisar o escrito co fin de producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente.	LGB2.8.1. Utiliza esquemas sinxelos e notas para ordenar as ideas e estruturar o contido do texto. LG2.8.2. Adecúa o texto ao rexistro coloquial ou formal segundo o requira a situación comunicativa. LGB2.8.3. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos esenciais para a cohesión das ideas: conectores textuais básicos, e concordancias dentro do sintagma nominal e dentro do sintagma verbal. LGB2.8.4. Puntúa o texto en relación coa organización oracional e a forma do texto (os parágrafos e a distribución e organización das ideas expresadas). LGB2.8.5. Revisa o texto con respecto ás normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.	CCL,CD	Utiliza esquemas sinxelos e notas para ordenar as ideas. Adecúa o texto ao rexistro coloquial ou formal segundo o requira a situación comunicativa. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos esenciais para a cohesión das ideas: conectores textuais básicos e concordancias. Puntúa o texto con corrección. Revisa o texto con respecto ás normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.	
B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos sinxelos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.	LGB2.9.1. Produce textos propios das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.	CCL,CD,CSC	Produce textos propios das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.	
B2.10. Producir, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato	LGB2.10.1. Produce, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato	CCL,CD,CSC	Produce, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación. Coñece a estrutura do xornal.	

papel ou dixital.	papel ou dixital. LGB2.10.2. Coñece a estrutura do xornal (seccións e xéneros) e os elementos paratextuais que acompañan as noticias.			
B2.11. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos propios da vida académica, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre as tarefas e aprendizaxes realizadas.	LGB2.11.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos descritivos, narrativos e expositivos propios da vida académica, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre tarefas e aprendizaxes realizadas.	CCL,CD	Produce, en formato papel ou dixital, textos descritivos, narrativos e expositivos propios da vida académica.	
B2.12. Producir textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.	LGB2.12.1. Produce textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.	CCL,	Produce textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas.	
B2.13. Usar, con progresiva autonomía, as TIC (procesadores de texto e correctores ortográficos) para planificar, revisar e mellorar a presentación dos escritos.	LGB2.13.1. Utiliza, con progresiva autonomía, as funcións básicas dun procesador de textos para organizar os contidos e mellorar a presentación. LGB2.13.2. Emprega os correctores ortográficos para resolver dúbidas e revisar a ortografía.	CCL,CD	Utiliza as funcións básicas dun procesador de textos para organizar os contidos e mellorar a presentación. Emprega correctores ortográficos.	
Neste curso de 1º ESO o profesorado e o alumnado disporá do seguinte libro de texto:

Lingua e literatura 1 ESO da editorial Anaya .

Ademais poderase facer entrega ao alumnado de material de apoio como fotocopias, fichas para a realización de exercicios prácticos, prensa escrita, fichas etc...

O recurso das novas tecnoloxías da información e comunicación (TIC) deberá ser un elemento activo máis

da aprendizaxe. A educación dixital desenvolverase tendo en conta os diferentes recursos que se ofrecen nas redes para traballar a materia, sendo empregados dun xeito progresivo e complementar, como apoio ao labor de aula.

Utilizaranse recursos audiovisuais ben a través de internet ou en distintos soportes (power-points, blogs etc---).

As obras de lectura propostas para este nivel achéganse no **ANEXO 1** da programación deste curso 1º ESO.

- **Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.**

Os criterios de avaliación e cualificación do alumnado de 1º ESO inclúense no ANEXO 2 da programación deste curso e estarán expostas nas aulas ao longo de todo o curso.

Polo que se refire á promoción do alumnado de 1ºESO o Departamento axustarase ao disposto na **LOMCE** ao respecto:

1. As decisións sobre a promoción do alumnado dun curso a outro, dentro da etapa, serán adoptadas de xeito colexiado polo conxunto de profesores e profesoras do alumno ou da alumna respectivo/a, atendendo ao logro dos obxectivos da etapa e ao grao de adquisición das competencias correspondentes.

A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe do alumno ou da alumna.

2. Os alumnos e as alumnas terán promoción de curso no caso de superaren todas as materias cursadas ou teren avaliación negativa en dúas materias como máximo, e repetirán curso cando teñan avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.

As materias coa mesma denominación en diferentes cursos da educación secundaria obrigatoria consideraranse como materias distintas.

Ao final de cada curso de educación secundaria obrigatoria entregaráselles ao pai, á nai ou aos/ás titores/as legais de cada alumno ou alumna un consello orientador, que incluírá unha proposta a pais, nais ou titores/as legais ou, de ser o caso, ao alumno ou á alumna do itinerario máis adecuado para seguir, así como a identificación, mediante informe motivado, do grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias correspondentes que xustifica a proposta. Se se considerar necesario, o consello orientador poderá incluír unha recomendación aos pais, ás nais ou aos/ás titores/as legais e, de ser o caso, ao alumno ou á alumna sobre a incorporación a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento, ou a un ciclo de formación profesional básica.

Os criterios de cualificación propostos para este nivel achéganse no **ANEXO 2** da programación deste curso 1º ESO.

Anexo 1 : Cadro de lecturas.

1º ESO

LISTA DE LECTURAS

1ª AVALIACIÓN

Lectura obrigatoria :

Denébola a roxa , Héctor Cajaraville, Baía edicións.

Lecturas voluntarias:

O misterio das badaladas, Xabier P.Docampo, edicións Xerais

Contos por palabras, Agustín Fernández Paz, edicións Xerais

2ª AVALIACIÓN:

Lectura obrigatoria :

Bala perdida, Manuel Rivas, editorial Obradoiro

Lecturas voluntarias:

Kafka e a boneca viaxeira, Jordi Sierra i Fabra, editorial Galaxia

Mamá, quero ser Ziggy Stardust, Iria Misa , edicións Xerais

3ª AVALIACIÓN

Lectura obrigatoria:

O segredo do lagarto Arnal, Andrea Maceiras

Lecturas voluntarias:

O neno can, Fina Casalderrey, Editorial Galaxia.

O misterio de Portomarín, Antía Yáñez, editorial Galaxia

Chamádeme Simbad, Francisco Castro, editorial Galaxia

Anexo 2: Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

CURSO 2021-2022

1ºESO

Na valoración do traballo realizado polo alumnado en cada avaliación, aplicarase a seguinte porcentaxe:

- **Avaliación de contidos e destrezas:** En cada trimestre aplicaranse os criterios de avaliación de cada bloque de contido en relación cos estándares de aprendizaxe implicados. Estableceranse as rúbricas correspondentes tendo en conta a materia a avaliar e o tipo de tarefas e actividades proposto.

Os mecanismos de avaliación consistirán en probas escritas, traballos, exposicións, presentacións etc....relacionadas coa materia. Suporán un **100%** da nota final, distribuída do seguinte xeito: 100

- Probas escritas-----50%
- Actividades relacionadas coa **Oralidade e co traballo de aula e expresión escrita** -----20%
- **Participación - actitude cara á materia**-----10%
- **Lectura** -----20%

a) Na aula: Adicaráse á lectura unha das catro sesións das que dispón a materia, neste caso poderá traballarse de diferentes xeitos, cun libro determinado que proporcionará o profesorado, a través de textos escollidos, artigos de prensa....Farase unha valoración do traballo realizado na aula, polo cal o alumno/-a recibirá unha cualificación dun máximo dun 10%

b) Libro obrigatorio. A lectura do libro será cualificada mediante unha proba oral ou escrita, e terá unha cualificación máxima dun 10%

Cando o alumno ou alumna non realice ou non supere as lecturas obrigatorias, terán un prazo indicado polo profes@r para repetilo oralmente, podendo acadar só un 0,5 en cada un deles.

Como lecturas voluntarias o alumnado poderá ler os libros que non escolla como lectura obrigatoria do trimestre. Do mesmo xeito permitiráselle ler outros títulos, despois de falar co profesor ou profesora que

Ile imparta clase, que será quen decida que o libro é axeitado para o alumno ou alumna. As lecturas faranse a partir dun exame oral ou escrito e dentro dun período determinado polo profesorado. Poderá lerse un libro por avaliación, valorado cunha puntuación de 0,5, que se poderá sumar sempre e cando o alumno ou alumna chegue ao 5.No caso de non poder ser sumada por non ter superada a avaliación, sumarase a nota no seguinte trimestre.

Durante o curso informarase ao alumnado das diferentes convocatorias de certames literarios, a participación en calquera deles, será valorada como se realizasen unha lectura voluntaria (0,5).

Neste curso 2021-2022 procurarase traballar tamén na clase con algunha obra ou fragmentos do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas.

Establécese unha **listaxe de faltas*** (engádense ao final destes criterios) ou erros que atinxen á ortografía (no caso da escrita) e tamén á morfoloxía e sintaxe. O desconto por faltas pode chegar ata un máximo dun 10% da nota coa que estea valorada cada unha das partes avaliáveis.

A nota final da convocatoria de xuño será a resultante da media das notas obtidas nas tres avaliacións.De non chegar ao 5,realizarase unha proba de recuperación final cos contidos que especifique o profesorado. De non conseguir aprobar na convocatoria de xuño, os alumnos e alumnas terán que presentarse á convocatoria extraordinaria de xuño.A proba será avaliada sobre 10 e incidirá nos contidos impartidos durante o curso,quedando excluídas preguntas sobre os libros de lectura, exposicións orais....

IMPORTANTE:

- **Para aprobar LINGUA GALEGA E LITERATURA de 1º ESO o alumnado deberá chegar a un 5 despois de sumar a puntuación conseguida en cada parte**

***LISTAXE DE ERROS ORTOGRÁFICOS:**

Así nas probas e actividades escritas as **faltas ortográficas** teranse en conta seguindo os seguintes criterios:

FALTAS MOI GRAVES

- Escribir en castelán.
- Non distinguir entre s/x, b/v, una/unha...
- Acento diacrítico.
- Usar formas compostas co verbo haber *he dito.

- Antepoñer o pronome átono nas oracións simples ou nas principais das compostas *o vin, *se nos dixo.
- Non respectar as normas que impoñen os signos ortográficos (uso de maiúsculas despois de punto, separación incorrecta de sílabas...).

FALTAS GRAVES

- Confundir o xénero de certos substantivos.
- Usar as formas do demostrativo popular *estos *esos.
- Non usar os posesivos co artigo diante *nosas cousas.
- Empregar o plural *quenes.
- Usar as formas apocopadas *primer, *primeir.
- Escribir os numerais *cuarenta *ochenta, *quinientos.
- Vacilar no uso dos cardinais *deceseis, *dazaseis.
- Deformación de formas dos indefinidos *alguién, *ninguíén.
- Apocopar a forma calquera *calquer, *calqueira.
- Usar algún/algunha nas frases negativas *non me produciu satisfacción algunha.
- Empregar indiscriminadamente os pronomes persoais te/che, lle, lles/o, os *xa te fixen o recado, *chameille por teléfono.
- Usar as formas do pronome suxeito como segundo termo da comparación *traballa máis ca eu.
- Conxugar con erros *anduen/andiven, *podría, *estuvo, *iba, *salgo, *traigo, *creer, *supen.
- Manter o grupo -zc- na 1ª persoa do presente de indicativo e no presente de subxuntivo *conduzco, *obedezco, *conduzca, *obedezca.
- Escribir a preposición a na perífrase IR + INFINITIVO * vou a ir ó cine.
- Empregar verbos da 2ª conxugación como pertencentes á 3ª *batir, *ocurrir.
- Castelanizar certos adverbios e preposicións *ahora, * hasta, *sin, *según.

FALTAS LEVES

- Acentuación.

Nota: As incorreccións catalogadas como moi graves suporán un -0.2 menos na porcentaxe de expresión.

As faltas graves suporán - 0.1 puntos menos. As faltas leves serán sancionadas con -0.05 cada unha.

Estes mesmos criterios teranse en conta en todas as probas que se realicen durante o curso, incluída a proba extraordinaria de setembro.

ERROS NA EXPRESIÓN ORAL:

Consideraranse faltas graves nas probas e actividades orais:

- utilización de tempos compostos,
- mala colocación dos pronomes átonos ,
- castelanismos léxicos e morfolóxicos,
- erros fonéticos graves como non pronunciar o n velar, etc...

Restarase 0.20 por cada falta grave.

NOTA: O alumnado poderá expresarse na variante dialectal da que proceda.

IMPORTANTE: Por tratarse dun curso atípico ante a situación sanitaria na que nos atopamos, consideramos que é necesario considerar a posibilidade de ter ensino non presencial, tanto por parte do alumnado como do profesorado, se se dese o caso de ter que pasar por un período de corentena. Así pois usarase a Aula virtual e as Tic para seguir o desenvolvemento das clases na medida do posible. Seguiranse os criterios establecidos no [Plan de continxencia](#) (punto 10) desta Programación Didáctica.

Anexo 3: Modelo de unidade para a programación de aula

UNIDADE 1: Das linguas do mundo ao alfabeto galego.					
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	CC	ACTIVIDADES
- Comentar textos seguindo unhas pautas dadas. - Entender o concepto de <i>plurilingüism</i> o e coñecer	- Lectura: texto narrativo. - As linguas do mundo. - Vocabulario relacionado	1. Ler un texto literario coa entoación adecuada e facer o seu comentario.	1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e coméntao seguindo uns criterios dados.	CMCT, CCL, CD, CSC, CAA	· Demostrar oralmente a comprensión do texto de Marilar Alexandre “A banda sen futuro”. Analizar os elementos da narración a partir do texto · Visitar a páxina http://www10.gencat.cat/casa_llengues na busca de respostas a cuestións formuladas previamente sobre
		2. Valorar a	2.1. Valora a	CCL,	

<p>algunhas linguas do mundo.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ampliar o vocabulario relacionado co cuarto e manexar o dicionario. - Coñecer a morfoloxía das palabras e como se clasifican segundo a súa estrutura. - Coñecer e utilizar correctamente o alfabeto galego. - Recoñecer un texto literario e identificar o xénero ao que pertence. - Crear unha carta a partir duns modelos. 	<p>co dormitorio.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Os dicionarios. - Morfoloxía das palabras e clases de palabras segundo a súa estrutura. - O alfabeto. - Os textos literarios. - Os textos segundo o seu ámbito de uso. Os textos persoais. 	riqueza das linguas.	riqueza das linguas.	CCEC, CSC	<p>monolingüismo e plurilingüismo, linguas en perigo de desaparición, lingua como sinal de identidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> · Poñer en común, oralmente, a información atopada na rede · Buscar no dicionario da RAG, cos ordenadores ABALAR, os significados das palabras da listaxe “pasa lista”. Elaborar un microrelato demostrando o uso axeitado das mesmas · Realizar un esquema relacionando os diferentes elementos en que poden descompoñerse as palabras (lexemas, morfemas e tipos de morfemas) Distinguir as distintas clases de palabras segundo a súa estrutura · Buscar no texto de Marilar Alexandre exemplos de cada clase, e descompoñelos, cando sexa posible, identificando con precisión cada elemento · Explicar oralmente a familia léxica, e exemplificar a partir dunha palabra simple · Elaborar por parellas textos propios en galego que conteñan exemplos das dez clases de palabras · Intercambiar este texto co doutra parella, e identificar no texto alleo exemplos de cada clase de palabra · Por grupos, buscar e visualizar na rede exemplos de textos literarios teatrais, narrativos e líricos. Explicar as peculiaridades de cada un deles. Presentar ao resto dos grupos un exemplo de cada, de forma dramatizada · Realizar un traballo cooperativo que consistirá en analizar diferentes textos segundo o ámbito de uso, facendo unha análise da súa estrutura, lingua usada, finalidade... · Identificar nestes textos grafías propias do alfabeto galego. Identificar dígrafos. Explicar diferenza entre grafía e dígrafo.
		3. Ampliar o vocabulario básico relacionado co cuarto e entender a importancia de usar o dicionario.	3.1. Utiliza en diversos contextos o vocabulario básico estudado e usa o dicionario.	CCL	
		4. Entender a estrutura da palabra e recoñecer as distintas clases.	4.1. Entende a estrutura da palabra e forma familias léxicas.	CCL	
			4.2. Recoñece as distintas clases de palabras.		
		5. Coñecer o alfabeto.	5.1. Coñece o alfabeto galego e identifica os dígrafos.	CCL, CCEC	
		6. Distinguir entre textos literarios e non literarios e identificar os xéneros	6.1. Diferencia textos literarios e textos non literarios.		
			6.2. Recoñece as peculiaridades dun texto literario dado e identifica o xénero ao que pertence.		
7. Diferenciar textos segundo o seu ámbito de uso.	7.1. Distingue diversos tipos de textos, segundo a situación en que se usen.	CCL, CSIEE, CAA			
	7.2. Escribe textos de carácter persoal.				

RÚBRICAS

EXCELENTE 4-3	BEN 3-2	REGULAR 2-1	PRECISA MELLORAR 1-0
É quen de explicar, distinguir e relacionar os conceptos lingüísticos estudados na unidade.	É quen de explicar, relacionar e distinguir os conceptos lingüísticos pero comete algún erro ao facelo.	É quen de explicar, relacionar e distinguir os conceptos lingüísticos pero comete moitos erros ao facelo.	Non é quen de explicar, relacionar e distinguir os conceptos lingüísticos
Coñece e identifica os lexemas e morfemas na palabra e diferencia os tipos de palabras segundo a súa estrutura.	Coñece e identifica na maioría dos casos os lexemas e morfemas na palabra e diferencia os tipos de palabras segundo a súa estrutura.	Coñece e identifica só algúns lexemas e morfemas na palabra e diferencia algúns tipos de palabras segundo a súa estrutura. lgunhas	Non coñece nin identifica os lexemas e morfemas na palabra nin diferencia os tipos de palabras segundo a súa estrutura.
Achega información axeitada nas exposicións propostas na clase e non ten erros na expresión oral en lingua galega , ben no léxico, na corrección gramatical e na fonética axeitada., mostrando un bo dominio da expresión oral en lingua galega , tanto polo léxico utilizado como pola corrección gramatical e a fonética axeitada.	Achega información axeitada nas exposicións propostas na clase pero ten erros na expresión oral en lingua galega , ben no léxico, na corrección gramatical e na fonética axeitada.	Achega pouca información nas exposicións propostas na clase e ten erros na expresión oral en lingua galega , ben no léxico, na corrección gramatical e na fonética axeitada.	Non achega información nin participa nas exposicións propostas na clase.
Axuda e colabora cos compañeir@s e presenta un traballo completo sobre os principais xéneros literarios , cunha expresión escrita correcta e acompañados de explicacións que demostren as peculiaridades de cada un deles.	Axuda e colabora cos compañeir@s e presenta un traballo incompleto sobre os principais xéneros literarios, cunha expresión escrita con algún erro.	Axuda e colabora cos compañeir@s pero presenta un traballo incompleto sobre os principais xéneros literarios, cunha expresión escrita con moitos erros.	Non axuda nin colabora cos compañeir@s e non presenta o traballo sobre os principais xéneros literarios ou se o presenta faino de xeito moi incompleto e con moitos erros de expresión e presentación.
Expor os traballos realizados, cumprindo as seguintes premisas: Boa dicción (0.15), vocabulario preciso e amplo (0.3), uso dun soporte dixital(0.25), uso das regras básicas da comunicación non verbal(0.2), expor dun xeito natural e espontáneo, sen ler memoristicamente(0.3), uso correcto das normas gramaticais (0.3)	Cumprimento de 4 dos puntos anteriores	Cumprimento de 2-3	Non cumprimento ou cumprimento de 1
AVALIACIÓN: NOTA OBTIDA : 4-			

4- 2º ESO - LINGUA GALEGA E LITERATURA.

- **Introdución e contextualización**

Esta materia de 2º de ESO conta con tres períodos semanais nos que se potenciará , ademais do estudo da nosa lingua, o correcto uso da mesma tanto na súa expresión escrita como oral.

Na materia Lingua Galega e Literatura de 2º de incidiremos no desenvolvemento das

competencias clave partindo dos descritores máis afíns á area apuntados tamén en dita introdución.

En canto á **contextualización** no noso centro hai cinco grupos de 2º de ESO, cunha media de 26 [alumn@s](#) . O alumnado de 2º ESO, como o do resto do centro, non ten como lingua habitual o galego , polo que tamén neste nivel prestarase unha especial atención á expresión oral da lingua.

Durante este curso 2021/2022 haberá dous grupos de alumnado exento de segunda lingua, que terán dúas sesións á semana de reforzo no ámbito lingüístico. Isto mellorará a competencia escrita e oral destes alumnos e alumnas.

- **Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.**

Na área de Lingua Galega e Literatura incidiremos no adestramento de todas as competencias de maneira sistemática, facendo fincapé nos descritores máis afíns á materia.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)

Desde a área de Lingua Galega e Literatura desenvólvense de forma xeral varios aspectos desta competencia, xa que as análises das estruturas morfolóxicas, sintácticas e textuais supoñen un adestramento do razoamento lóxico, a súa sistematización, a aplicación dun método rigoroso. Por outro lado, a variedade tipolóxica e temática dos textos pon en contacto a área coa relación do ser humano coa realidade, o mundo científico e o contorno ambiental.

Os descritores da competencia que se traballan en relación a esta competencia son:

- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

Comunicación lingüística (CCL)

A competencia en comunicación lingüística adéstrase de maneira explícita no propio ámbito curricular; por tanto, poderíamos incluír calquera dos descritores desta competencia-

Destacamos aqueles que favorecen a súa transversalidade:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao

interlocutor...

- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.

Competencia dixital (CD)

A área de Lingua Galega e Literatura debe contribuír ao adestramento da competencia dixital, tan relevante e necesaria no contexto actual. O uso das novas tecnoloxías supón un novo modo de comunicación cuxo ámbito haberá que adestrar de maneira sistemática. A produción de procesos comunicativos eficaces nos que se empregan os contidos propios da materia é un pilar esencial para o desenvolvemento da competencia dixital nos alumnos e alumnas.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada da información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Conciencia e expresións culturais (CCEC)

A expresión lingüística e o coñecemento cultural que se adquire a través da literatura facilitan desde a área o desenvolvemento desta competencia. A verbalización de emocións e sentimentos sobre as manifestacións literarias ou artísticas, as creacións propias, o coñecemento do acervo literario... fan desta área un cauce perfecto para adestrar a competencia.

Traballamos, por tanto, os seguintes descritores:

- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas (CSC)

Traballar con outros, descubrir as diferenzas e establecer normas para a convivencia favorece o desenvolvemento das competencias sociais e cívicas. Desde o uso da lingua para chegar a consensos,

establecer e cumprir regras de funcionamento ata o seguimento das normas de comunicación, pódese adestrar en Lingua Galega e Literatura esta competencia. Por outra parte, a contextualización da comunicación lingüística e literaria propias da área e a importancia da crítica textual fan fundamental o traballo desta competencia.

Para iso, adestraremos os seguintes descritores:

- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a intervención activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

O adestramento do sentido de iniciativa e espírito emprendedor é de vital importancia en calquera contexto educativo porque favorece a autonomía dos alumnos e o desenvolvemento de habilidades persoais para emprender accións innovadoras en contextos académicos que logo se poderán extrapolar a situacións vitais. No propio estudo da materia, os alumnos e as alumnas deben recoñecer os seus recursos e adquirir hábitos que lles permitan superar dificultades no traballo e na consecución de metas establecidas.

Os descritores que priorizaremos son:

- Optimizar os recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo, superando as dificultades.
- Dirimir a necesidade de axuda en función das dificultades da tarefa.
- Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

Aprender a aprender (CAA)

A competencia pódese desenvolver na área fomentando tarefas que permitan que o alumno ou a alumna se coñeza a si mesmo/-a como aprendiz para a mellora dos seus procesos de aprendizaxe. Neste sentido, Lingua Galega e Literatura préstase especialmente a iso, xa que é unha área que favorece os procesos metacognitivos e a adquisición de estratexias e estruturas de aprendizaxe extrapolables a outras áreas e

contextos.

Trabállanse os seguintes descritores de maneira prioritaria:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, funcións executivas...
- Xestionar os recursos e motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

- **Concreción dos obxectivos para o curso.**

Os obxectivos para a materia Lingua galega e literatura de 2º de ESO son:

1. Coñecer as características da linguaxe dos distintos medios de comunicación.
2. Analizar textos orais e escritos de medios de comunicación en formato dixital e en papel, para identificar ideas principais, comprender o contido e procesar a información mediante distintas ferramentas.
3. Distinguir ámbitos diferentes en textos orais, coñecer as súas características e os trazos que os diferencian.
4. Sintetizar e procesar información desde textos orais de distintos ámbitos.
5. Elaborar criterios para analizar criticamente o propósito comunicativo en textos orais diversos.
6. Elaborar argumentacións propias para expoñer o propósito comunicativo dos textos orais.
7. Recoñecer as connotacións en informacións implícitas nun texto oral.
8. Coñecer e aplicar as regras fonéticas e prosódicas que rexen a lingua galega.
9. Amosar coidado e interese por elaborar producións propias con corrección gramática, ortográfica e fonética.
10. Empregar o coñecemento da lingua e os contidos traballados para producir textos orais propios con coherencia, cohesión e corrección. Utilizar con corrección nexos textuais de espazo, oposición e contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.
11. Realizar exposicións orais sobre temas diversos seguindo unha estrutura ordenada e coherente, con soltura.
12. Coñecer e utilizar técnicas TIC que faciliten e axuden a mellorar as exposicións orais planificadas.
13. Elaborar opinións propias sobre temas diversos e expoñelas de maneira argumentada e ordenada en distintos contextos.

14. Participar de modo natural e por iniciativa propia en situacións de comunicación oral diversas: debates, corrección de exercicios, diálogos sobre temas, ... expoñendo e argumentando as ideas propias.
15. Coñecer e aplicar técnicas de comunicación oral nas exposicións ou en situacións diversas falando en público, coidando a postura, a modulación da voz, a estrutura do discurso, os medios empregados, etc.
16. Desenvolver estratexias para comprender mensaxes orais e escritas en situacións onde hai dificultades de comprensión.
17. Utilizar recursos dixitais e libros de texto para resolver dúbidas sobre vocabulario ou estruturas lingüísticas necesarias para producir con corrección na lingua galega.
18. Empregar os coñecementos da lingua para comprender e producir textos propios no contexto social no que nos desenvolvemos: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.
19. Coñecer os elementos fundamentais dos textos instrutivos e expositivos en contexto educativo: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias. Utilizar ese coñecemento para comprender a mensaxe e utilizar as fontes de información con rigor.
20. Identificar e analizar as distintas fontes de información que son base esencial no proceso de adquisición de coñecementos.
21. Realizar lectura comprensiva de textos diversos: identificar ideas principais e secundarias, sintetizar e representar a información, elaborar argumentacións propias sobre o contido, relacionar o texto con experiencias ou outros coñecementos previos.
22. Realizar unha lectura en voz alta co dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función.
23. Empregar estratexias metacognitivas para identificar canto e como aprendemos.
24. Coñecer os elementos esenciais e os tipos de noticias que aparecen nos medios de comunicación.
25. Elaborar noticias a partir dun modelo con coñecementos adquiridos.
26. Producir en formato papel ou dixital textos de distinta tipoloxía: cuestionarios, resumos, descrición, narracións e explicacións.
27. Producir textos escritos con un compoñente de goce persoal para comunicar experiencias, ideas e pensamentos.
28. Enriquecer con cada temática o léxico, vocabulario e frases da linguaxe habitual en lingua galega.
29. Empregar con soltura e precisión dicionarios e fontes de consulta para comprender textos, enriquecer o vocabulario e contrastar a fiabilidade das fontes empregadas.
30. Coñecer, empregar as normas que regulan os textos orais e escritos de diversos tipos.
31. Comprender que o uso de normas ortográficas e morfoloxías é necesario para o desenvolvemento da lingua.
32. Coñecer as normas de uso dos signos de puntuación e utilízalos en textos escritos con corrección.

33. Comprender a estrutura de substantivos e verbos para mellorar as habilidades de comprensión e produción lingüísticas.
34. Coñecer os elementos dunha oración desde o punto de vista sintáctico. Empregar este coñecemento para elaborar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto.
35. Realizar autoavaliacións sobre o traballo de maneira realista co obxectivo de mellorar a aprendizaxe.
36. Enriquecer a competencia lingüística co uso das distintas linguas en distintos contextos educativos.
37. Recoñecer a riqueza na diversidade cultural a través das linguas propias de cada pobo.
38. Reflexionar sobre a situación sociolingüística galega desde unha perspectiva social, histórica e xeográfica.
39. Coñecer a historia e as razóns das iniciativas normalizadoras da lingua galegas e describir a situación legal das linguas do Estado español.
40. Identificar e clasificar as variantes diafásicas do galego, recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega e valorala como variante unificadora, así como apreciar a variante diatópica propia.
41. Ler expresiva e comprensivamente en público textos diversos.
42. Coñecer as características de textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, e comparalos sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.
43. Coñecer, identificar e interpretar recursos retóricos nos textos literarios.
44. Escribir de maneira autónoma textos de intención estética aplicando os coñecementos dos recursos literarios traballados.
45. Distinguir os trazos da linguaxe cinematográfica, identificalos e analizalos en diferentes obras de cine.

- Organización dos contidos curriculares, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, indicadores de consecución, actividades e temporalización.

Ao inicio do curso comprobaranse os coñecementos previos do alumnado de cada grupo mediante unha avaliación inicial, cuxos resultados só se terán en conta a efectos de adecuar o nivel de partida do proceso de ensino-aprendizaxe á realidade de cada grupo e, en consecuencia, non afectará ás cualificacións do alumnado.

Tamén se empregarán os informes individualizados do curso anterior para obter unha valiosa información sobre a situación de cada alumno/a.

Realizaranse actividades encamiñadas a obter unha **avaliación inicial**. O profesorado de Lingua Galega e Literatura utilizará fichas, exercicios , exposicións orais e escritas a través das que coñecerán o nivel dos alumnos, no primeiro mes de clase, en aspectos como: lectura, comprensión, capacidade de síntese,

ortografía, presentación dos escritos, conceptos, procedementos, grao de comprensión das competencias clave, actitudes, capacidade de abstracción, coidado do material (verase se o alumno o leva a clase, se o coida, etc.).

Co alumnado con resultados negativos, na avaliación inicial realizarase un especial seguimento atendendo a se realiza os exercicios, se participa de forma habitual nas actividades propostas polo profesorado, se colabora no traballo cooperativo que se desenvolva na aula e se progresa e mellora os resultados obtidos na avaliación inicial.

• Criterios de avaliación para os estándares de aprendizaxe. Competencias clave coas que se relaciona. Indicadores de consecución (mínimos esixibles).

	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C_clave	Mínimos esixibles
	<ul style="list-style-type: none"> B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos medios de comunicación (crónicas, reportaxes e documentais) e elaborar esquemas e resumos. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.1.1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa de textos orais de carácter informativo propios dos medios de comunicación audiovisual (reportaxes, crónicas e documentais). 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	<ul style="list-style-type: none"> -Comprende textos orais de carácter informativo. -Traslada a información relevante ou a idea xeral de textos informativos a resumos.
		<ul style="list-style-type: none"> LGB1.1.2. Traslada a información relevante de discursos orais dos medios de comunicación audiovisual a esquemas ou resumos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	
	<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos ámbitos social e educativo. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os feitos e datos relevantes en textos orais do ámbito social e educativo. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	<ul style="list-style-type: none"> - Recoñece os datos máis relevantes en textos orais do ámbito social e académico.
		<ul style="list-style-type: none"> LGB1.2.2. Comprende e segue as instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA 	<ul style="list-style-type: none"> -Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.
	<ul style="list-style-type: none"> B1.3. Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.3.1. Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria). 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCL 	<ul style="list-style-type: none"> -Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral. -Recoñece a importancia dos
		<ul style="list-style-type: none"> LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado dos trazos 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC CSIE 	<ul style="list-style-type: none"> aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume).

	máis característicos da linguaxe non verbal.		
<ul style="list-style-type: none"> B1.4. Identificar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e interpretar as connotacións e mensaxes discriminatorias implícitas. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.4.1. Diferencia as ideas principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa de programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	<ul style="list-style-type: none"> -Identifica a intención comunicativa, as ideas principais de programas informativos.
	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> -Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación .
	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.4.3. Reflexiona sobre as mensaxes e rexeita usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminacións. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CAA 	<ul style="list-style-type: none"> -Identifica e rexeita os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións.
<ul style="list-style-type: none"> B1.5. Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.5.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia e prosodia correcta, recoñece os erros nas producións orais propias e alleas e propón solucións para melloralas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	<ul style="list-style-type: none"> -Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta.
	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.5.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia galega. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA 	<ul style="list-style-type: none"> -Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega.
	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.5.3. Asume, se a posúe, a variante dialectal propia e utilízaa na súa práctica habitual. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCEC 	
<ul style="list-style-type: none"> B1.6. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.6.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC 	<ul style="list-style-type: none"> -Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e aplica a cohesión e coherencia nas súas intervencións.
	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.6.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo). 	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	<ul style="list-style-type: none"> -Respecta as regras morfosintácticas da nosa lingua e emprega un léxico e unha fraseloxía adecuada.

	<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.6.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada). 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	
	<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.6.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	
<ul style="list-style-type: none"> • B1.7. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, técnicas e estratexias para realizar exposicións orais planificadas. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.7.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións. 	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CAA • CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> - Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes.
	<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.7.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente. 	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CCL • CSC 	<ul style="list-style-type: none"> -Emprega as TIC.
<ul style="list-style-type: none"> • B1.8. Participar activamente en situación propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo con respecto ás regras de interacción e ás opinións alleas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC 	<ul style="list-style-type: none"> -Intervén en debates e coloquios do ámbito académico, respectando as regras de interacción.
	<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC 	
	<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.8.3. Expresa e compara con compañeiras/os a súa opinión sobre unha obra de lectura. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA 	
<ul style="list-style-type: none"> • B1.9. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.9.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves. 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA 	<ul style="list-style-type: none"> -Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.
	<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.9.2. Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC • CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> -Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal ás súas producións orais.
	<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.9.3. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal nas prácticas orais da lingua. 	<ul style="list-style-type: none"> • CLL • CSC 	<ul style="list-style-type: none"> - Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e
	<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.9.4. Adecúa a súa pronuncia á finalidade 	<ul style="list-style-type: none"> • CLL • CAA 	<ul style="list-style-type: none"> allos e trata, progresivamente, de

	da práctica oral.		evitalos.
	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.9.5. Recoñece a avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CCL 	
<ul style="list-style-type: none"> B1.10. Producir discursos breves e comprensibles, nun rexistro neutro, informal ou máis culto, sobre temas da vida cotiá ou educativa. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.10.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC CSIEE CCEC 	<p>-Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión.</p> <p>-Desenvólvese correctamente en</p>
	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.10.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE 	<p>situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.</p>
	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.10.3. Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortésia axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC 	
	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.10.4. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	
<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.1.1. Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas que estruturan visualmente as-ideas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	<p>Utiliza técnicas de análise e síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos.</p> <p>Identifica o tema e as ideas principais e secundarias dun texto.</p>
	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.1.2. Busca o significado do léxico descoñecido a partir do contexto, analiza a forma das palabras ou usa dicionarios para contextualizar as acepcións. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	<p>Procura o léxico descoñecido en dicionarios, analiza a forma da palabra ou deduce o significado polo contexto.</p>
	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.1.3. Identifica a idea principal e as secundarias e comprende a relación existente entre elas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	<p>Busca información para ampliar e completar o contido das mensaxes a través de distintos recursos.</p>
	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.1.4. Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	
	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.1.5. Compila información para comprender e ampliar o 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	<p>Contrasta os contidos</p>

	<p>coñecemento das mensaxes: busca bibliografía; consulta libros, revistas, xornais; utiliza recursos audiovisuais e buscadores de internet.</p>		<p>analizados cos coñecementos propios.</p>
	<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.1.6. Contrasta os contidos dos textos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA 	
<ul style="list-style-type: none"> • B2.2. Comprender e interpretar textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.2.1. Comprende e interpreta a información máis relevante de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC 	<p>Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos propios da vida cotiá.</p>
	<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.2.2. Comprende instrucións escritas de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situacións da vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC 	
	<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.2.3. Comprende e interpreta normas de convivencia, regras de xogos, correspondencia escolar. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC 	
<ul style="list-style-type: none"> • B2.3. Comprender e interpretar, en formato papel ou dixital, textos propios dos medios de comunicación (noticias). 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.3.1. Comprende e interpreta textos propios dos medios de comunicación (noticias). 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC 	<p>Comprende, interpreta e sintetiza escritos dos medios de comunicación.</p>
	<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.3.2. Localiza a información destacada de textos propios dos medios de comunicación: portadas e titulares. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	
<ul style="list-style-type: none"> • B2.4. Comprender e interpretar en formato papel ou dixital, textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.4.1. Comprende e interpreta textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CAA 	<p>Comprende, interpreta e sintetiza textos propios da vida académica. Interpreta textos nos que se expican conceptos das materias curriculares..</p>
	<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.4.2. Identifica as características específicas de todo tipo de textos nos que se expoñan feitos e se expliquen ideas e conceptos das distintas materias curriculares. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	
<ul style="list-style-type: none"> • B2.5. Seleccionar a información que se obtén nas bibliotecas, nas TIC e outras fontes e integrar os 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.5.1. Utiliza, de forma progresivamente autónoma, diversas fontes de información e 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCA 	<p>Usa as bibliotecas e as TIC e selecciona a información obtida e</p>

coñecementos adquiridos non proceso de aprendizaxe continua.	integra os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais e escritos.		aproveita os coñecementos adquiridos.
	<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.5.2. Coñece e utiliza habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CAA 	
	<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.5.3. Coñece o funcionamento das bibliotecas, así como as bibliotecas dixitais e é quen de solicitar libros e vídeos de xeito autónomo. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CAA 	
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.6.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo). 	- Debates sobre temas relacionados coa materia nos que se valorará a corrección na expresión oral.
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.6.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada). 	-Exposicións orais nas que se valorará a fraseoloxía.
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.6.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado. 	-Exposicións orais nas que se valorará o léxico.
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.7.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións. 	-Exposicións e debates sobre o uso de linguaxe discriminatoria e temas relacionados co racismo, machismo etc...
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.7.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente. 	-Exposición con presentación informática.
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo con respecto ás regras de interacción e ás opinións alleas. 	- Debates sobre temas educativos.
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios. 	- Debates sobre temas diversos.
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.8.3. Expresa e compara con compañeiras/os a súa opinión sobre unha obra de lectura. 	-Traballos cooperativos de valoración de obras.
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.9.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves. 	-Visualización do material, -Recollida de actividades de clase consistentes na elaboración de guións.
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.9.2. Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e dirixese ao auditorio con autoconfianza e seguridade. 	-Exposicións orais nas que se valorará a expresión non verbal.
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.9.3. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal nas prácticas orais da lingua. 	--Exposicións orais nas que se valorará o léxico.
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.9.4. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da práctica oral. 	-Autoavaliación.
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.9.5. Reconece a avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos. 	-Probas orais.
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.10.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas. 	-Probas orais.
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.10.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo. 	-Recollida de exercicios .

<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.10.3. Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa. 	-Autocorrección de actividades.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.10.4. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos. 	-Corrección de actividades por parte da profesora.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.1.1. Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas que estruturan visualmente as-ideas. 	Corrección de actividades por parte da profesora. -Autocorrección. -Probas escritas.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.1.2. Busca o significado do léxico descoñecido a partir do contexto, analiza a forma das palabras ou usa dicionarios para contextualizar as acepcións. 	-Corrección de actividades por parte da profesora. -Probas escritas.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.1.3. Identifica a idea principal e as secundarias e comprende a relación existente entre elas. 	-Corrección de actividades por parte da profesora. -Probas escritas.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.1.4. Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto. 	-Análise de textos escritos..
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.1.5. Compila información para comprender e ampliar o coñecemento das mensaxes: busca bibliografía; consulta libros, revistas, xornais; utiliza recursos audiovisuais e buscadores de internet. 	-Visualización do material (libreta) no que se atopen actividades relacionadas coas redes sociais, revistas, xornais, páxinas web etc...
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.1.6. Contrasta os contidos dos textos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura. 	-Autocorrección.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.2.1. Comprende e interpreta a información máis relevante de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes. 	-Análise de textos da vida cotiá.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.2.2. Comprende instrucións escritas de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situacións da vida cotiá. 	-Valoración da interpretación de instrucións
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.2.3. Comprende e interpreta normas de convivencia, regras de xogos, correspondencia escolar. 	-Traballo en equipo.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.3.1. Comprende e interpreta textos propios dos medios de comunicación (noticias). 	-Traballo en equipo de análise de noticias.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.3.2. Localiza a información destacada de textos propios dos medios de comunicación: portadas e titulares. 	--Traballo en equipo de análise de textos dos medios de comunicación.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.4.1. Comprende e interpreta textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias. 	-Corrección de actividades do libro de texto relacionadas cos textos instrutivos e expositivos.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.4.2. Identifica as características específicas de todo tipo de textos nos que se expoñan feitos e se expliquen ideas e conceptos das distintas materias curriculares. 	-Probas de lectura escritas nas que analicen textos.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.5.1. Utiliza, de forma progresivamente autónoma, diversas fontes de información e integra os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais e escritos. 	-Traballo de busca de información.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.5.2. Coñece e utiliza habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital. 	-Traballos de manexo de dicionarios.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.5.3. Coñece o funcionamento das bibliotecas, así como as bibliotecas dixitais e é quen de solicitar libros e vídeos de xeito autónomo. 	-Traballo de busca de información.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.6.1. Detecta mensaxes que transmiten prexuízos e evita usos lingüísticos discriminatorios. 	--Exposicións orais e traballo en equipo no que o propio alumnado avaliará a súa actividade e a d@s compañeir@s
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.6.2. Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto. 	-Debates sobre temas diversos.

<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.6.3. Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto. 	-Valoración do significado dun texto.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.6.4. Respecta as opinións dos demais. 	- Debates sobre temas diversos.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.7.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados (interpreta os signos de puntuación) á situación comunicativa e á función da mensaxe. 	--Valoración de actividades de lectura.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.7.2. Usa recursos audiovisuais para rexistrar a voz. 	-Valoración de exposicións orais.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.8.1. Elabora esquemas sinxelos para ordenar as ideas e estruturar o texto. 	-Visualización do material (libreta) no que se atopen esquemas.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.8.2. Adecúa as súas producións ao rexistro formal e educativo. 	-Valoración nas probas, comentarios e traballos do uso do rexistro adecuado.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.8.3. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos de cohesión interna do texto (a deíxe, as referencias internas de tipo léxico e os conectores). 	-Valoración nas probas, comentarios e traballos do uso de elementos de cohesión.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.8.4. Usa os signos de puntuación do texto en relación coa organización oracional e coa forma do texto (os parágrafos e a distribución e ordenación das ideas expresadas) 	-Valoración nas probas, comentarios e traballos do uso dos signos de puntuación.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.8.5. Revisa e reescribe o texto con respecto polas regras ortográficas e morfolóxicas. 	-Autocorrección.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.8.6. Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos e correctores. 	-Traballos de investigación.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.8.7. Complementa as producións con elementos textuais e paratextuais: ilustracións e gráficos. 	-Valoración da presentación de traballos de clase.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.9.1. Produce textos propios da vida cotiá e das relacións persoais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros. 	-Corrección de actividades por parte da profesora. -Probas escritas.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.10.1. Produce, en soporte impreso ou dixital, textos propios dos medios de comunicación a partir dun modelo (noticias). 	-Corrección de actividades por parte da profesora.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.11.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descricións e explicacións sobre contidos das materias curriculares. 	-Corrección de actividades por parte da profesora.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.12.1. Produce, en formato papel ou dixital, escritos de distinta tipoloxía a partir dun modelo, fundamentalmente, narrativos e descritivos. 	-Corrección de actividades por parte da profesora.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.12.2. Sintetiza e resume narracións e descricións sen parafrasear o texto resumido. 	-Corrección de actividades por parte da profesora.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.13.1. Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos, e correctores para textualizar e revisar e mellorar os escritos. 	-Traballo en equipo no que o propio alumnado avaliará a súa actividade e a d@s compañeir@s.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.14.1. Describe os valores da escritura como instrumento de comunicación social fundamental para comunicar experiencias e para adquirir e transmitir coñecementos. 	-Traballo en equipo no que o propio alumnado avaliará a súa actividade e a d@s compañeir@s.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación comunicativa. 	-Observación e valoración de actividades diarias.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.2.1. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega. 	-Corrección de actividades por parte da profesora. -Probas escritas.

<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.3.1. Obtén, de xeito autónomo, información lingüística de todo tipo en dicionarios, en diferentes soportes, e noutras obras de consulta. 	-Corrección de actividades por parte da profesora.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.4.1. Completa, transforma e valora textos orais ou escritos de maneira adecuada e correcta atendendo ás normas. 	-Corrección de actividades por parte da profesora.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.5.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. 	-Autocorrección.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.5.2. Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos. 	-Autocorrección.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.6.1. Analiza e usa correctamente a puntuación para a cohesión textual. 	-Autocorrección.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.7.1. Coñece e utiliza adecuadamente substantivos e formas verbais na comprensión e produción de textos orais e escritos. 	-Corrección de actividades por parte da profesora. -Probas escritas.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.7.2. Exprésase, con estilo propio, utilizando os recursos da lingua con flexibilidade e creatividade. 	-Autocorrección.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.8.1. Identifica e usa distintos tipos de conectores de espazo, oposición, contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna que lle proporcionan cohesión a un texto. 	-Corrección de actividades por parte da profesora. -Probas escritas.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.8.2. Utiliza os elementos lingüísticos para a cohesión interna. 	-Observación e valoración de actividades diarias.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.9.1. Completa, transforma e elabora enunciados de maneira axeitada e correcta atendendo aos compoñentes sintácticos. 	-Autocorrección.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.10.1. Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación, propondo solucións para a súa mellora. 	-Autocorrección.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.11.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. 	-Traballo en equipo no que o propio alumnado avaliará a súa actividade e a d@s compañeir@s.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.12.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras. 	-Autocorrección.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.1.1. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso en diferentes contextos. 	-Participación en debates sobre a función identitaria da lingua.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.1.2. Distingue entre linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas e aplica estes conceptos ao caso galego. 	-Corrección de actividades por parte da profesora.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.1.3. Coñece as linguas que se falan en España e valora a súa existencia como un elemento de riqueza cultural. 	-Corrección de actividades por parte da profesora.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.1.4. Coñece as linguas que se falan na actualidade en Galicia por mor da emigración. 	-Traballos de investigación.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.1.5. Valora a importancia da relación de Galicia coa comunidade lusófona e coñece os territorios que a integran. 	-Traballo de investigación sobre a lusofonía.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.1.6. Coñece recursos en rede de lecer (literatura de tradición oral, música e xogos) e educativos en lingua 	-Traballo en equipo no que o propio alumnado avaliará a súa actividade e a d@s compañeir@s.

galega adaptados á súa idade e compáraos con outros similares da lusofonía.	
<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.2.1. Describe a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo do seu contorno (concello e comarca), compáraa coa situación doutros contextos e analiza as diferenzas. 	-Traballo en equipo no que o propio alumnado avaliará a súa actividade e a d@s compañeir@s.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.2.2. Coñece e valora os topónimos galegos. 	-Traballos de investigación.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.3.1. Coñece as principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo. 	- Participación en debates sobre a normalización no ámbito educativo.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.3.2. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega. 	- Participación en debates sobre a práctica lingüística do alumnado.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.4.1. Coñece a lexislación que regula a utilización do galego e a súa promoción no ámbito educativo e local. 	-Corrección de actividades por parte da profesora.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.5.1. Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter estético e socioeconómico cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno. 	- Participación en debates sobre os prexuízos lingüísticos.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.6.1. Identifica e clasifica as variantes diafásicas do galego. 	-Corrección de actividades por parte da profesora.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.6.2. Analiza a súa práctica lingüística e identifica nela os trazos propios da xerga estudantil. 	-Corrección de actividades por parte da profesora.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.6.3. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega e valóraa como variante unificadora. 	-Observación e valoración de actividades diarias.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.6.4. Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona. 	-Traballo en equipo no que o propio alumnado avaliará a súa actividade e a d@s compañeir@s.
<ul style="list-style-type: none"> • LGLB5.1.1. Le con regularidade obras literarias e desenvolve criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade e relaciona o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos. 	-Observación e valoración de actividades diarias.
<ul style="list-style-type: none"> • LGLB5.1.2. Describe o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe nos textos literarios. 	-Observación e valoración de actividades diarias.
<ul style="list-style-type: none"> • LGLB5.2.1. Le expresiva e comprensivamente e fai audicións de poemas recitados ou cantados, determina o tema principal, a estrutura xeral e pon de relevo os principais recursos estilísticos. 	-Corrección de actividades de lectura de e de comprensión da mesma.
<ul style="list-style-type: none"> • LGLB5.3.1. Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localiza e describe os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais. 	-Corrección de actividades de lectura de e de comprensión da mesma.
<ul style="list-style-type: none"> • LGLB5.4.1. Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e recoñece os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros. 	-Corrección de actividades de lectura de e de comprensión da mesma.
<ul style="list-style-type: none"> • LGLB5.5.1. Compara textos pertencentes aos diferentes xéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais. 	-Corrección de actividades por parte da profesora.
<ul style="list-style-type: none"> • LGLB5.5.2. Compara textos pertencentes ao mesmo xénero pero a diferentes subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais. 	-Corrección de actividades por parte da profesora.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB.5.6.1. Analiza textos literarios, de maneira guiada, identifica os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos. 	-Corrección de actividades de análise de textos.
<ul style="list-style-type: none"> • LGLB5.7.1. Escribe textos de intención estética servíndose 	-Corrección de actividades de produción de textos.

dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.	
<ul style="list-style-type: none"> • LGLB5.8.1. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica. 	-Corrección de actividades por parte da profesora.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB5.8.2. Identifica e describe os principais trazos da linguaxe cinematográfica nunha ou varias secuencias fílmicas. 	-Corrección de actividades por parte da profesora.
<ul style="list-style-type: none"> • LGLB5.9.1. Sérvese, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes. 	-Traballo en equipo no que o propio alumnado avaliará a súa actividade e a d@s compañeir@s.

- **Concrecións metodolóxicas que require a materia.**

O marco lexislativo no que se insire este nivel educativo neste curso 2021-2022, LOMCE, supón traballar de maneira competencial na aula o que leva consigo un cambio metodolóxico importante; o ensinante pasa a ser un xestor de coñecemento e o alumnado adquire un maior grao de protagonismo.

A área de Lingua Galega e Literatura é unha materia das denominadas instrumentais, polo que no traballo de aula o docente manexa dous obxectivos fundamentais: a consecución de obxectivos curriculares a través dos contidos do currículo e o desenvolvemento de habilidades que favorezan a aprendizaxe dos alumnos noutras áreas.

Neste proceso é necesario **o adestramento individual e o traballo reflexivo** de procedementos básicos da materia: a comprensión oral e lectora, a expresión oral e escrita e a argumentación que son, obviamente, extrapolables a outras áreas e contextos de aprendizaxe.

Nalgúns aspectos da área, fundamentalmente naquelas que perseguen as habilidades de comunicación entre iguais e o desenvolvemento da expresión e comprensión oral, o **traballo en grupo colaborativo** achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha plataforma inmellorable para adestrar a competencia comunicativa.

Na área de Lingua Galega e Literatura é indispensable a **vinculación a contextos reais** e a aplicación dos conceptos máis abstractos para mellorar o desenvolvemento lingüístico do alumno. Para iso, as tarefas competenciais propostas facilitarán este aspecto e permitirán a contextualización de aprendizaxes en situacións cotiás e próximas ao alumnado.

Ademais incidirase metodoloxicamente nos seguintes aspectos:

-Impulsarase a busca de todo tipo de información, a súa interpretación e reutilización para a elaboración de textos propios.

-Potenciarase a utilización de formatos dixitais na realización de tarefas e na presentación de traballos.

-Realizarase a lectura de obras enteiras e fragmentos literarios tanto de xeito individual como colectivo.

-Promoverase a utilización da diversidade de fontes e recursos para a obtención da información. A busca guiada desta tanto na biblioteca coma na internet ou noutros medios, así como a composición de textos utilizando distintos soportes.

-Crearase dinámicas que impliquen o alumnado e o leven á participación na planificación e avaliación das súas actividades.

-Ofreceranse actividades abertas que impliquen a busca, selección e tratamento da información, a posibilidade de tomar decisións e emitir opinións sobre diferentes cuestións de forma crítica.

- Estimularase a autoanálise de cada alumno/a e do seu contorno máis inmediato nos seus comportamentos sociolingüísticos, en comparación cos comportamentos xerais do país, a través de múltiples tarefas encamiñadas a conseguir dito obxectivo.

f) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.

Neste curso de 2º ESO o profesorado e o alumnado disporá do seguinte libro de texto:

Lingua e literatura 2 ESO da editorial Anaya .

Ademais poderase facer entrega ao alumnado de material de apoio como fotocopias, fichas para a realización de exercicios prácticos, prensa escrita, fichas etc...

O recurso das novas tecnoloxías da información e comunicación (TIC) deberá ser un elemento activo máis da aprendizaxe. A educación dixital desenvolverase tendo en conta os diferentes recursos que se ofrecen nas redes para traballar a materia, sendo empregados dun xeito progresivo e complementar, como apoio ao labor de aula.

Utilizaranse recursos audiovisuais ben a traves de internet ou en distintos soportes (power-points, blogs etc---).

As obras de lectura propostas para este nivel achéganse no **ANEXO 1** da programación deste curso 2º ESO.

- **Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.**

Os criterios de avaliación e cualificación do alumnado de 2º ESO inclúense no ANEXO 2 da programación deste curso e estarán expostas nas aulas ao longo de todo o curso.

Polo que se refire á promoción do alumnado de 2ºESO o Departamento axustarase ao disposto na **LOMCE** ao respecto:

1. As decisións sobre a promoción do alumnado dun curso a outro, dentro da etapa, serán adoptadas de

xeito colexiado polo conxunto de profesores e profesoras do alumno ou da alumna respectivo/a, atendendo ao logro dos obxectivos da etapa e ao grao de adquisición das competencias correspondentes.

A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe do alumno ou da alumna.

2. Os alumnos e as alumnas terán promoción de curso no caso de superaren todas as materias cursadas ou teren avaliación negativa en dúas materias como máximo, e repetirán curso cando teñan avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.

As materias coa mesma denominación en diferentes cursos da educación secundaria obrigatoria consideráranse como materias distintas.

Ao final de cada curso de educación secundaria obrigatoria entregaráselles ao pai, á nai ou aos/ás titores/as legais de cada alumno ou alumna un consello orientador, que incluírá unha proposta a pais, nais ou titores/as legais ou, de ser o caso, ao alumno ou á alumna do itinerario máis adecuado para seguir, así como a identificación, mediante informe motivado, do grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias correspondentes que xustifica a proposta. Se se considerar necesario, o consello orientador poderá incluír unha recomendación aos pais, ás nais ou aos/ás titores/as legais e, de ser o caso, ao alumno ou á alumna sobre a incorporación a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento, ou a un ciclo de formación profesional básica.

Os criterios de cualificación propostos para este nivel achéganse no **ANEXO 2** da programación deste curso 2º ESO.

Anexo 1 : Cadro de lecturas.

1ª AVALIACIÓN .

Lectura Obrigatoria:

A caixiña dos rancores, Héctor Cajaraville, Ed.Xerais

Lecturas voluntarias:

O pazo baleiro, *Xabier P. Docampo*, Ed.Xerais

Smara, *Paula Carballeira*, editorial Kalandraka

2ª AVALIACIÓN.

Lectura Obrigatoria:

Unha estrela no vento, Leticia Costas, Ed. Xerais

Lecturas voluntarias:

48 horas, Cándido Paniagua Pousa, Ed.Xerais

Cando petan na porta pola noite, Xabier P. Docampo, Ed.Xerais

3ª AVALIACIÓN .

Lectura Obrigatoria:

Cartas de inverno, Agustín Fernández Paz, Ed. Xerais

Lecturas voluntarias:

A balada dos unicornios, Leticia Costas, Ed.Xerais

O Chispas, Manuel Rivas, Ed.Xerais

Como lectura voluntaria o alumnado poderá escoller a partir das opcións que se ofrecen en cada trimestre ou outras que o alumno/-a e profesor/-a consideren.

Durante o curso informarase ao alumnado das diferentes convocatorias de certames literarios, a participación en calquera deles, será valorada como se realizasen unha lectura voluntaria (0,5).

Neste curso 2021-2022 procurarase traballar tamén na clase con algunha obra ou fragmento da figura homenaxeada para o Día das Letras Galegas, que debido á chegada da pandemia aínda se descoñece.

Anexo 2: Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

CURSO 2021-2022

2ºESO

Na valoración do traballo realizado polo alumnado en cada avaliación, aplicarase a seguinte porcentaxe:

- **Avaliación de contidos e destrezas:** En cada trimestre aplicaranse os criterios de avaliación de cada bloque de contido en relación cos estándares de aprendizaxe implicados. Estableceranse as rúbricas

correspondentes tendo en conta a materia a avaliar e o tipo de tarefas e actividades proposto.

Os mecanismos de avaliación consistirán en probas escritas, traballos, exposicións, presentacións etc....relacionadas coa materia. Suporán un **100%** da nota final, distribuída do seguinte xeito:

- Probas escritas-----**60%**
- Actividades relacionadas coa **expresión e comprensión oral**-----**15%**
- **Traballo de aula-expresión escrita -Comprensión escrita- actitude cara á materia**----**15%**
- **Lectura** ----- **10%**

- Libro obrigatorio. A lectura do libro será cualificada mediante unha proba oral ou escrita, e terá unha cualificación máxima dun 10%

Cando o alumno ou alumna non realice ou non supere a lectura obrigatoria, terán un prazo indicado polo profes@r para repetilo oralmente, podendo acadar só un máximo 0,5.

Polo que respecta ás lecturas voluntarias, cualificaranse a partir dunha proba oral ou escrita e poderán realizarse no prazo indicado polo profesorado podendo acadar ata un 0,5 ,que se sumará á nota media da avaliación .Esta sumarse sempre e cando o alumno ou alumna acadase o aprobado na materia (5), de non ser así non se terá en conta e reservase para sumar no seguinte trimestre.

Establécese unha **listaxe de faltas*** (**engádense ao final destes criterios**) ou erros que atinxen á ortografía (no caso da escrita) e tamén á morfoloxía e sintaxe. O desconto por faltas pode chegar ata o 10% da nota das partes avaliadas.

A nota final da convocatoria de xuño será a resultante da media das notas obtidas nas tres avaliacións.De non chegar ao 5,realizarase unha proba de recuperación final cos contidos que especifique o profesorado.

De non conseguir aprobar na convocatoria ordinaria de xuño, os alumnos e alumnas terán que presentarse á convocatoria extraordinaria de xuño.A proba será avaliada sobre 10 e incidirá nos contidos impartidos durante o curso,quedando excluídas preguntas sobre os libros de lectura, exposicións orais....

IMPORTANTE:

- **Para aprobar LINGUA GALEGA E LITERATURA de 2º ESO o alumnado deberá chegar a un 5 despois de sumar a puntuación conseguida en cada parte**

***LISTAXE DE ERROS ORTOGRÁFICOS:**

Así nas probas e actividades escritas as **faltas ortográficas** teranse en conta seguindo os seguintes criterios:

FALTAS MOI GRAVES

Escribir en castelán.

Non distinguir entre s/x, b/v, una/unha...

Acento diacrítico.

Usar formas compostas co verbo haber *he dito.

Antepoñer o pronome átono nas oracións simples ou nas principais das compostas *o vin, *se nos dixo.

Non respectar as normas que impoñen os signos ortográficos (uso de maiúsculas despois de punto, separación incorrecta de sílabas...).

FALTAS GRAVES

Confundir o xénero de certos substantivos.

Usar as formas do demostrativo popular *estos *esos.

Non usar os posesivos co artigo diante *nosas cousas.

Empregar o plural *quenes.

Usar as formas apocopadas *primer, *primeir.

Escribir os numerais *cuarenta *ochenta, *quinientos.

Vacilar no uso dos cardinais *deceseis, *dazaseis.

Deformación de formas dos indefinidos *alguién, *ninguíen.

Apocopar a forma calquera *calquer, *calqueira.

Usar algún/algunha nas frases negativas *non me produciu satisfacción algunha.

Empregar indiscriminadamente os pronomes persoais te/che, lle, lles/o, os *xa te fixen o recado, *chameille por teléfono.

Usar as formas do pronome suxeito como segundo termo da comparación *traballa máis ca eu.

Conxugar con erros *anduvén/andiven, *podría, *estuvo, *iba, *salgo, *traigo, *creer, *supen.

Manter o grupo -zc- na 1ª persoa do presente de indicativo e no presente de subxuntivo *conduzco, *obedezco, *conduzca, *obedezca.

Escribir a preposición a na perífrase IR + INFINITIVO *vou a ir ó cine.

Empregar verbos da 2ª conxugación como pertencentes á 3ª *batir, *ocurrir.

Castelanizar certos adverbios e preposicións *ahora, * hasta, *sin, *según.

FALTAS LEVES

Acentuación.

- Nota: As incorreccións catalogadas como moi graves suporán un -0.2 menos na porcentaxe de expresión. As faltas graves suporán - 0.1 puntos menos. As faltas leves serán sancionadas con -0.05 cada unha.

Estes mesmos criterios teranse en conta en todas as probas que se realicen durante o curso, incluída a proba extraordinaria de setembro.

ERROS NA EXPRESIÓN ORAL:

Consideraranse faltas graves nas probas e actividades orais:

- utilización de tempos compostos,
- mala colocación dos pronomes átonos ,
- castelanismos léxicos e morfolóxicos,
- erros fonéticos graves como non pronunciar o n velar, etc...

Restarase 0.20 por cada falta grave.

NOTA: O alumnado poderá expresarse na variante dialectal da que proceda.

Anexo 3: Modelo de unidade para a programación de aula

UNIDADE 1: Da diversidade lingüística ao sistema fonolóxico galego.					
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	CC	ACTIVIDADES
- Comentar textos seguindo unhas pautas dadas. - Entender o concepto de <i>plurilingüismo</i> e coñecer algunhas linguas do mundo. - Ampliar o vocabulario relacionado coas viaxes e manexar o dicionario. - Coñecer o sistema fonolóxico galego . - Coñecer e utilizar correctamente o sistema fonolóxico galego e coñecer a pronuncia correcta de cada palabra. - Recoñecer un texto literario e identificar o xénero ao que pertence.	- Lectura: texto narrativo. - A diversidade lingüística. - Vocabulario relacionado coas viaxes. - Os dicionarios. - Sistema fonolóxico galego : importancia de pronunciar correctamente os fonemas para dominar a lingua . - O alfabeto. - Os textos	1. Ler un texto literario coa entoación adecuada e facer o seu comentario.	1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e coméntao seguindo uns criterios dados.	CMC T, CCL, CD, CSC, CAA	· Demostrar oralmente a comprensión do texto de Homero“ <i>A Odisea</i> ”. Analizar os elementos da narración a partir do texto. · Visitar a páxina http://www10.gencat.cat/casa_lleng ues na busca de respostas a cuestións formuladas previamente sobre monolingüismo e plurilingüismo, linguas en perigo de desaparición, lingua como sinal de identidade. · Poñer en común, oralmente, a información atopada na rede · Buscar no dicionario da RAG, cos ordenadores ABALAR, os significados das palabras da listaxe “a viaxes”. Elaborar un microrelato demostrando o uso axeitado das mesmas · Realizar un esquema relacionando os diferentes elementos do sistema fonolóxico galego . A súa identificación e pronuncia . · Buscar no texto de
		2. Valorar a riqueza das linguas.	2.1. Valora a riqueza das linguas.	CCL, CCEC, CSC	
		3. Ampliar o vocabulario básico relacionado coas viaxes e entender a importancia de usar o dicionario.	3.1. Utiliza en diversos contextos o vocabulario básico estudado e usa o dicionario.	CCL	

- Crear unha antoloxía de litteratura popular a partir duns modelos.	literarios. - Os textos segundo o seu ámbito de uso. Os textos persoais.	4. Entender a estrutura da palabra e reconecer as distintas clases.	4.1. Entende a estrutura da palabra e forma familias léxicas. 4.2. Identifica as vogais tónicas e indica o fonema que corresponde.	CCL	Homero exemplos de cada clase de fonema tanto vogálicos coma consonánticos e representalos. · Escribir e buscar palabras onde aparezan: ditongos, tritongo e hiatos. · Elaborar por parellas textos propios en galego que conteñan exemplos de palabras que conteñan : ditongos, tritongos e hiatos. · Intercambiar este texto co doutra parella, e identificar no texto alleo exemplos de cada clase de palabra · Por grupos, buscar e visualizar na rede exemplos de textos literarios teatrais, narrativos e líricos. Explicar as peculiaridades de cada un deles. Presentar ao resto dos grupos un exemplo de cada, de forma dramatizada · Realizar un traballo cooperativo que consistirá en analizar diferentes textos segundo o ámbito de uso, facendo unha análise da súa estrutura, lingua usada, finalidade... · Identificar nestes textos grafías propias do alfabeto galego. Identificar dígrafos. Explicar diferenza entre grafía e dígrafo.
		5. Coñecer o alfabeto.	5.1. Coñece as fonemas do galego.		
		6. Distinguir entre textos literarios e non literarios e identificar os xéneros	6.1. Diferencia textos literarios e textos non literarios. 6.2. Recoñece as peculiaridades dun texto literario dado e identifica o xénero ao que pertence.		
		7. Diferenciar textos segundo o seu ámbito de uso.	7.1. Distingue diversos tipos de textos, segundo a situación en que se usen. 7.2. Escribe textos de carácter persoal.	CCL, CSIEE, CAA	

RÚBRICAS

EXCELENTE 4-3	BEN 3-2	REGULAR 2-1	PRECISA MELLORAR 1-0
É quen de explicar, distinguir e relacionar os conceptos lingüísticos estudados na unidade.	É quen de explicar, relacionar e distinguir os conceptos lingüísticos pero comete algún erro ao facelo.	É quen de explicar, relacionar e distinguir os conceptos lingüísticos pero comete moitos erros ao facelo.	Non é quen de explicar, relacionar e distinguir os conceptos lingüísticos
Coñece e identifica os fonemas na palabra e coñece a súa pronuncia correcta para dominar a lingua.	Coñece e identifica na maioría dos casos os fonemas na palabra e diferencia os tipos de fonemas segundo a súa pronuncia..	Coñece e identifica só algúns fonemas na palabra e diferencia algúns tipos de palabras segundo a súa pronuncia.	Non coñece nin identifica os lexemas e morfemas na palabra nin diferencia os tipos de palabras segundo a súa estrutura.
Achega información axeitada nas exposicións propostas na clase e non ten erros na expresión oral en lingua galega , ben no léxico, na corrección gramatical e na fonética axeitada., mostrando un bo dominio da expresión oral en lingua galega , tanto polo léxico utilizado como pola corrección gramatical e a fonética axeitada.	Achega información axeitada nas exposicións propostas na clase pero ten erros na expresión oral en lingua galega , ben no léxico, na corrección gramatical e na fonética axeitada.	Achega pouca información nas exposicións propostas na clase e ten erros na expresión oral en lingua galega , ben no léxico, na corrección gramatical e na fonética axeitada.	Non achega información nin participa nas exposicións propostas na clase.
Axuda e colabora cos compañeir@s e presenta un traballo completo sobre os principais xéneros literarios , cunha expresión escrita correcta e acompañados de explicacións que demostren as peculiaridades de cada un deles.	Axuda e colabora cos compañeir@s e presenta un traballo incompleto sobre os principais xéneros literarios, cunha expresión escrita con algún erro.	Axuda e colabora cos compañeir@s pero presenta un traballo incompleto sobre os principais xéneros literarios, cunha expresión escrita con moitos erros.	Non axuda nin colabora cos compañeir@s e non presenta o traballo sobre os principais xéneros literarios ou se o presenta faino de xeito moi incompleto e con moitos erros de expresión e presentación.
Expor os traballos realizados, cumprindo as seguintes premisas: Boa dicción (0.15), vocabulario preciso e amplo (0.3), uso dun soporte dixital(0.25), uso das regras básicas da comunicación non verbal(0.2), expor dun xeito natural e espontáneo, sen ler memoristicamente(0.3), uso correcto das normas gramaticais (0.3)	Cumprimento de 4 dos puntos anteriores	Cumprimento de 2-3	Non cumprimento ou cumprimento de 1
AVALIACIÓN: NOTA OBTIDA : 4-.....			

5- 3º ESO - LINGUA GALEGA E LITERATURA

Introdución e contextualización.

A materia de Lingua galega e literatura de 3º de ESO conta con tres sesións lectivas semanais e neles, igual que en cursos anteriores, potenciarase , ademais do estudo da nosa lingua o correcto uso da mesma tanto na súa expresión escrita como oral.

No noso centro hai cinco cursos de 3º de ESO, cunha media de 27 alumn@s por aula. Moit@s rapaces e rapazas deste nivel seguen mostrando dificultade na expresión oral da nosa lingua polo que os dous primeiros bloques de contido desta materia, referidos á expresión oral e escrita seguirán a ter especial importancia.

O tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Xa que logo, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, especialmente no noso contexto. Cómpre favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización. O alumnado galego, como establece a lexislación, debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz das dúas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

O desenvolvemento de todos os contidos abordarase desde unha óptica competencial, valorando as relacións que cada un deles ten coas competencias clave, que aparecen especificadas, a partir dos estándares de aprendizaxe avaliáveis, no currículo da materia.

A avaliación, por iso mesmo, será competencial e terá en conta a relación que se establece no currículo entre os estándares de aprendizaxe, detallados en cada bloque e as competencias clave.

A materia de Lingua Galega e Literatura preséntase estruturada en cinco bloques:

- Bloque 1, "Comunicación oral. escoitar e falar", atende ao uso oral da lingua. Incide, sobre todo, na necesidade de que o alumnado teña modelos de fala adecuados e poida pór en práctica a súa lingua dentro e fóra da aula en contextos formais e informais.
- Bloque 2, "Comunicación escrita. Ler e escribir", ocúpase da comprensión e a produción escrita.
- Bloque 3, "Funcionamento da lingua", integra contidos relacionados co código e a súa organización e responde á necesidade de reflexión sobre a propia lingua coa finalidade de capacitar para o seu uso correcto, sen concibir os coñecementos lingüísticos como un fin en si mesmo.

- Bloque 4, "Lingua e sociedade", pretende que o alumnado comprenda os procesos sociolingüísticos e identifique os prexuízos para a súa superación. Así mesmo, persegue que recoñeza e empregue termos sociolingüísticos de xeito preciso.
- Bloque 5, "Educación literaria", asume o obxectivo de facer do alumnado lectorado competente, que integre a lectura como un mecanismo de comprensión do propio eu e da sociedade ao longo de toda a súa vida, a través do achegamento á historia da literatura galega, así como ás súas obras e aos seus autores e autoras máis salientables, recoñecendo a vinculación destes produtos literarios coa propia historia de Galiza.
- **Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliados da materia que forman parte dos perfís competenciais.**

Na materia de terceiro contribuírase a desenvolver as competencias clave indicadas neste apartado na programación da materia Lingua galega e literatura.

Na materia de Lingua galega e Literatura de 3º de ESO contribuírase ao desenvolvemento de cada unha das competencias clave en relación cos bloques de contido do seguinte xeito:

Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar

Neste B1 as competencias clave a lograr vinculadas aos diferentes estándares de aprendizaxe e interrelacionadas cos criterios de avaliación, os contidos e os obxectivos son as seguintes:

- a) Comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia dixital (CD).
- c) Aprender a aprender (CAA).
- d) Competencias sociais e cívicas (CSC).
- e) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- f) Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir

No B2 as competencias clave a lograr vinculadas aos diferentes estándares de aprendizaxe e interrelacionadas cos criterios de avaliación, os contidos e os obxectivos son as seguintes:

- a) Comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia dixital (CD).
- c) Aprender a aprender (CAA).
- d) Competencias sociais e cívicas (CSC).

Bloque 3. Funcionamento da lingua (Lingüística)

No B3 as competencias clave a lograr vinculadas aos diferentes estándares de aprendizaxe e

interrelacionadas cos criterios de avaliación, os contidos e os obxectivos son as seguintes:

- a) Comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia dixital (CD).
- c) Aprender a aprender (CAA).
- d) Competencias sociais e cívicas (CSC).

Bloque 4. Lingua e sociedade (Sociolingüística)

No B4 as competencias clave a lograr vinculadas aos diferentes estándares de aprendizaxe e interrelacionadas cos criterios de avaliación, os contidos e os obxectivos son as seguintes:

- a) Comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia dixital (CD).
- d) Competencias sociais e cívicas (CSC).

Bloque 5. Educación literaria (Literatura)

No B5 as competencias clave a lograr vinculadas aos diferentes estándares de aprendizaxe e interrelacionadas cos criterios de avaliación, os contidos e os obxectivos son as seguintes:

- a) Comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia dixital (CD).
- f) Conciencia e expresións culturais (CCEC).

- **Concreción dos obxectivos para o curso.**

Os obxectivos para a materia Lingua galega e literatura de 3º de ESO son:

- 1.- Comprender discursos orais, recoñecendo as intencións comunicativas e identificando o tipo de discurso do emisor.
- 2.- Comprender discursos escritos, identificando o tipo de texto e empregando estratexias adecuadas de comprensión (selección e resumo de ideas, etc.).
- 3.- Expresarse oralmente, tendo en conta o contexto e utilizando unha fonética adecuada.
- 4.- Expresarse por escrito de forma coherente utilizando correctamente os recursos gramaticais, ortográficos, léxicos e semánticos.
- 5.- Expresarse oralmente e por escrito utilizando as diferentes formas de organizar o discurso (narrativo, descritivo, dialogado e expositivo).
- 6.- Coñecer a realidade lingüística galega do punto de vista sociolingüístico, tendo en conta a relación con outras linguas e valorando a importancia de contribuír ao proceso de normalización da lingua.
- 7.- Identificar elementos formais da lingua nos seus diversos planos: fonolóxico, morfosintáctico, léxico-semántico e textual.

- 8.- Coñecer e manexar toda unha serie básica de conceptos fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos, léxicos e semánticos que lle inicien na reflexión do coñecemento e a descrición lingüística.
- 9.- Recoñecer e valorar as variantes xeográficas do galego, rexeitando prexuizos lingüísticos.
- 10.- Adecuar os recursos comunicativos orais e escritos aos diferentes contextos e situacións.
- 11.- Recoñecer e analizar as características dos principais xéneros (informativos, de opinión) na prensa escrita, a programación televisiva e a publicidade.
- 12.- Fomentar unha actitude crítica cara aos medios de comunicación de masas.
- 13.- Promover o gusto pola lectura a través de textos adecuados.
- 14.- Aprender e utilizar técnicas sinxelas de manexo da información: busca, elaboración e presentación, coa axuda dos medios tradicionais e coa aplicación das novas tecnoloxías.
- 15.- Descubrir as posibilidades da lectura e da escritura como fonte de enriquecemento persoal e cultural. Escribir textos con intención estética, utilizando os coñecementos literarios adquiridos.
- 16.- Coñecer o contexto histórico e as características fundamentais das etapas literarias da Idade Media, Séculos Escuros e Rexurdimento.
- 17.- Recoñecer os trazos que definen os textos literarios da época medieval e do Rexurdimento.
- 18.- Recoñecer os principais elementos na orixe e formación da lingua galega, así como identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua desde os seus inicios ata 1916.
- 19.- Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá, das relacións sociais ou do ámbito académico, con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.
- 20.- Utilizar os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe autónoma.
- 21.- Usar as TIC, con progresiva autonomía, para redactar e presentar os seus escritos e buscar información.
- 22.- Coñecer e utilizar un léxico amplo e preciso.
- 23.- Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo.
- 24.- Recoñecer e valorar as variantes xeográficas do galego, rexeitando prexuizos lingüísticos.
- 25.- Diferenciar os textos non literarios dos literarios, e nestes últimos, identificar os tres grandes xéneros.
- 26.- Ler de maneira comprensiva, expresiva ou dramatizada textos de distintos xéneros, relacionándoos coa súa experiencia propia e expoñendo a súa opinión.
- 27.- Realizar exposicións de forma clara e gramaticalmente correcta, coidando a pronuncia e os aspectos prósodicos da linguaxe non verbal e empregando léxico variado.
- 28.- Ter unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura ou visualización de calquera tipo de texto ou audiovisual, para detectar prexuizos e discriminacións.
- 29.- Describir os trazos que caracterizan o cómic e a canción como linguaxes artísticas.

LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas dentro do ámbito académico e elabora un esquema ou resumo. LGB1.4.2. Recoñece os procedementos lingüísticos para manifestarse a favor ou en contra.	-Debates sobre o tratamento de diversos temas. -Exposicións orais que reflectan os traballos cooperativos realizados na aula. -Probas orais .
LGB1.5.1. Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria). LGB1.5.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal.	-Debates sobre o tratamento de diversos temas. -Exposicións orais que reflectan os traballos cooperativos realizados na aula. -Probas orais .
LGB1.6.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia galega correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea a partir da práctica habitual de autovaloración e propón solucións para melloralas. LGB1.6.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á maneira de pronunciar a lingua galega. LGB1.6.2. Usa a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.	-Observación e valoración de actividades diarias.
LGB1.7.1. Participa activamente en debates ou coloquios, respecta as regras de interacción, intervención e cortesía, manifesta as súas opinións e respecta as dos demais. LGB1.7.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións do moderador nos debates e coloquios. LGB1.7.3. Avalía as intervencións propias e alleas. LGB1.7.4. Respecta as quendas de palabra, o espazo, xesticula de xeito adecuado, escoita activamente os demais e usa fórmulas de saúdo e despedida.	-Debates sobre o tratamento de diversos temas. -Exposicións orais que reflectan os traballos cooperativos realizados na aula. -Probas orais .
LGB1.8.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves. LGB1.8.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas ou formais respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo). LGB1.8.3. Emprega nas intervencións orais expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada. LGB1.8.4. Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e dirixese ao auditorio con autoconfianza e seguridade. LGB1.8.5. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado. LGB1.8.6. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da práctica oral. LGB1.8.7. Recoñece a avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.	-Observación e valoración de actividades diarias.
LGB1.9.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión. LGB1.9.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo. LGB1.9.3. Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa. LGB1.9.4. Realiza e explica resumos ou exposicións académicas sinxelas.	-Debates sobre o tratamento de diversos temas. -Exposicións orais que reflectan os traballos cooperativos realizados na aula. -Probas orais .
LGB1.10.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións. LGB1.7.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente.	-Exposicións orais e traballo en equipo no que o propio alumnado avaliará a súa actividade e a d@s compañeir@s.
LGB2.1.1. Usa técnicas de síntese do contido dos textos: subliñados, esquemas e resumos.	-Corrección de actividades por parte da profesora.

LGB2.1.2. Usa técnicas de ampliación e organización da información: táboas, cadros, gráficos e mapas conceptuais.	-Autocorrección.
LGB2.1.3. Busca e asimila o significado de palabras do rexistro formal e incorpóraas progresivamente ao seu vocabulario.	-Probas escritas.
LGB2.1.4. Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto.	
LGB2.2.1. Comprende e interpreta textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e regulamentos.	-Corrección de actividades relacionadas cos tipos de textos.
LGB2.2.2. Identifica os trazos característicos dun escrito (tipografía, distribución de espazos e escollas léxicas) coa tipoloxía textual (convocatoria, actas de reunión e regulamentos).	-Proba escrita.
LGB2.3.1. Comprende e interpreta textos xornalísticos, fundamentalmente en entrevistas, crónicas e reportaxes.	-Debates sobre o tratamento de noticias nos medios de comunicación nos que se valorará a argumentación e coherencia nos mesmos.
LGB2.3.2. Distingue entre os contidos informativos e as opinións que se expresan nos textos xornalísticos.	
LGB2.4.1. Comprende e interpreta textos propios do ámbito académico, especialmente os expositivos e explicativos elaborados a partir da información obtida nas bibliotecas.	-Corrección de actividades relacionadas cos tipos de textos.
LGB2.4.2. Consulta fontes xerais (enciclopedias) e especializadas (monográficas e webs temáticas) para ampliar a información e mellorar o coñecemento da mensaxe.	-Proba escrita.
LGB2.4.3. Interpreta, deduce e explica a información que aparece en diagramas, gráficas e mapas conceptuais.	
LGB2.5.1. Interpreta o sentido global e compón o esquema xerarquizado das ideas de textos expositivos e explicativos.	-Corrección de actividades relacionadas cos tipos de textos.
LGB2.5.2. Identifica a estrutura comunicativa das mensaxes escritas e a intención do emisor.	-Proba escrita.
LGB2.6.1. Aplica correctamente o sistema de procura na biblioteca e nos buscadores de internet para obter, organizar e seleccionar información.	-Traballo en equipo.
LGB2.7.1. Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.	-Traballo en equipo.
LGB2.7.2. Recoñece e evita usos lingüísticos que transmiten prexuízos ou mensaxes discriminatorias.	
LGB2.8.1. Le en voz alta, de xeito fluído e respecta a fidelidade ao texto.	-Valoración da lectura en voz alta na aula e das preguntas sobre a mesma.
LGB2.8.2. Respecta os patróns fonéticos do galego (fonética sintáctica e entoación) e emprega a dicción e o ritmo axeitado á lectura do texto.	
LGB2.9.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos da vida cotiá ou das relacións sociais, segundo os modelos propostos na aula: convocatorias, actas de reunións e intervencións en foros.	-Recollida de actividades de clase consistentes na elaboración de textos. -Probas escritas.
LGB2.10.1. Produce, en soporte impreso ou dixital, textos xornalísticos, fundamentalmente, entrevistas, crónicas, reportaxes.	-Recollida de actividades de clase consistentes na elaboración de textos. -Probas escritas.
LGB2.11.1. Produce, en soporte impreso ou dixital, textos expositivos e explicativos sobre distintas materias curriculares elaborados a partir de información obtida en bibliotecas e outras fontes de información.	-Recollida de actividades de clase consistentes na elaboración de textos.
LGB2.11.2. Usa correctamente elementos formais nos traballos académicos: citas bibliográficas, índices, paxinación, notas ao pé de páxina, organización de títulos, capítulos, etc.	-Probas escritas.
LGB2.12.1. Planifica a composición dos escritos en función do tipo de texto e da situación comunicativa para redactar textos adecuados, coherentes e ben cohesionados.	-Recollida de actividades de clase consistentes na elaboración de textos.
LGB2.12.2. Redacta borradores, utiliza esquemas, árbores ou mapas conceptuais para planificar e organizar os seu escritos.	-Probas escritas.
LGB2.12.3. Consulta fontes de información en distintos soportes para seleccionar contidos relevantes que posteriormente reelaborará e incorporará ao seu escrito.	
LGB2.12.4. Utiliza o rexistro lingüístico adecuado en función da situación comunicativa e do ámbito de uso.	
LGB2.12.5. Usa elementos lingüísticos e discursivos para alcanzar a coherencia e cohesión interna (conectores e tratamento de formas verbais).	
LGB2.12.6. Revisa os textos de xeito gradual para resolver dificultades de contido (temática e estrutura) e de forma (cuestións tipográficas, ortográficas e gramaticais).	
LGB2.13.1. Usa as TIC (procesadores de textos e correctores	-Observación e valoración de actividades diarias.

ortográficos) para organizar os contidos, mellorar a presentación e facilitar a corrección dos textos escritos.	
LGB2.14.1. Coñece e utiliza as ferramentas TIC para intercambiar opinións sobre escritos alleos e escribir e dar a coñecer os propios en blogs, redes sociais de lectores e escritores.	-Observación e valoración de actividades diarias.
LGB3.1.1. Selecciona o léxico e as expresións axeitadas en contextos comunicativos de uso formal da lingua.	-Observación e valoración de actividades diarias.
LGB3.2.1. Produce textos orais e escritos de diferentes xéneros cun correcto uso das distintas categorías gramaticais. LGB3.2.2. Identifica e explica os usos e valores das categorías gramaticais relacionándoas coa intención comunicativa e a tipoloxía textual.	-Recollida de actividades de clase consistentes na elaboración de textos. -Probas escritas e orais.
LGB3.3.1. Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras. LGB3.3.2. Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación.	-Observación e valoración de actividades diarias.
LGB3.4.1. Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega.	Probas orais.
LGB3.5.1. Utiliza os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes, resolven as súas dúbidas sobre o uso correcto da lingua e progresa na aprendizaxe.	-Traballo en equipo.
LGB3.6.1. Emprega textos orais e escritos e respecta as normas gramaticais.	-Observación e valoración de actividades diarias.
LGB3.7.1. Revisa os textos para puntuar correctamente.	-Recollida de actividades de clase consistentes na corrección de textos. -Probas escritas.
LGB3.8.1. Recoñece e explica nos textos as funcións sintácticas oracionais e diferenza os elementos que as desempeñan.	-Recollida de actividades de clase consistentes en recoñecer as funcións sintácticas. -Probas escritas.
LGB3.9.1. Identifica, explica e usa distintos conectores, así como outros mecanismos que lle achegan cohesión a un texto.	-Corrección de actividades por parte da profesora. -Autocorrección. -Probas escritas.
LGB3.10.1. Determina o tema, delimita a estrutura e identifica a progresión temática en producións propias e alleas. Elabora textos nos que ten en conta os parámetros anteriores.	-Traballo en equipo. -Debates. -Exposicións orais.
LGB3.11.1. Interpreta o sentido de textos orais e escritos, identifica a intención comunicativa e a recoñece a postura de cada emisor.	-Observación e valoración de actividades diarias.
LGB3.12.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	-Exposicións orais e traballo en equipo no que o propio alumnado avaliará a súa actividade e a d@s compañeir@s.
LGB13.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.	-Corrección de actividades por parte da profesora. -Autocorrección. -Probas escritas.
LGB4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo e amósase capaz de explicar a súa postura. LGB4.1.2. Distingue entre bilingüismo e diglosia e aplica estes termos de forma axeitada á realidade galega. LGB4.1.3. Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e amósase capaz de explicar a súa postura. LGB4.1.4. Coñece as linguas que forman parte da nosa familia lingüística. LGB4.1.5. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e a importancia desta na vida social e económica galega. LGB4.1.6. Incorpora á súa práctica cotiá os principais recursos da rede en lingua portuguesa (buscadores e enciclopedias).	-Exposicións orais e traballo en equipo no que o propio alumnado avaliará a súa actividade e a d@s compañeir@s.
LGB4.2.1. Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia. LGB4.2.2. Analiza gráficas sobre o uso do galego segundo a idade das persoas. LGB4.2.3. Identifica os castelanismos nas producións lingüísticas e depura estes elementos no seu propio discurso.	-Traballo en equipo.

LGB4.3.1. Coñece as principais iniciativas normalizadoras da lingua galega.	-Corrección de actividades por parte da profesora.
LGB4.3.2. Comprende o concepto normalización e explica o proceso normalizador do galego.	-Autocorrección.
LGB4.3.3. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.	-Probas escritas.
LGB4.4.1. Recoñece os principais elementos na orixe e formación da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.	Probas escritas.
LGB4.4.2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.	
LGB4.4.3. Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.	
LGB4.4.4. Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.	
LGB4.4.5. Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.	
LGB4.5.1. Coñece a lexislación estatal e autonómica que regula a utilización do galego e a súa promoción.	
LGB4.6.1. Coñece o que é un prexuízo, detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter sociocultural e sociopolítico cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno.	-Debates sobre os prexuízos sobre o galego.
LGB4.7.1. Identifica e clasifica as variantes diastráticas do galego.	Probas escritas.
LGB4.7.2. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega e valóraa como variante unificadora.	
LGB4.7.3. Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona.	
LGLB5.1.1. Identifica as distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.	Probas escritas.
LGLB5.1.2. Comprende e explica razoadamente as distintas épocas e períodos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 e sinala os seus principais trazos característicos.	
LGLB5.2.1. Selecciona, seguindo criterios razoados, textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 para a súa lectura.	-Corrección de actividades por parte da profesora.
LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.	-Autocorrección.
LGB5.2.3. Comenta, de forma guiada, textos de obras da Literatura galega desde a Idade Media ata 1916, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.	-Probas escritas.
LGLB5.2.4. Compara textos literarios dunha mesma época ou período ou de diferentes épocas e períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos definitorios e pon todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico da(s) época(s) ou do(s) período(s).	
LGLB5.3.1. Le expresiva, comprensiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.	-Lectura de textos.
LGLB5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 e escribe/debate, argumentadamente, sobre aspectos literarios básicos destes.	-Probas orais
LGLB5.4.1. Elabora traballos individual e/ou colectivamente, nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.	-Autoavaliación.
LGLB5.5.1. Consulta fontes de información básicas para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destas.	-Observación e valoración de actividades diarias.
LGLB5.5.2. Emprego de diferentes recursos básicos das TIC para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destes.	
LGLB5.6.1. Crea ou recrea textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.	-Autoavaliación.
LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos.	

- **Concrecións metodolóxicas que require a materia.**
- O profesorado actuará guía no proceso de descuberta-aprendizaxe do alumnado, quen será o verdadeiro protagonista. Nos métodos de traballo tratará de combinarse o individual co colectivo e a investigación coa propia creación.
- Facilitarase o traballo autónomo do alumnado, estimulando tamén as súas capacidades para o traballo en equipo, favorecendo situacións de aprendizaxes contextualizadas.
- Impulsarase a busca de todo tipo de información, a súa interpretación e reutilización para a elaboración de textos propios.
- Potenciarase a utilización de formatos dixitais na realización de tarefas e na presentación de traballos.
- Realizarase a lectura de obras enteiras e fragmentos literarios tanto de xeito individual como colectivo.
- Promoverase a utilización da diversidade de fontes e recursos para a obtención da información. A busca guiada desta tanto na biblioteca coma na internet ou noutros medios, así como a composición de textos utilizando distintos soportes.
- Propiciarase, non só actividades individuais, senón tamén grupais, que favorezan o intercambio respectuoso de ideas, o discurso argumentativo e o espírito crítico e cooperativo.
- Crearanse dinámicas que impliquen o alumnado e o leven á participación na planificación e avaliación das súas actividades.
- Ofreceranse actividades abertas que impliquen a busca, selección e tratamento da información, a posibilidade de tomar decisións e emitir opinións sobre diferentes cuestións de forma crítica.
- A análise sociolingüística partirá da premisa de que o alumnado saiba distinguir, por unha parte, o uso das diferentes variedades internas da lingua e por outra, os condicionantes que operan na elección de unha das dúas linguas en conflito na nosa comunidade. Neste senso estimularase a autoanálise de cada alumno/a e do seu contorno máis inmediato nos seus comportamentos sociolingüísticos, en comparación cos comportamentos xerais do país, a través de múltiples tarefas encamiñadas a conseguir dito obxectivo.
- **Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.**

Neste curso de 3º ESO o profesorado e o alumnado disporá do seguinte libro de texto:

Lingua e literatura 3º ESO da editorial Xerais .

Ademais poderase facer entrega ao alumnado de material de apoio como fotocopias, fichas para a realización de exercicios prácticos , prensa escrita, fichas etc...

O recurso das novas tecnoloxías da información e comunicación (TIC) deberá ser un elemento activo máis da aprendizaxe. A educación dixital desenvolverase tendo en conta os diferentes recursos que se ofrecen nas redes para traballar a materia, sendo empregados dun xeito progresivo e complementar, como apoio ao labor de aula.

Utilizaranse recursos audiovisuais ben a través de internet ou en distintos soportes (power-points, blogs etc).

As obras de lectura propostas para este nivel achéganse no **ANEXO 1** da programación deste curso 3º ESO.

- **Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado:**

Os criterios de avaliación e cualificación do alumnado de 3º ESO inclúense no **ANEXO 2** da programación deste curso e estarán expostas nas aulas ao longo de todo o curso.

Polo que se refire á promoción do alumnado de 3ºESO o Departamento axustarase ao disposto na **LOMCE** ao respecto:

1. As decisións sobre a promoción do alumnado dun curso a outro, dentro da etapa, serán adoptadas de xeito colegiado polo conxunto de profesores e profesoras do alumno ou da alumna respectivo/a, atendendo ao logro dos obxectivos da etapa e ao grao de adquisición das competencias correspondentes.

A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe do alumno ou da alumna.

2. Os alumnos e as alumnas terán promoción de curso no caso de superaren todas as materias cursadas ou teren avaliación negativa en dúas materias como máximo, e repetirán curso cando teñan avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.

As materias coa mesma denominación en diferentes cursos da educación secundaria obrigatoria consideraranse como materias distintas.

Ao final de cada curso de educación secundaria obrigatoria entregaráselles ao pai, á nai ou aos/ás titores/as legais de cada alumno ou alumna un consello orientador, que incluírá unha proposta a pais, nais ou titores/as legais ou, de ser o caso, ao alumno ou á alumna do itinerario máis adecuado para seguir, así como a identificación, mediante informe motivado, do grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias correspondentes que xustifica a proposta. Se se considerar necesario, o consello orientador poderá incluír unha recomendación aos pais, ás nais ou aos/ás titores/as legais e, de ser o caso, ao alumno ou á alumna sobre a incorporación a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento, ou a un ciclo de formación profesional básica.

Os criterios de cualificación propostos para este nivel achéganse no **ANEXO 2** da programación deste curso 3º ESO.

Anexo 1 : Cadro de lecturas. 3º ESO

1ª AVALIACIÓN

OBRIGATORIA:

Os nenos da varíola , María Solar, editorial Galaxia

Lecturas voluntarias:

O que sei do silencio ,Andrea Maceiras , edicións Xerais

Tristes armas, Marina Mayoral, edicións Xerais

2ª AVALIACIÓN

OBRIGATORIA:

O corazón de Xúpiter, Leticia Costas, edicións Xerais

Lecturas voluntarias: **Todos somos**, Marcos Calveiro, edicións Xerais

O grupo, An Alfaya, edicións Xerais

3ª AVALIACIÓN

OBRIGATORIA:

Iridium, *Francisco Castro, editorial Galaxia*

Lecturas voluntarias: **Memorias dun neno labrego**, *Xosé Neira Vilas*, editorial Galaxia

22 segundos, Eva Mejuto, edicións Xerais

Como lecturas voluntarias o alumnado poderá escoller entre as sinaladas na Programación Didáctica ou outras acordadas polo alumnado e profesorado.

Durante o curso informarase ao alumnado das diferentes convocatorias de certames literarios, a participación en calquera deles, será valorada coma se realizasen unha lectura voluntaria (0,5).

Neste curso 2021-2022 procurarase traballar tamén na clase coa obra da figura homenaxeada no Día das Letras Galegas , que descoñecemos debido á chegada da pandemia e á interrupción dos actos deste ano.

Anexo 2: Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Na valoración do traballo realizado polo alumnado en cada avaliación, aplicarase a seguinte porcentaxe:

- **Avaliación de contidos e destrezas:** En cada trimestre aplicaranse os criterios de avaliación de cada bloque de contido en relación cos estándares de aprendizaxe implicados. Estableceranse as rúbricas correspondentes tendo en conta a materia a avaliar e o tipo de tarefas e actividades proposto.

Os mecanismos de avaliación consistirán en probas escritas , traballos , exposicións, presentacións etc....relacionadas coa materia. O 100% da nota desglosarase como segue:

● Proba(s) escrita(s)-----70%

● Oralidade----- 10%

**O alumnado cinguirase aos criterios establecidos polo profesorado (tempo, lingua...), o incumprimento dos mesmos repercutirá negativamente na nota*

● Composición escrita e traballo de aula ----- 10%

● Lectura ----- 10%

O alumnado debe realizar a lectura dunha obra por avaliación. Estas obras poderanse avaliar a través dunha proba escrita ou oral. Se un alumno ou alumna suspendese ou non lese o libro, deberá facer un exame oral no prazo que indique o profesor/-a e a puntuación máxima que pode acadar será dun 0,5.

Polo que respecta ás lecturas voluntarias, cualificaranse a partir dunha proba oral ou escrita nun prazo determinado polo profesorado, poderán realizarse unha lectura por avaliación puntuada cun máximo de 0,5 punto que se sumará á nota media da avaliación sempre e cando o alumno ou alumna acadase o aprobado na materia (5), de non ser así sumarase na seguinte avaliación.

● **Avaliación da expresión oral ou escrita:** na materia de Lingua e literatura de 3ºESO terase en conta ao cualificar ao alumnado o seu grao de corrección na utilización da lingua tanto na súa expresión oral como escrita. Establécese unha **listaxe de faltas*** ou erros que atinxen á ortografía (no caso da escrita) e tamén á morfoloxía e sintaxe. O desconto por faltas pode chegar ata o 20% da nota, en cada unha das partes avaliadas.

- **Para aprobar LINGUA GALEGA E LITERATURA de 3ºESO o alumnado deberá acadar a cualificación de 5 despois de sumar a puntuación conseguida en cada unha das partes citadas anteriormente.**

No caso de que o alumno ou alumna suspenda a primeira avaliación poderá recuperala no mes de xaneiro nun exame de recuperación. Neste caso examínase sobre a puntuación do 70%, a esta sumáraselle o resto das partes, se acadase o 5, a avaliación quedaría aprobada. A segunda e terceira avaliacións recuperaríanse no exame final de xuño.

De non acadar o aprobado na convocatoria ordinaria de xuño terá que presentarse á convocatoria extraordinaria dese mesmo mes. O exame será valorado sobre 10 puntos, referidos aos contidos do curso, excluíndo preguntas sobre os libros de lectura ou os traballos propostos durante o curso.

***LISTAXE DE ERROS ORTOGRÁFICOS:**

Así nas probas e actividades escritas as **faltas ortográficas** teranse en conta seguindo os seguintes criterios:

FALTAS MOI GRAVES

- Escribir en castelán.
- Non distinguir entre s/x, b/v, una/unha...
- Acento diacrítico.
- Usar formas compostas co verbo haber *he dito.
- Antepoñer o pronome átono nas oracións simples ou nas principais das compostas *o vin, *se nos dixo.
- Non respectar as normas que impoñen os signos ortográficos (uso de maiúsculas despois de punto, separación incorrecta de sílabas...).

FALTAS GRAVES

- Confundir o xénero de certos substantivos.
- Usar as formas do demostrativo popular *estos *esos.
- Non usar os posesivos co artigo diante *nosas cousas.
- Empregar o plural *quenes.
- Usar as formas apocopadas *primer, *primeir.
- Escribir os numerais *cuarenta *ochenta, *quinientos.
- Vacilar no uso dos cardinais *deceseis, *dazaseis.

- Deformación de formas dos indefinidos *alguién, *ninguén.
- Apocopar a forma calquera *calquer, *calqueira.
- Usar algún/algunha nas frases negativas *non me produciu satisfacción algunha.
- Empregar indiscriminadamente os pronomes persoais te/che, lle, lles/o, os *xa te fixen o recado, *chameille por teléfono.
- Usar as formas do pronome suxeito como segundo termo da comparación *traballa máis ca eu.
- Conxugar con erros *anduvén/andiven, *podría, *estuvo, *iba, *salgo, *traigo, *creer, *supen.
- Manter o grupo -zc- na 1ª persoa do presente de indicativo e no presente de subxuntivo *conduzco, *obedezco, *conduzca, *obedezca.
- Escribir a preposición a na perífrase IR + INFINITIVO * vou a ir ó cine.
- Empregar verbos da 2ª conxugación como pertencentes á 3ª *batir, *ocurrir.
- Castelanizar certos adverbios e preposicións *ahora, * hasta, *sin, *según.

FALTAS LEVES

- Acentuación.

Nota: As incorreccións catalogadas como moi graves suporán un -0.2 menos na porcentaxe de expresión.

As faltas graves suporán - 0.1 puntos menos. As faltas leves serán sancionadas con -0.05 cada unha.

Estes mesmos criterios teranse en conta en todas as probas que se realicen durante o curso, incluída a proba extraordinaria de setembro.

ERROS NA EXPRESIÓN ORAL:

Consideraranse faltas graves nas probas e actividades orais:

- utilización de tempos compostos,
- mala colocación dos pronomes átonos ,
- castelanismos léxicos e morfolóxicos,
- erros fonéticos graves como non pronunciar o n velar etc...

Restarase 0.20 por cada falta grave.

NOTA: O alumnado poderá expresarse na variante dialectal da que proceda.

IMPORTANTE: Por tratarse dun curso atípico ante a situación sanitaria na que nos atopamos, consideramos que é necesario considerar a posibilidade de ter ensino non presencial, de ter que pasar por un período de corentena, tanto por parte do alumnado como do profesorado .Así pois usarase a Aula

virtual e as Tic para seguir o desenvolvemento das clases na medida do posible. Seguiranse os criterios establecidos no [Plan de continxencia](#) (punto 10) desta Programación Didáctica.

Anexo 3: Modelo de unidade para a programación de aula

DE MARTÍN CÓDAX A SÉS				
OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	ACTIVIDADES, TAREFAS
A B C E G H L N Ñ O	<p>B5.1 Identificación e comprensión das distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.</p> <ul style="list-style-type: none"> • A Galicia medieval. • A literatura medieval. Os cancioneros. Autores e intérpretes. • A lírica medieval: cadro da lírica 	<p>B5.1. Identificar e comprender as distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Coñecer o contexto sociocultural da literatura medieval, os seus autores e intérpretes e os principais cancioneros en que se conserva a lírica. • Distinguir entre lírica profana e relixiosa e entre os xéneros profanos. 	<p>LGLB5.1.1. Identifica as distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Coñece o contexto sociocultural da literatura medieval, os seus autores e intérpretes e os principais cancioneros en que se conserva a lírica. <p>LGLB5.1.2. Comprende e explica razoadamente as distintas épocas e períodos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 e sinala os seus principais trazos característicos.</p> <p>-Distingue</p>	<ul style="list-style-type: none"> • En grupos de 3 persoas, reparto de diferentes cortes (arredor de 9’) da serie “Historias de Galicia”. Visionado na casa e exposición na aula da parte correspondente. Poden complementala con aportación doutros materiais audiovisuais relativos ao tema: • Camiño de Santiago • De servos a foreiros • O reino de Galiza • Lingua de reis, lingua do pobo • Diego Xelmírez, o gran señor feudal de Compostela. • O aire das cidades fainos libres. A cidade amurallada • A muller galega na Idade Media. • Identificar, de forma xeral, os xéneros medievais (textos seleccionados) e os trazos característicos (formais e contidos) • A mecánica do corazón (a experiencia do amor nas cantigas de amigo e de amor). • Ler as sete cantigas de Martín Códax e escribir unha narración (pode ser banda deseñada) a partir delas. <ul style="list-style-type: none"> • Por grupos, elaboración dunha cantiga (amigo, amor, satírica) adaptada á linguaxe e sociedade

	<p>profana e relixiosa.</p> <ul style="list-style-type: none"> • A cantiga de amigo: orixe, características temáticas e valores simbólicos. • Recursos formais nas cantigas de amigo. • Tipos de cantigas de amigo. • A cantiga de amor: orixe, características temáticas e recursos formais. • Tipos de cantigas de amor: cantigas de refrán e cantigas de mestría. • As cantigas de escarnio e maldicir: 	<ul style="list-style-type: none"> • Comprender e identificar as principais características formais e temáticas das cantigas de amigo e diferenciar os seus subxéneros. • Reflexionar, respondendo preguntas, sobre a funcionalidade dos recursos de repetición nas cantigas e poñer isto en relación coa música actual. • Comprender a relación das cantigas de amor coa teoría do amor cortés. • Coñecer os principais recursos formais característicos das cantigas 	<p>entre a lírica profana e relixiosa, así como entre os xéneros profanos.</p> <ul style="list-style-type: none"> -Identifica as características principais das cantigas de amigo e distingue os diferentes subxéneros. -Reflexiona, respondendo preguntas, sobre a funcionalidade dos recursos formais de repetición nas cantigas e pon isto en relación coa música actual. -Explica a relación das cantigas de amor coa teoría do amor cortés. -Sinala os recursos formais característicos das cantigas de amor. -Coñece e distingue os subxéneros das cantigas de amor. -Pon en relación as cantigas de escarnio e maldicir coas características da sociedade medieval. -Coñece as diferenzas entre a cantiga de escarnio e a 	<p>actual.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Por grupos, elaboración dunha miniatura (opcional) • Explicación, por grupos, da cantiga creada, expondo o tema e recursos utilizados. <ul style="list-style-type: none"> • Representación dun encontro poético medieval, onde cada grupo recita a súa cantiga. <p>Ler, escoitar e explicar as pegadas das cantigas medievais en textos posteriores e/ou actuais (poético e musicais)</p>
--	--	--	---	---

	<p>temas e recursos formais.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Lírica relixiosa: as cantigas de Santa María. • Xéneros menores e prosa medieval. 	<p>de amor.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Coñecer e distinguir os subxéneros das cantigas de amor. • Poñer en relación as cantigas de escarnio e maldicir coas características da sociedade medieval. • Coñecer as diferenzas entre a cantiga de escarnio e a cantiga de maldicir. 	<p>cantiga de maldicir.</p> <p>CCL CD CAA CSC CSI EE CC EC</p>	
--	---	--	--	--

RÚBRICAS (COMPRESIÓN, CREACIÓN E EXPOSICIÓN DA LIT. MEDIEVAL)

EXCELENTE 4-3	BEN 3-2	REGULAR 2-1	PRECISA MELLORAR 1-0	
<p>É quen de entender, parafrasear e interpretar o sentido dos textos</p>	<p>É quen de parafrasear os textos nun rexistro coloquial</p>	<p>Capta o sentido xeral do texto, sen comprender a totalidade do mesmo</p>	<p>Entende só aquilo que coincide coa lingua actual</p>	
<p>Cóñece e identifica os recursos estilísticos (paralelismo e leixaprén, dobre e mozdobre, tipos de estrofas e rimas, finda) e temáticos (léxico e temas específicos) que lle permitan diferenciar as distintas cantigas medievas.</p>	<p>Cóñece e identifica a maioría dos recursos temáticos (léxico e a maioría dos temas) e formais (tres dos anteriores) que lle permitan diferenciar as cantigas medievas</p>	<p>Identificar, cos recursos mínimos, as cantigas medievas.</p>	<p>Non coñece nin identifica os recursos temáticos e formais, ou soamente identifica un dos xéneros.</p>	
<p>Achega ideas e propostas que despois se plasman nas creacións. Axuda e colabora cos compañeir@s e presenta un traballo completo e orixinal, non que combina a faceta artística e literaria. Presenta UN texto, representante dalgún dos xéneros maiores.</p>	<p>Achega ideas e propostas. Colabora e axuda aos compañeir@s. Presenta un traballo coas condicións mínimas (dous recursos formais e temáticos de cada xénero) no que respecta á forma e o contido dos textos. Achega dúas miniaturas.</p>	<p>Achega ideas e propostas para a realización da actividade, pero presenta un texto incompleto. Achega unha miniatura.</p>	<p>Non realiza ningunha actividade completa</p>	
<p>Expor o traballo realizado, cumprindo as seguintes premisas: Boa dicción (0.15), vocabulario preciso e amplo (0.3), uso dun soporte dixital(0.25), uso das regras básicas da comunicación non verbal(0.2), expor dun xeito natural e espontáneo, sen ler nin recitar memoristicamente(0.3), uso correcto das normas gramaticais (0.3)</p> <p>AVALIACIÓN: NOTA OBTIDA : 4=</p>	<p>Cumprimento de 4 dos puntos anteriores</p>	<p>Cumprimento de 2-3</p>	<p>Non cumprimento ou cumprimento de 1</p>	

RÚBRICAS PARA A EXPRESIÓN ORAL E EXPOSICIÓN DE “HISTORIAS DE GALICIA”	EXCELENTE (4-3)	SATISFACTORIO (3-2)	BÁSICO (2-1)	ESCASO (1-0)
ESTRUTURA E CONTIDO	Traballo ben estruturado, cunha orde lóxica . O contido é pertinente, realizando conexión con outras materias.	Explicación fluída, pero enleouse na orde e foi necesario reorganizalo a través de preguntas. Ás veces, desvíase do contido. Algún exemplos.	Precisa de axuda para avanzar. Contidos pobres (non coñece ben o tema tratado). Sen exemplos	En ningún momento é capaz de reconducir o seu discurso de forma guiada. Contidos moi escasos. Referencias a temas irrelevantes. Sen exemplos.
EMPREGO DA LINGUA	Utiliza construcións gramáticas complexas, aplicando as coñecidas nos temas traballados. Fala, en todo momento, unha lingua galega con corrección. De posuíla, mantén trazos da súa variante dialectal.	Utiliza construcións gramaticais simples, pero de modo correcto. Comete algún erro de concordancia. A lingua galega é falada con algúns erros. De posuíla, mantén algúns trazos da súa variante dialectal.	Construcións gramaticais pobres e con bastantes erros graves (castelanismos, mala colocación dos pronomes átonos, tempos compostos). De posuíla, evita trazos da súa variante dialectal.	Construcións gramaticais erróneas. Non fala todo o tempo en galego. Emprega poucos ou ningún elemento dos traballados sobre a lingua. De posuíla, esconde os trazos da súa variante dialectal.
EXPRESIÓN ORAL E VOCABULARIO	Exprésase con fluidez e coherencia. Vocabulario rico para o tema que está tratando e utiliza as palabras con corrección normativa. Linguaxe precisa e formal.	Fluidez explicativa, pero fáltalle vocabulario máis preciso, repetindo algunhas palabras.	Manexa un vocabulario moi básico e ten problemas para transmitir con claridade as súas ideas. Falta de léxico ou non específico para o tema, o que deriva no uso dun rexistro case informal	Falta de coherencia na explicación. Vocabulario moi pobre. Excesivas repeticións. Rexistro lingüístico inadecuado.
PRESENTACIÓN E EXTENSIÓN	Dáse a coñecer o tema da presentación e o seu obxectivo. Pecha convenientemente a presentación. Tempo adecuado.	Comeza a súa exposición mencionando o tema de forma moi xeral. Pecha de xeito precipitado por falta de control de tempo ou axústase ao tempo, pero non pecha a súa presentación. Presentación algo longa.	Comeza a exposición, mencionando o tema de forma moi xeral. Exposición insuficiente.	Non se menciona o tema. Exposición insuficiente.
ARGUMENTACIÓN	Exposto de xeito coherente e clara. Enténdese, enlaza ideas, argumentando as mesmas. Amosa a súa opinión cando é pertinente.	Presenta ideas argumentadas, pero con algún erro. Amosa a súa opinión.	Ideas presentadas de xeito confuso, sen entenderse ben o que quere dicir. Non opina.	Presenta poucas ideas, e estas son inconexas e sen argumentación. Non opina.
PROSODIA (VOLUME, PAUSAS, DICCIÓN, ENTOACIÓN...)	Volume de voz adecuado, o que fai que se escoite en toda a aula. Dicción perfecta.	Non é escoitado por toda a aula, sendo necesario o lembrarlle que eleve o volume. Dicción mellorable.	Volume de voz baixo. Dicción mellorable.	Volume de voz moi baixo. Dicción inintelixible.
	Linguaxe corporal correcta,	Non mantén en todo	Linguaxe corporal	Uso nulo das

LINGUAXE NON VERBAL	o que xera interese.	momento unha linguaxe corporal adecuada.	pasiva, facendo un uso escaso das normas da linguaxe non verbal, o que deriva nunha falta de interese polo que expón.	normas da linguaxe non verbal
RECURSOS DIDÁCTICOS	Usa soportes audiovisuais en diversos formatos, atractivos e de calidade. Consulta información adicional sobre o traballo a realizar.	Usa soporte visual adecuado. Algunha vez, consulta información adicional sobre o traballo a realizar.	Emprega soporte visual non adecuado. Non consulta información adicional sobre o traballo a realizar.	Non utiliza soporte visual. Non consulta información adicional sobre o traballo a realizar.
ACTITUDE ANTE AS EXPOSICIÓNS ALLEAS	Intervén de xeito respectuoso e crítico.	Nalgunha ocasión, intervén nas exposicións alleas.	Non intervén de xeito voluntario.	Irrespectuoso no caso de intervir ante exposicións alleas.
ACTITUDE NOS TRABALLOS EN GRUPO	Intervén de xeito activo nos traballos en grupo. Usa a lingua galega	Intervén de xeito activo nos traballos en grupo. Usa a lingua galega, pero hai que recordarllo.	Pasividade xeral nos traballos en grupo. Uso da lingua castelá.	Non traballa grupalmente. Uso da lingua castelá.

Avaliación: nota obtida : 10 =

6- LINGUA GALEGA E LITERATURA 4º ESO.

- **Introdución e contextualización.**

A materia de Lingua galega e literatura de 4º de ESO conta con tres sesións lectivas semanais e neles, igual que en cursos anteriores, potenciarase , ademais do estudo da nosa lingua o correcto uso da mesma tanto na súa expresión escrita como oral.

No noso centro hai seis cursos de 4º de ESO, cunha media de 27 alumn@s por aula. Moit@s rapaces e rapazas deste nivel seguen mostrando dificultade na expresión oral da nosa lingua polo que os dous primeiros bloques de contido desta materia, ao igual que nos cursos anteriores, referidos á expresión oral e escrita seguirán a ter especial importancia.

Esta materia consta de tres períodos lectivos e neles adicarase atención especial ás actividades orais como exposicións e debates , dada a falta de uso do galego no noso contextode xeito que se favoreza ademais da aprendizaxe da nosa lingua a súa normalización

O desenvolvemento de todos os contidos abordarase desde unha óptica competencial, valorando as relacións que cada un deles ten coas competencias clave, que aparecen especificadas, a partir dos estándares de aprendizaxe avaliáveis, no currículo da materia.

A avaliación, por iso mesmo, será tamén competencial e terá en conta a relación que se establece no

currículo entre os estándares de aprendizaxe, detallados en cada bloque e as competencias clave.

Como actividade extraescolar específica do departamento para este nivel está prevista o roteiro Castelao pola cidade de Pontevedra.

- **Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliados da materia que forman parte dos perfís competenciais.**

O eixo central da programación para 4ºESO radica no propósito de lograr unha maior competencia lingüística e comunicativa do alumnado. Trátase de ampliar unha vez máis e como complemento dos cursos anteriores o seu repertorio de habilidades lingüísticas, prestando especial coidado á súa selección conforme ao contexto social e a finalidade coa que se elabora a mensaxe. Aspecto este a reforzar con exercicios específicos destinados a corrixir e consolidar elementos de corrección morfosintáctica e procedementos de cohesión textual.

En última instancia, trátase como meta final do ensino secundario obrigatorio de promover o uso das capacidades no marco dunha actitude normalizadora consciente, consecuente e activa.

Así mesmo, estimularase o alumnado para conseguir que se aproxime ao coñecemento de aspectos relacionados coa realidade sociolingüística galega tales como o bilingüismo, diglosia, normalización, normativización, interferencias ou variedades diatópicas, tanto desde un punto de vista diacrónico como sincrónico.

Por outra banda, sensibilizarase ao alumnado para que coñeza e aprecie o noso patrimonio literario do século XX e XXI como expresión lingüística, de identidade colectiva e cultural.

Na materia de Lingua galega e Literatura de 4º de ESO contribuirase ao desenvolvemento de cada unha das competencias clave en relación cos bloques de contido do seguinte xeito:

Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar

Neste B1 as competencias clave a lograr vinculadas aos diferentes estándares de aprendizaxe e interrelacionadas cos criterios de avaliación, os contidos e os obxectivos son as seguintes:

- a) Comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia dixital (CD).
- c) Aprender a aprender (CAA).
- d) Competencias sociais e cívicas (CSC).
- e) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- f) Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir

No B2 as competencias clave a lograr vinculadas aos diferentes estándares de aprendizaxe e interrelacionadas cos criterios de avaliación, os contidos e os obxectivos son as seguintes:

- a) Comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia dixital (CD).

- c) Aprender a aprender (CAA).
- d) Competencias sociais e cívicas (CSC).

Bloque 3. Funcionamento da lingua (Lingüística)

No B3 as competencias clave a lograr vinculadas aos diferentes estándares de aprendizaxe e interrelacionadas cos criterios de avaliación, os contidos e os obxectivos son as seguintes:

- a) Comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia dixital (CD).
- c) Aprender a aprender (CAA).
- d) Competencias sociais e cívicas (CSC).

Bloque 4. Lingua e sociedade (Sociolingüística)

No B4 as competencias clave a lograr vinculadas aos diferentes estándares de aprendizaxe e interrelacionadas cos criterios de avaliación, os contidos e os obxectivos son as seguintes:

- a) Comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia dixital (CD).
- d) Competencias sociais e cívicas (CSC).

Bloque 5. Educación literaria (Literatura)

No B5 as competencias clave a lograr vinculadas aos diferentes estándares de aprendizaxe e interrelacionadas cos criterios de avaliación, os contidos e os obxectivos son as seguintes:

- a) Comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia dixital (CD).
- f) Conciencia e expresións culturais (CCEC).

- **Concreción dos obxectivos para o curso.**

O alumnado ao final deste curso e etapa deberá ser quen de analizar criticamente o feito literario con respecto ao feito sociohistórico; de valorar os textos literarios como fonte de creatividade, información, pracer e posible proxección persoal; de lograr un certo dominio do comentario de texto literario en función da razón crítica a fin de que o alumnado poda emitir os seus propios xuízos de valor; e , en fin, de conseguir que se interese pola lectura de textos literarios de diferentes xéneros, utilizando criterios propios de selección, interpretación e valoración.

Os obxectivos do curso para a materia Lingua galega e literatura de 4º de ESO serán os seguintes:

- Perfeccionar a competencia lingüística e comunicativa oral do alumnado, tanto no referido ás súas habilidades comprensivas como expresivas.
- Presentar a diversidade lingüística, referida ás variedades internas das linguas, como algo positivo, facendo fincapé nas variedades xeográficas ou dialectais.
- Determinar as funcións específicas que debe cubrir a variedade estándar.
- Perfeccionar a competencia lingüística e comunicativa escrita do alumnado, tanto no referido ás súas habilidades comprensivas, como ás expresivas.
- Presentar a diversidade lingüística, referida ás variedades internas das linguas, como algo positivo.
- Perfeccionar o uso correcto da ortografía e a capacidade expresiva dos signos de puntuación.
- Desde a perspectiva da linguaxe como un fenómeno oral, achegarse a un maior coñecemento dos sons da lingua.
- Valorar o coñecemento da morfoloxía e da sintaxe como as partes fundamentais da gramática e sobre todo de cara a unha maior capacidade textual organizativa.
- Valorar a semántica lexical ou lexicoloxía como fonte de riqueza para o idioma..
- Adquirir un manexo máis solvente da gramática textual: propiedades dos textos, técnicas da escrita e tipos e redacción de textos.
- Achegarse ao coñecemento das variedades dialectais e integrar selectivamente as peculiaridades dialectais de cada alumno/a no seu repertorio expresivo.
- Coñecer a situación social da lingua no primeiro terzo do século XX, durante a ditadura e na actualidade.
- Coñecer e valorar o labor levado a cabo polos partidarios da normalización da lingua no contexto dunha sociedade diglósica, propensa á política asimilacionista.
- Observar e analizar con criterio o fenómeno do conflito lingüístico e analizar a situación legal do galego.
- Analizar criticamente o feito literario con respecto ao feito sociohistórico e valorar os textos literarios como fonte de creatividade, información, pracer e posible proxección persoal.
- Dominar as técnicas básicas do comentario literario.
- Coñecer a importancia e o labor das Irmandades da Fala, do Grupo Nós e das Vanguardas.
- Aprofundar na temática e na expresión formal dos autores vangardistas.
- Coñecer e valorar as diferentes correntes literarias do exilio, ditadura, transición e democracia.

- Organización dos contidos curriculares, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, indicadores de consecución, actividades e temporalización.

Bloque 4. Lingua e sociedade	o,p	B.4.5. Historia da lingua: do latín ao galego; situación lingüística da Península antes da romanización; substrato e o estrato latino (principais evolucións fonéticas do latín ao galego). A Romanización e o nacemento das linguas romances; o superestrato.	- Traballos e esquemas sobre a formación do galego. -Visualización do episodio da serie <i>Historias de Galicia</i> da TVG que aborda a formación da nosa lingua. TEMPORALIZACIÓN: <i>Primeira avaliación,</i>
Bloque 4. Lingua e sociedade	o,p	B.4.6. Cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais e as familias léxicas irregulares.	-Exercicios de identificación e análise de cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais. TEMPORALIZACIÓN: <i>Primeira avaliación,</i>
Bloque 4. Lingua e sociedade	o,p	B.4.7. Historia da lingua: o galego antigo (Idade Media), emerxencia e declive, características lingüísticas, contexto histórico e cultural, e situación sociolingüística.	-Exposición da situación sociolingüística do galego na Idade Media. -Análise de textos medievais indicando os trazos caracterizadores da lingua neste período. TEMPORALIZACIÓN: <i>Primeira avaliación,</i>
Bloque 4. Lingua e sociedade	o,p	B.4.8. Historia da lingua: galego medio; dialectalización da lingua (séculos XVI, XVII e XVIII); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística e características lingüísticas.	-Exposición da situación sociolingüística do galego medio. -Análise de textos dos Séculos Escuros indicando os trazos caracterizadores da lingua neste período. TEMPORALIZACIÓN: <i>Segunda avaliación,</i>
Bloque 4. Lingua e sociedade	o,p	B.4.9. Historia da lingua: galego moderno (desde o século XIX ata 1916); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística e características lingüísticas.	-Exposición da situación sociolingüística do galego no Rexurdimento.. -Análise de textos do Rexurdimento indicando os trazos caracterizadores da lingua neste período. TEMPORALIZACIÓN: <i>Terceira avaliación,</i>
Bloque 5. A literatura.	e,n	B5.1. Definición dos conceptos "literatura" e "texto literario", caracterización dos diferentes xéneros e análise dos seus principais recursos formais e descrición da cronoloxía xeral	-Esquema no que se inclúa a definición de literatura e dos principais xéneros literarios. TEMPORALIZACIÓN: <i>Primeira avaliación</i>

		da historia da literatura galega.	
Bloque 5. A literatura.	e,n	B5.2. Definición de "literatura galega de tradición oral" e as súas principais concrecións xenéricas, relación histórica da súa vitalidade e mais das principais manifestacións e compilacións realizadas nos diferentes períodos históricos ata a actualidade.	-Traballo de recollida de textos de tradición oral da contorna do alumnado. TEMPORALIZACIÓN: <i>Ao longo de todo curso</i>
Bloque 5. A literatura.	e,n	B5.3. A literatura medieval: contextualización sociohistórica e sociolingüística das súas orixes, definición das características principais e análise da lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio), a lírica relixiosa (cantigas de Santa María) e a prosa medieval.	-Esquemas do contexto e das principais características da literatura galega medieval . TEMPORALIZACIÓN: <i>Primeira avaliación,</i>
Bloque 5. A literatura.	e,d,n	B5.4. Lectura de textos significativos da literatura medieval, identificación das súas características temáticas e formais e relación destas co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.	-Lectura e comentario de textos medievais. TEMPORALIZACIÓN: <i>Primeira avaliación,</i>
Bloque 5. A literatura.	e,n	B5.5. A literatura do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII): contextualización sociohistórica e sociolingüística da produción desta etapa, e descrición e análise das obras e os/as autores/as principais.	-Esquemas do contexto e das principais características da literatura dos Séculos Escuros . TEMPORALIZACIÓN: <i>Primeira avaliación,</i>
Bloque 5. A literatura.	e,d,n	B5.6. Lectura de textos significativos da literatura do galego medio, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.	-Lectura e comentario de textos significativos do galego medio. TEMPORALIZACIÓN: <i>Segunda avaliación,</i>
Bloque 5. A literatura.	e,n	B5.7. A literatura do Rexurdimento: contextualización sociohistórica e sociolingüística da produción do Prerrexurdimento e o Rexurdimento pleno ata 1916 e descrición e análise das obras e os/as autores/as principais deste período.	-Esquemas do contexto e das principais características da literatura galega do Rexurdimento . TEMPORALIZACIÓN: <i>Primeira avaliación,</i>
Bloque 5. A literatura.	e,d,n	B5.8. Lectura de textos significativos dos/das principais autores/as do Prerrexurdimento, o Rexurdimento pleno e os comezos do século XX ata 1916, identificación das súas características temáticas e	--Lectura e comentario de textos significativos do Rexurdimento. TEMPORALIZACIÓN: <i>Terceira avaliación,</i>

		formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.	
--	--	--	--

● **Procedementos e instrumentos de avaliación para os estándares de aprendizaxe.**

Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación (incluíndo o criterio de corrección, se é o caso)
<p>LGB1.1.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.</p> <p>LGB1.1.2. Recolle as ideas fundamentais e secundarias en resumos, esquemas ou mapas conceptuais.</p> <p>LGB1.1.3. Interpreta, reflexiona e emite xuízos críticos sobre discursos orais de distinta natureza.</p>	<p>-Escoita e proba oral.</p>
<p>LGB1.2.1. Sintetiza o contido dun texto ou responde preguntas concretas relativas á comprensión de textos orais.</p> <p>LGB1.2.2. Comprende as ideas principais e contidos relevantes dunha presentación, charla ou conferencia.</p> <p>LGB1.2.3. Recoñece as distintas estratexias de organización do contido nunha exposición oral sobre un tema especializado propio do ámbito académico ou de divulgación científica e cultural.</p> <p>LGB1.2.4. Escoita de maneira activa, toma notas e formula preguntas coa intención de aclarar ou ampliar ideas que se desprenden da exposición oral.</p>	<p>-Debates sobre o tratamento de diversos temas.</p> <p>-Exposicións orais que reflectan os traballos cooperativos realizados na aula.</p> <p>-Probas orais .</p>
<p>LGB1.3.1. Recoñece a intención comunicativa, as ideas principais e relevantes de programas de radio e televisión (entrevistas, documentais, series e películas).</p> <p>LGB1.3.2. Identifica as características propias dos principais xéneros informativos e de opinión procedentes dos medios de comunicación social.</p> <p>LGB1.3.3. Analiza e explica os recursos verbais e non verbais.</p>	<p>-Valoración da análise crítica de entrevistas, documentais, series... visualizadas na clase.</p>
<p>LGB1.4.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso.</p> <p>LGB1.4.2. Coñece, valora e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral; respecta as quendas e as opinións alleas.</p> <p>LGB1.4.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.</p>	<p>-Exposicións orais e traballo en equipo no que o propio alumnado avaliará a súa actividade e a d@s compañeir@</p>
<p>LGB1.5.1. Planifica os seus textos orais e produce discursos adecuados, coherentes e ben cohesionados.</p> <p>LGB1.5.2. Consulta fontes de información diversas e revisa os borradores e esquemas.</p> <p>LGB1.5.3. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical.</p> <p>LGB1.5.4. Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa.</p> <p>LGB1.5.5. Emprega axeitadamente os elementos</p>	<p>-Corrección de actividades por parte da profesora.</p> <p>-Autocorrección.</p>

<p>prosódicos e (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público.</p> <p>LGB1.5.6. Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación atractiva e innovadora.</p>	
<p>LGB1.6.1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical.</p> <p>LGB1.6.2. Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín.</p> <p>LGB1.6.3. Emprega recursos verbais e non verbais en textos expositivos.</p> <p>LGB1.6.4. Adecúa o texto segundo a intención comunicativa, o tema e o xénero textual.</p>	-Observación e valoración de actividades diarias.
<p>LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.</p>	-Exposicións orais e traballo en equipo no que o propio alumnado avaliará a súa actividade e a d@s compañeir@s
<p>LGB1.8.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras.</p> <p>LGB1.8.2. Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria.</p>	
<p>LGB1.9.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais.</p>	-Observación e valoración de actividades diarias.
<p>LGB1.10.1. Recoñece en exposicións propias e alleas as dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, mal uso dos rexistros pobreza léxica, fonética e entoación inadecuada) e identifica interferencias lingüísticas e desviacións da norma.</p> <p>LGB1.10.2. Deseña estratexias para mellorar e progresar de xeito autónomo.</p>	-Exposicións orais e traballo en equipo no que o propio alumnado avaliará a súa actividade e a d@s compañeir@
<p>LGB1.11.1. Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega.</p> <p>LGB1.11.2. Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega.</p> <p>LGB1.11.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.</p>	-Exposicións orais e traballo en equipo no que o propio alumnado avaliará a súa actividade e a d@s compañeir@
<p>LGB2.1.1. Recolle as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais.</p> <p>LGB2.1.2. Interpreta o sentido global do texto, identifica o propósito comunicativo do/da autora e emite opinións e xuízos sobre a mensaxe.</p> <p>LGB2.1.3. Distingue o tema principal e os subtemas e compón o esquema xerarquizado das ideas do texto.</p> <p>LGB2.1.4. Utiliza recursos bibliográficos, audiovisuais e dixitais para facilitar a comprensión e complementar a información do texto.</p>	-Corrección de actividades por parte da profesora. -Autocorrección.
<p>LGB2.2.1. Selecciona e presenta os contidos dos seus textos de forma clara e ordenada.</p> <p>LGB2.2.2. Identifica e describe as características lingüísticas dos distintos tipos de rexistro.</p> <p>LGB2.2.3. Utiliza o rexistro lingüístico axeitado á</p>	-Corrección de actividades por parte da profesora. -Autocorrección.

<p>situación comunicativa das súas producións.</p> <p>LGB2.2.4. Utiliza mecanismos variados de cohesión lingüística.</p> <p>LGB2.2.5. Axústase ás normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.</p>	
<p>LGB2.3.1. Comprende, interpreta e sintetiza tanto o contido de materiais de consulta (dicionarios, glosarios e enciclopedias) e textos argumentativos e expositivos (ensaos).</p>	-Observación e valoración de actividades diarias.
<p>LGB2.3.2. Identifica o tema e a estrutura de textos de carácter expositivo e argumentativo, de tema especializado, propios do ámbito académico ou de divulgación científica e cultural.</p> <p>LGB2.3.2. Identifica o tema e a estrutura de textos de carácter expositivo e argumentativo, de tema especializado, propios do ámbito académico ou de divulgación científica e cultural.</p> <p>LGB2.3.3. Sintetiza e distingue as ideas principais e as secundarias de textos de carácter expositivo e argumentativo propios do ámbito académico.</p> <p>LGB2.3.4. Analiza os recursos verbais e non verbais dos textos expositivos e argumentativos de tema especializado e valóraos en función da intención comunicativa do/da autor/a, do tema e do xénero textual.</p> <p>LGB2.3.5. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical.</p> <p>LGB2.3.6. Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín.</p>	<p>-Corrección de actividades relacionadas cos tipos de textos.</p> <p>-Proba escrita.</p>
<p>LGB2.4.1. Comprende, produce e valora de forma crítica textos publicitarios e periodísticos de carácter informativo ou de opinión.</p> <p>LGB2.4.2. Interpreta as mensaxes publicitarias e reconece os elementos de persuasión dos anuncios.</p> <p>LGB2.4.3. Identifica e rexeita as ideas e os usos lingüísticos discriminatorios dos textos publicitarios.</p>	-Observación e valoración de actividades diarias.
<p>LGB2.5.1. Identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal, de contido e as características lingüísticas dos textos descritivos e produce outros textos similares.</p>	
<p>LGB2.6.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal, de contido e as características lingüísticas dos textos expositivos.</p>	<p>-Observación e valoración de actividades diarias.</p> <p>-Probas escritas</p>
<p>LGB2.7.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos narrativos.</p>	<p>-Observación e valoración de actividades diarias.</p> <p>-Probas escritas</p>
<p>LGB2.8.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos argumentativos.</p>	<p>-Observación e valoración de actividades diarias.</p> <p>-Probas escritas</p>
<p>LGB2.9.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos dialogados.</p>	<p>-Observación e valoración de actividades diarias.</p> <p>-Probas escritas</p>
<p>LGB2.10.1. Consulta fontes dixitais, contrasta e selecciona a información relevante mediante fichas-resumo.</p> <p>LGB2.10.2. Planifica os escritos en función dunha orde predefinida e revisa o proceso de escritura con axuda de ferramentas dixitais.</p> <p>LGB2.10.3. Respecta as normas de presentación dos</p>	-Valoración do traballo en equipo.

traballos escritos, a organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía.	
LGB3.1.1. Emprega os principais coñecementos de Lingüística Xeral para comprender e analizar textos alleos de distintos ámbitos e para producir, compor e revisar textos propios e de temáticas diversas vinculados á comunicación e á linguaxe. LGB3.1.2. Describe os principais conceptos de Lingüística Xeral: comunicación, linguaxe, lingua, unidades lingüísticas, signo lingüístico e diversas disciplinas lingüísticas.	- Corrección de actividades por parte da profesora. -Proba escrita.
LGB3.2.1. Recoñece os rexistros lingüísticos en textos orais e escritos en función da intención comunicativa. LGB3.2.2. Valora a importancia de utilizar o rexistro axeitado a cada situación comunicativa e aplícao nas súas producións orais e escritas.	-Observación e valoración de actividades diarias.
LGB3.3.1. Produce textos escritos ou orais de diferentes xéneros mostrando un correcto nivel de corrección gramatical, presentación, adecuación, coherencia, cohesión e corrección.	-Observación e valoración de actividades diarias. -Valoración do traballo en equipo.
LGB3.4.1. Identifica e explica os usos e valores do substantivo e do adxectivo nun texto, relacionándoos coa intención comunicativa, coa tipoloxía textual, así como con outros compoñentes da situación comunicativa.	-Corrección de actividades por parte da profesora. -Autocorrección. -Proba escrita.
LGB3.5.1. Identifica e explica os usos e valores dos determinantes, relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.	-Corrección de actividades por parte da profesora. -Autocorrección. -Proba escrita.
LGB3.6.1. Identifica e explica os usos e valores dos verbos e das perífrases e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.	-Corrección de actividades por parte da profesora. -Autocorrección. -Proba escrita.
LGB3.7.1. Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores que lle proporcionan cohesión a un texto.	-Corrección de actividades por parte da profesora. -Autocorrección. -Proba escrita.
LGB3.8.1. Identifica e explica os usos e valores dos adverbios e das locucións adverbiais e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.	-Corrección de actividades por parte da profesora. -Autocorrección. -Proba escrita.
LGB3.9.1. Identifica e explica os usos e valores dos pronomes e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.	-Corrección de actividades por parte da profesora. -Autocorrección. -Proba escrita.
LGB3.10.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	-Valoración do traballo en equipo.
LGB3.11.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.	-Observación e valoración de actividades diarias.

LGB4.1.1. Distingue as funcións sociais da lingua e determina a situación do galego respecto a elas.	-Valoración do traballo en equipo.
LGB4.2.1. Describe a diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica. LGB4.2.2. Determina o papel da lusofonía nas linguas do mundo no século XXI e a súa importancia cultural e económica desde a perspectiva galega. LGB4.2.3. Diferencia e explica os conceptos de multilingüismo, plurilingüismo, lingua minoritaria e lingua minorizada, conflito lingüístico e diglosia e describe os fundamentos do ecolingüismo.	-Corrección de actividades por parte da profesora. -Probas orais .
LGB4.3.1. Describe a romanización e o nacemento das linguas romances. LGB4.3.2. Identifica e describe os diferentes elementos constitutivos do galego ao longo da historia (substrato, estrato e superestrato).	-Corrección de actividades por parte da profesora. -Autocorrección. -Proba escrita.
LGB4.4.1. Recoñece os cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais e cita algún exemplo. LGB4.4.2. Distingue as familias léxicas irregulares e utilízalas correctamente.	-Corrección de actividades por parte da profesora. -Autocorrección. -Proba escrita.
LGB4.5.1. Identifica e describe as características lingüísticas fundamentais do galego antigo. LGB4.5.2. Describir o contexto histórico e cultural do galego antigo así como a súa situación sociolingüística. LGB4.5.3. Identifica o galego antigo en documentos non literarios e literarios.	-Corrección de actividades por parte da profesora. -Autocorrección. -Proba escrita.
LGB4.6.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII), describe o seu contexto e identifícao en textos. LGB4.6.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego medio así como a súa situación sociolingüística. LGB4.6.3. Analiza a repercusión desta etapa de dialectalización da lingua no desenvolvemento posterior do galego. LGB4.6.4. Identifica o galego medio en documentos non literarios e literarios.	-Corrección de actividades por parte da profesora. -Autocorrección. -Proba escrita.
LGB4.7.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde o século XIX ata 1916). LGB4.7.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno (desde o século XIX ata 1916) así como a súa situación sociolingüística. LGB4.7.3. Analiza a repercusión da etapa de nacemento do galego moderno (desde o século XIX ata 1916) no desenvolvemento posterior da lingua. LGB4.7.4. Identifica o galego moderno (desde o século XIX ata 1916) en documentos non literarios e literarios. LGB4.7.5. Elabora traballos de xeito individual e/ou en grupo nos que se describen e analizan textos anteriores a 1916.	-Corrección de actividades por parte da profesora. -Autocorrección. -Proba escrita.
LGB5.1.1. Define "literatura" e "texto literario", caracteriza os diferentes xéneros e analiza os seus principais recursos formais e describe a cronoloxía xeral da historia da literatura galega. LGB5.1.2. Compara textos de diferentes xéneros, caracterizándoos a partir dos seus trazos formais e estruturais definatorios. LGB5.1.3. Adscribe á súa época autores/as e textos	-Corrección de actividades por parte da profesora. -Probas orais .

destacados da historia da literatura galega.	
LGB5.2.1. Define "literatura galega de tradición oral" e as súas principais concrecións xenéricas, concreta a historia da súa vitalidade e mais as principais manifestacións e compilacións nos diferentes períodos históricos ata a actualidade. LGB5.2.2. Le e comenta textos dos diferentes xéneros da literatura galega de tradición oral e identifica os seus principais trazos formais, estruturais e temáticos.	-Corrección de actividades por parte da profesora. -Probas orais .
LGB5.3.1. Identifica, analiza e describe a literatura medieval: contextualiza sociohistórica e sociolingüísticamente as súas orixes, define as características principais e analiza a lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio), a lírica relixiosa (cantigas de Santa María) e a prosa medieval.	
LGB5.4.1. Le e comenta textos representativos da literatura medieval, caracterízalos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	-Corrección de actividades por parte da profesora. -Probas escritas .
LGB5.5.1. Identifica, analiza e describe a literatura do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII): contextualiza sociohistórica e sociolingüísticamente a produción desta etapa, e describe e analiza as obras e os/as autores/as principais.	-Corrección de actividades por parte da profesora. -Probas escritas .
LGB5.6.1. Le e comenta textos representativos da literatura do galego medio, caracterízalos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	-Corrección de actividades por parte da profesora. -Probas escritas .
LGB5.7.1. Identifica, analiza e describe a literatura do Rexurdimento: contextualiza sociohistórica e sociolingüísticamente a produción do Prerrexurdimento e o Rexurdimento pleno ata 1916 e describe e analiza as obras e os/as autores/as principais deste período.	-Corrección de actividades por parte da profesora. -Probas escritas .
LGB5.8.1. Le e comenta textos representativos da literatura do Rexurdimento (tanto do Prerrexurdimento como do Rexurdimento pleno e a literatura de comezos do século XX ata 1916), caracterízalos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	-Corrección de actividades por parte da profesora. -Probas escritas .

- **Concrecións metodolóxicas que require a materia.**
- O profesorado será un guía no proceso de descuberta-aprendizaxe do alumnado, quen será o verdadeiro protagonista. Nos métodos de traballo tratará de combinarse o individual co colectivo e a investigación coa propia creación.
- Facilitarase o traballo autónomo do alumnado, estimulando tamén as súas capacidades para o traballo en equipo, favorecendo situacións de aprendizaxes contextualizadas.
- Impulsarase a busca de todo tipo de información, a súa interpretación e reutilización para a elaboración de textos propios.
- Potenciarase a utilización de formatos dixitais na realización de tarefas e na presentación de traballos.
- Lectura, interpretación e valoración de obras literarias, ben individual, ben colectivamente, e que deberá ter como finalidade fomentar o gusto pola lectura, así como a capacidade de busca e elección,

crítica e selectiva de libros e fontes de información.

- Creación de dinámicas que impliquen o alumnado e o leven á participación na planificación e avaliación das súas actividades.
- Ofrecer actividades abertas que impliquen a busca, selección e tratamento da información, a posibilidade de tomar decisións e emitir opinións sobre diferentes cuestións de forma crítica.
- A análise sociolingüística partirá da premisa de que o alumnado saiba distinguir, por unha parte, o uso das diferentes variedades internas da lingua e por outra, os condicionantes que operan na elección de unha das dúas linguas en conflito na nosa comunidade. Neste senso estimularase a autoanálise de cada alumno/a e do seu contorno máis inmediato nos seus comportamentos sociolingüísticos, en comparación cos comportamentos xerais do país, a través de múltiples tarefas encamiñadas a conseguir dito obxectivo.
- A literatura servirase dos textos co fin de servir de reforzo á consecución de obxectivos non só literarios, senón tamén históricos, sociolóxicos, culturais e sociolingüísticos.
- **Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.**

Neste curso de 1º Bacharelato o profesorado e o alumnado disporá do seguinte libro de texto:

Lingua galega e literatura I de Xerais .

Ademais poderase facer entrega ao alumnado de material de apoio como fotocopias, fichas para a realización de exercicios prácticos, prensa escrita, fichas etc...

O recurso das novas tecnoloxías da información e comunicación (TIC) deberá ser un elemento activo máis da aprendizaxe. Utilizaranse recursos audiovisuais ben a través de internet ou en distintos soportes (power-points, blogs etc---).

As obras de lectura propostas para este nivel achéganse no **ANEXO 1** da programación deste curso 1º Bacharelato.

- **Cráterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.**

Os criterios de avaliación e cualificación do alumnado de 1º Bacharelato inclúense no **ANEXO 2** da programación deste curso e estarán expostas nas aulas ao longo de todo o curso.

Promoción e continuidade en 1º Bacharelato

Os alumnos e as alumnas terán promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando teñan superadas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias, como máximo. En todo caso, deberán matricularse en segundo curso das materias pendentes de primeiro. O departamento organizará as consecuentes actividades de recuperación e a avaliación das materias pendentes.

Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou a alumna deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que os alumnos e as alumnas poidan cursar

máis materias do devandito bloque.

Continuidade das materias I e II.

O artigo 36 da LOMCE sinala que a superación das materias de segundo curso que se indican no anexo VI do decreto estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso indicadas no devandito anexo, por implicar continuidade, caso da Lingua Galega e Literatura I e Lingua Galega e Literatura II.

Non obstante, o alumnado poderá matricularse da materia de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que o alumno ou a alumna reúnen as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo. En caso contrario, deberase cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións en que se terá promoción a segundo.

Anexo 1 : Cadro de lecturas

1º Bacharelato

LISTA DE LECTURAS

LISTA DE LECTURAS

1ª AVALIACIÓN

Lectura obrigatoria:

A arte de trobar, Santiago Lopo, edicións Xerais

Lecturas voluntarias:

A memoria da choiva , Pedro Feijoo edicións Xerais.

O club da calceta, María Reimóndez, edic.Xerais.

2ª AVALIACIÓN

Lectura obrigatoria:

Erros e Tánatos, Gonzalo Navaza, edic.Xerais

Lecturas voluntarias:

Made in Galiza, Sechu Sende, edicións Xerais

Celtas sen filtro, X.L . Méndez Ferrín (descarga dixital)

3ª AVALIACIÓN

Lectura obrigatoria:

Follas Novas, Rosalía de Castro, editorial Galaxia

Lecturas voluntarias:

Agosto do 36, Xosé Fernández Ferreiro, edicións Xerais

Comedia bífida, Núñez Singala, editorial Galaxia.

Anexo 2: Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

CURSO 2021-2022

1º BACHARELATO

Na valoración do traballo realizado polo alumnado en cada avaliación, aplicarase a seguinte porcentaxe:

- **Avaliación de contidos e destrezas:** En cada trimestre aplicaranse os criterios de avaliación de cada bloque de contido en relación cos estándares de aprendizaxe implicados. Estableceranse as rúbricas correspondentes tendo en conta a materia a avaliar e o tipo de tarefas e actividades proposto.

Os mecanismos de avaliación consistirán en probas escritas, traballos, exposicións, presentacións, oralidade etc... relacionadas coa materia. A puntuación distribuirase do seguinte xeito:

- Proba(s) escrita(s) -----70%
- Tarefas realizadas polo alumnado dentro* e fóra da aula, relacionadas cos contidos traballados (exercicios, comentarios de texto, esquemas, cuestionarios...) ----- 10%

* Recolleranse actividades feitas na aula, que serán valoradas cun máximo de 0,5. No caso de ausencia do alumno ou alumna, só se valorará a puntuación desa tarefa se xustifica a falta á clase e a presenta no prazo dunha semana.

- **Oralidade** -----10%
O alumnado cinguirase aos criterios establecidos polo profesorado (tempo, lingua...), o incumprimento dos mesmos repercutirá negativamente na nota.

- **Lectura** ----- 10%

O alumnado realizará a lectura dunha obra por avaliación, esta lectura valorarase a partir dunha proba escrita ou oral.

Se o alumno ou alumna suspendese ou non realizase a proba de lectura, poderá facer unha recuperación a

partir dunha proba oral ou escrita, cunha data límite fixada polo profesor ou profesora ,esta nunca excederá o 0,5 de puntuación.

Polo que respecta ás lecturas voluntarias, cualificaranse a partir dunha proba oral ou escrita no prazo determinado polo profesor ou profesora. O alumnado poderá escoller entre os libros propostos en cada trimestre ou os que acorden co profesor ou profesora, realizaranse ata un máximo de unha lectura por trimestre podendo acadar ata un 0,5, que se sumará á nota media da avaliación, esta terase en conta sempre e cando o alumno ou alumna acadase o aprobado na materia, de non ser así reservarase para ser sumada na seguinte avaliación.

Durante o curso informarase ao alumnado das diferentes convocatorias de certames literarios, a participación en calquera deles, será valorada como se realizasen unha lectura voluntaria (0,5).

Para aprobar LINGUA GALEGA E LITERATURA de 1ºBACHARELATO o alumnado debe acadar unha cualificación de 5 que se obterá de sumar cada unha das partes expostas anteriormente.

Só se fará recuperación da 1ª avaliación, as outras dúas recuperaranse no exame final de xuño. O alumnado que se teña que presentar á recuperación , examinarase dos contidos da proba escrita da avaliación, valorada co 70%.O resto das partes serán sumadas á nota da proba para calcular a cualificación definitiva da dita avaliación.A nota final de xuño será a media entre as tres avaliacións.De non acadar o cinco, o alumnado suspenso terá que presentarse á convocatoria extraordinaria de xuño onde dará conta dos contidos relativos ás probas realizadas durante o curso. Esta estará valorada sobre 10. Excluiranse preguntas sobre os libros de lectura ou os traballos realizados.

- A avaliación da expresión oral ou escrita na materia de Lingua e literatura de 1ºBACHARELATO terase en conta ao cualificar ao alumnado o seu grao de corrección na utilización da lingua tanto na súa expresión oral como escrita. Establécese unha listaxe de faltas* ou erros que atinxen á ortografía (no caso da escrita) e tamén á morfoloxía e sintaxe. En cada proba poderá descontarse ata un máximo dun 20% da nota.

***LISTAXE DE ERROS ORTOGRÁFICOS:**

Así nas probas e actividades escritas as **faltas ortográficas** teranse en conta seguindo os seguintes criterios:

FALTAS MOI GRAVES

- Escribir en castelán.
- Non distinguir entre s/x, b/v, una/unha...
- Acento diacrítico.
- Usar formas compostas co verbo haber *he dito.
- Antepoñer o pronome átono nas oracións simples ou nas principais das compostas *o vin, *se nos

dixo.

- Non respectar as normas que imponen os signos ortográficos (uso de maiúsculas despois de punto, separación incorrecta de sílabas...).

FALTAS GRAVES

- Confundir o xénero de certos substantivos.
- Usar as formas do demostrativo popular *estos *esos.
- Non usar os posesivos co artigo diante *nosas cousas.
- Empregar o plural *quenes.
- Usar as formas apocopadas *primer, *primeir.
- Escribir os numerais *cuarenta *ochenta, *quinientos.
- Vacilar no uso dos cardinais *deceseis, *dazaseis.
- Deformación de formas dos indefinidos *alguién, *ninguién.
- Apocopar a forma calquera *calquer, *calqueira.
- Usar algún/algunha nas frases negativas *non me produciu satisfacción algunha.
- Empregar indiscriminadamente os pronomes persoais te/che, lle, lles/o, os *xa te fixen o recado, *chameille por teléfono.
- Usar as formas do pronome suxeito como segundo termo da comparación *traballa máis ca eu.
- Conxugar con erros *anduvén/andiven, *podría, *estuvo, *iba, *salgo, *traigo, *creer, *supen.
- Manter o grupo -zc- na 1ª persoa do presente de indicativo e no presente de subxuntivo *conduzco, *obedezco, *conduzca, *obedezca.
- Escribir a preposición a na perífrase IR + INFINITIVO * vou a ir ó cine.
- Empregar verbos da 2ª conxugación como pertencentes á 3ª *batir, *ocurrir.
- Castelanizar certos adverbios e preposicións *ahora, * hasta, *sin, *según.

FALTAS LEVES

- Acentuación.

Nota: As incorreccións catalogadas como moi graves na escrita suporán un -0.2 menos na porcentaxe de expresión. As faltas graves reducirán - 0.1 puntos. As faltas leves serán sancionadas con -0.05 cada unha.

O desconto máximo por faltas nunca superará o 20% da nota.

Estes mesmos criterios teranse en conta na proba extraordinaria de setembro.

ERROS NA EXPRESIÓN ORAL:

Consideraranse faltas graves nas probas e actividades orais:

- utilización de tempos compostos,
- mala colocación dos pronomes átonos ,

-castellanismos léxicos e morfolóxicos,

-erros fonéticos graves como non pronunciar o n velar etc...

Restarase 0.20 por cada falta grave.

NOTA: O alumnado poderá expresarse na variante dialectal da que proceda.

IMPORTANTE: Por tratarse dun curso atípico ante a situación sanitaria na que nos atopamos, consideramos que é necesario considerar a posibilidade de ter ensino non presencial, se se dese o caso de ter que pasar por un período de corentena. Así pois usarase a Aula virtual e as Tic para seguir o desenvolvemento das clases na medida do posible. Seguiranse os criterios establecidos no [Plan de continxencia](#) (punto 10) desta Programación Didáctica.

Anexo 3: Modelo de unidade para a programación de aula

Da linguaxe á fala – Do latín ao galego				
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Actividades, tarefas
A B C E G H L N	- BLOQUE I: -Produción, planificación e execución de textos orais relacionados con algún contido do currículo ou tema de actualidade, adecuadas á situación comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección e coa axuda das TIC, así como de elementos non verbais e con control das emocións no intre	1. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais e audiovisuais. 2. Comprender, interpretar e valorar textos orais de carácter expositivo e argumentativo sobre temas especializados (conferencias, clases, charlas, presentacións e videoconferencias). 3. Comprender,	- BLOQUE I: 1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais. 2. Interpreta, reflexiona e emite xuízos críticos sobre discursos orais de distinta natureza. 3. Comprende as ideas principais e contidos relevantes dunha presentación, charla ou conferencia. 4. Identifica os recursos que proporcionan adecuación,	<ul style="list-style-type: none">• Distinguir comunicación, linguaxe, lingua e fala. Realizar un esquema explicando as diferencias.• Visualizar o resumo de 10 minutos da reportaxe: “Genie, a nena salvaxe” . Comentalo sacnado conclusións como : é a linguaxe innata ou adquirida? Podemos

<p>Ñ O</p>	<p>de falar en público.</p> <p>. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.</p> <p>-Bloque II: Aplicación de estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para comprender, analizar e comentar o texto na súa integridade. - Planificación e produción de textos adecuados, coherentes e ben cohesionados, axustados ademais ás normas gramaticais e ben presentados. -Busca e selección de información procedente de fontes bibliográficas ou dixitais e posterior organización e revisión dos textos cos recursos que ofrecen as TIC.</p> <p>- BLOQUE III: LINGUA E COMUNICACIÓN</p> <p>1. Sociedade e comunicación humana. 2. Comunicación animal. 3. Elementos que interveñen no acto de comunicación. 4. Funcións da linguaxe.</p>	<p>interpretar e valorar textos orais e audiovisuais dos medios de comunicación (entrevistas, documentais, series e películas).</p> <p>4. Desenvolver habilidades de escoita activa, para identificar os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao texto.</p> <p>5. Realizar producións orais planificadas, relacionadas con algún contido do currículo ou tema de actualidade adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección e con axuda das TIC así como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público.</p> <p>6. Expor oralmente con rigor e claridade un tema especializado de textos do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.</p> <p>7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con</p>	<p>coherencia e cohesión ao discurso.</p> <p>5. Planifica os seus textos orais e produce discursos adecuados, coherentes e ben cohesionados.</p> <p>6. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical.</p> <p>7. Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa.</p> <p>8. Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín.</p> <p>Bloque II: 1-Recolle as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais.</p> <p>2. Interpreta o sentido global do texto, identifica o propósito comunicativo do/a autor/a e emite opinións e xuízos sobre a mensaxe.</p> <p>3. Distingue o tema principal e os subtemas e compón o esquema xerarquizado das ideas do texto.</p> <p>4. Utiliza recursos bibliográficos, audiovisuais e dixitais para facilitar a comprensión e complementar a información do texto.</p> <p>5 Identifica e describe as características lingüísticas dos distintos tipos de rexistro.</p> <p>6. Utiliza o rexistro lingüístico axeitado á situación comunicativa das súas producións.</p> <p>7. Utiliza mecanismos variados de cohesión lingüística.</p> <p>8. Axústase ás normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.</p> <p>9. Consulta fontes dixitais, contrasta e selecciona a información relevante mediante fichas-resumo.</p> <p>- BLOQUE III:</p>	<p>falar de linguaxe no caso dos animais?</p> <ul style="list-style-type: none"> • Visualizar a conferencia de Patricia Ryan:”Non insistades tanto co inglés” sobre a importancia de perservar as linguas porque son expresión da realidade dos pobos. Debater sobre o contido da mesma. • A partir de dita coferencia distinguir e identificar os distintos tipos de argumentos. • Realizar un esquema relacionando os elementos da comunicación e as funcións da linguaxe. • Explicar oralmente o signo lingüístico e a dobre articulación da linguaxe. • Pór exemplos das distintas variedades da linguas con textos en galego das mesmas. • Visulizar na pizarra dixital “Ghalegho”, vídeo elaborado por rapaces e rapazas de Moaña en defensa das súas variedades dialectais. Tamén a resposta d@s de
----------------	--	--	--	--

	<p>5. Signo lingüístico: significante e significado.</p> <p>6. A dobre articulación da linguaxe.</p> <p>7. A lingua como sistema.</p> <p>8. As variedades lingüísticas. Os rexistros.</p> <p>9. A comunicación escrita.</p> <p>- BLOQUE IV: O GALEGO COMO LINGUA ROMÁNICA. DO LATÍN AO GALEGO</p> <p>1. A situación lingüística da Península antes da romanización: o substrato.</p> <p>2. A <i>Gallaecia</i> romana, berce do idioma. Os romanos en Galiza.</p> <p>3. O superestrato.</p> <p>4. O nacemento das linguas romances.</p> <p>5. Palabras populares, cultismos e semicultismos.</p>	<p>coherencia, cohesión e corrección.</p> <p>8. Participar activa e argumentadamente en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.</p> <p>9. Participar en interaccións sobre temas de interese persoal e/ou social ou asuntos da vida cotiá, nun rexistro formal, neutro ou informal.</p> <p>10. Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e reconecer en exposicións orais propias e alleas as dificultades expresivas.</p> <p>11. Participar oralmente cunha fonética e prosodia correctas, valorar esta pronuncia e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.</p>	<p>1-Describe os principais conceptos de Lingüística Xeral: comunicación, linguaxe, lingua, unidades lingüísticas, signo lingüístico e diversas disciplinas lingüísticas.</p> <p>3. Recoñece os rexistros lingüísticos en textos orais e escritos en función da intención comunicativa.</p> <p>4. Distingue e relaciona comunicación e linguaxe, linguaxe e lingua e lingua e fala.</p> <p>5. Recoñece a unidade e diversidade das linguas.</p> <p>-BLOQUE IV:</p> <p>1. Describe a romanización e o nacemento das linguas romances.</p> <p>2. Identifica e describe os diferentes elementos constitutivos do galego ao longo do proceso da súa formación (substrato, estrato e superestrato).</p> <p>3. Recoñece os cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais e cita algún exemplo.</p> <p>4. Distingue as familias léxicas irregulares e utilizaas correctamente.</p>	<p>Mondoñedo. Debater sobre o contido dos mesmos.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Por grupos, elaborar un traballo no que se recolla a toponimia da zona e antroponimia da clase e a partir del falar do sustrato e superestrato da lingua galega. • Realiza un traballo cooperativo que consistirá en analizar noticias dun xornal en galego para facer unha análise da lingua utilizada, distinguindo o uso de cultismos, semicultismos, palabras patrimoniais, latinismos e préstamos lingüísticos. • Visualizar o capítulo da serie <i>Historias de Galicia</i> da TVG correspondente á formación da lingua galega. Resumir oralmente o seu contido destacando as ideas e datos principais. <p>COMPETENCIAS:</p> <p>CCL</p> <p>CSC</p> <p>CAA</p>
--	--	--	---	--

				CD
				CEC

RÚBRICAS

EXCELENTE 4-3	BEN 3-2	REGULAR 2-1	PRECISA MELLORAR 1-0
É quen de explicar, distinguir e relacionar os conceptos lingüísticos estudados na unidade.	É quen de explicar, relacionar e distinguir os conceptos lingüísticos pero comete algún erro ao facelo.	É quen de explicar, relacionar e distinguir os conceptos lingüísticos pero comete moitos erros ao facelo.	Non é quen de explicar, relacionar e distinguir os conceptos lingüísticos
Coñece e identifica as distintas variedades das linguas e os elementos que conforman as mesmas.	Coñece e identifica a maioría das variedades e elementos que conforman as linguas.	Coñece e identifica só algunhas das variedades e elementos que conforman as linguas.	Non coñece nin identifica as variedades e elementos que conforman as linguas.
Achega ideas nos debates propostos na clase pero ten erros na expresión oral en lingua galega , ben no léxico, na corrección gramatical e na fonética axeitada., mostrando un bo dominio da expresión oral en lingua galega , tanto polo léxico utilizado como pola corrección gramatical e a fonética axeitada.	Achega ideas nos debates propostos na clase pero ten erros na expresión oral en lingua galega , ben no léxico, na corrección gramatical e na fonética axeitada.	Achega poucas ideas nos debates propostos na clase e ten erros na expresión oral en lingua galega , ben no léxico, na corrección gramatical e na fonética axeitada.	Non achega ideas nin participa nos debates propostos na clase.

Axuda e colabora cos compañeir@s e presenta uns traballos de toponimia e de análise da lingua xornalística completos, cunha expresión escrita correcta e acompañados de mapas para situar os topónimos .	Axuda e colabora cos compañeir@s e presenta un traballo de toponimia acompañados de mapas para situar os topónimos e outro de análise da lingua xornalística incompletos, cunha expresión escrita con algún erro.	Axuda e colabora cos compañeir@s pero presenta un traballo de toponimia e outro de análise da lingua xornalística incompletos, cunha expresión escrita con moitos erros.	Non axuda nin colabora cos compañeir@s e non presenta nin o traballo de toponimia nin o de análise da lingua xornalística ou se os presenta fainode xeito moi incompleto e con moitos erros de expresión e presentación.
Expor os traballos realizados, cumprindo as seguintes premisas: Boa dicción (0.15), vocabulario preciso e amplo (0.3), uso dun soporte dixital(0.25), uso das regras básicas da comunicación non verbal(0.2), expor dun xeito natural e espontáneo, sen ler memoristicamente(0.3), uso correcto das normas gramaticais (0.3)	Cumprimento de 4 dos puntos anteriores	Cumprimento de 2-3	Non cumprimento ou cumprimento de 1
AVALIACIÓN: NOTA OBTIDA : 4=			

8- LINGUA GALEGA E LITERATURA 2º BACHARELATO

● **Introdución**

Durante este curso 2021/2022 os grupos de 2º de bacharelato están compostos dunha media de 30 [alumn@s](#) .

Neste nivel non mostran en xeral unha especial dificultade na expresión oral da nosa lingua, aínda que non sexa en case ningún caso a súa lingua habitual. De todos xeitos a expresión oral e escrita terán especial importancia.

As competencias clave do currículo serán o punto de partida á hora de describir obxectivos, mínimos esixibles e criterios de avaliación.

A descrición das relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación será a establecida de conformidade coa LOMCE: Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación neste caso do bacharelato.

- **Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.**

Bloque 3 Funcionamento da lingua	<ul style="list-style-type: none"> • e 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.3. Análise e explicación do léxico e dos seus procedementos de formación. 	-Actividades de definición e análise de palabras. TEMPORALIZACIÓN: <i>No primeiro trimestre.</i>
Bloque 3 Funcionamento da lingua	<ul style="list-style-type: none"> • e 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.4. Observación, reflexión e explicación das unidades e funcións sintácticas. 	-Actividades de análise sintáctica de secuencias distinguindo unidades e funcións. TEMPORALIZACIÓN: <i>No terceiro trimestre.</i>
Bloque 3	<ul style="list-style-type: none"> • e 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.5. Reflexión e explicación 	-Exercicios de identificación de relacións semánticas.

Funcionamento da lingua		das relacións e unidades semánticas.	TEMPORALIZACIÓN: <i>No terceiro trimestre.</i>
Bloque 3 Funcionamento da lingua	<ul style="list-style-type: none"> • b • e • h 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.6. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais. 	<p>-Participación en actividades organizadas pola biblioteca, departamentos ou institución co gallo do día da paz, da muller, das letras galegas etc.</p> <p>TEMPORALIZACIÓN: <i>Ao longo de todo curso.</i></p>
Bloque 3 Funcionamento da lingua	<ul style="list-style-type: none"> • b • e 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.7. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada. 	<p>-Actividades nas que se estableza a comparación de linguas.</p> <p>TEMPORALIZACIÓN: <i>Ao longo de todo curso.</i></p>
Bloque 4. Lingua e sociedade	<ul style="list-style-type: none"> • p 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.1. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos. • B4.2. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen cuestións sociolingüísticas. 	<p>-Presentación dun power point coa clasificación e caracterización dos prexuízos lingüísticos. Reflexión oral e escrita sobre os mesmos.</p> <p>-Elaboración de traballo de análise sobre cales destes prexuízos están presentes na súa vida cotiá.</p> <p>TEMPORALIZACIÓN: <i>No primeiro trimestre.</i></p>
Bloque 4. Lingua e sociedade	<ul style="list-style-type: none"> • h • p 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.3. Construción da variante estándar da lingua galega. • B4.4. Interferencias lingüísticas: castelanismos. 	<p>-Análise crítica de textos que traten o proceso de normativización.</p> <p>-Exercicios de corrección de interferencias.</p> <p>TEMPORALIZACIÓN: <i>No primeiro trimestre.</i></p>
Bloque 4. Lingua e sociedade	<ul style="list-style-type: none"> • p 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.5. Historia da lingua: galego moderno (desde 1916 ata 1978); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística e características lingüísticas. 	<p>-Presentación na clase da historia da lingua galega do 1916 ao 1978. A partir dos datos presentados elaborar o tema.</p> <p>TEMPORALIZACIÓN: <i>No segundo trimestre.</i></p>
Bloque 4. Lingua e sociedade	<ul style="list-style-type: none"> • p 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.6. Historia da lingua: galego moderno (desde 1978 ata a actualidade); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística; situación legal e características lingüísticas. 	<p>-Presentación na clase da historia da lingua galega de 1978 á actualidade. A partir dos datos presentados elaborar o tema.</p> <p>TEMPORALIZACIÓN: <i>No terceiro trimestre.</i></p>
Bloque 4. Lingua e sociedade	<ul style="list-style-type: none"> • p 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.7. Elaboración dunha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características. 	<p>-Elaboración dun esquema ou mapa conceptual na clase da historia da lingua galega coas súas etapas. A partir dos datos presentados elaborar o tema.</p> <p>TEMPORALIZACIÓN: <i>No terceiro trimestre.</i></p>
Bloque 4. Lingua e sociedade	<ul style="list-style-type: none"> • p 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.8. A evolución da conciencia lingüística. 	<p>-Análise crítica de textos que traten a situación extena da lingua e a conciencia lingüística.</p> <p>-Debates e traballos de investigación sobre o tema.</p> <p>TEMPORALIZACIÓN: <i>No terceiro trimestre.</i></p>
Bloque 5. <ul style="list-style-type: none"> • A literatura 	<ul style="list-style-type: none"> • e • n 	<ul style="list-style-type: none"> • B5.1. Literatura galega de 1916 a 1936: • Poesía: autores/as de Vangarda e outros/as autores/ 	<p>-Exposicións orais individuais nas que cada alumn@ tratará un aspecto concreto da literatura de 1916 a 1936. Posta en común e elaboración do tema.</p> <p>TEMPORALIZACIÓN: <i>Primeira avaliación,</i></p>

		<p>as.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Prosa: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as. • Teatro: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós. 	
<p>Bloque 5.</p> <ul style="list-style-type: none"> • A literatura 	<ul style="list-style-type: none"> • e • d • n 	<ul style="list-style-type: none"> • B5.2. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1916 a 1936, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen. 	<p>-Lectura e comentario de textos significativos da literatura de 1916 a 1936.</p> <p>TEMPORALIZACIÓN: <i>Primeira avaliación,</i></p>
<p>Bloque 5.</p> <ul style="list-style-type: none"> • A literatura 	<ul style="list-style-type: none"> • e • n 	<ul style="list-style-type: none"> • B5.3. Literatura galega entre 1936 e 1975: • Poesía: produción bélica e autores/as do exilio. A Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais. • Prosa: produción bélica e autores/as do exilio. Os renovadores da prosa: Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas. A Nova Narrativa Galega. Autores/as dos primeiros 70. • Teatro: o teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia. 	<p>-Exposicións orais individuais nas que cada alumn@ tratará un aspecto concreto da literatura de 1936 a 1975. Posta en común e elaboración do tema.</p> <p>TEMPORALIZACIÓN: <i>Segunda avaliación,</i></p>
<p>Bloque 5.</p> <ul style="list-style-type: none"> • A literatura 	<ul style="list-style-type: none"> • e • d • n 	<ul style="list-style-type: none"> • B5.4. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1936 a 1975, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen. 	<p>-Lectura e comentario de textos significativos da literatura de 1936 a 1975.</p> <p>TEMPORALIZACIÓN: <i>Segunda avaliación,</i></p>
<p>Bloque 5.</p> <ul style="list-style-type: none"> • A literatura 	<ul style="list-style-type: none"> • e • n 	<ul style="list-style-type: none"> • B5.5. Literatura galega de 1975 ata a actualidade: • Poesía: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. • Prosa: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. • Teatro: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as 	<p>-Exposicións orais individuais nas que cada alumn@ tratará un aspecto concreto da literatura de 1975 á actualidade. Posta en común e elaboración do tema.</p> <p>TEMPORALIZACIÓN: <i>Primeira avaliación,</i></p>

		dos 80, os 90 e o novo século.	
Bloque 5. • A literatura	• e • d • n	• B5.6. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1975 á actualidade, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.	-Lectura e comentario de textos significativos da literatura de 1975 á actualidade. TEMPORALIZACIÓN: <i>Terceira avaliación,</i>
Bloque 5. • A literatura	• e • n	• B5.7. Análise e comentario, a través de probas escritas ou traballos, cando menos dunha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos.	-Probas de lectura escritas ou orais. TEMPORALIZACIÓN: <i>Unha por avaliación,</i>

• **Procedementos e instrumentos de avaliación para os estándares de aprendizaxe.**

Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación (incluíndo o criterio de corrección, se é o caso)	
• LGB1.1.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.	-Escoita e proba oral.	
• LGB1.1.2. Recolle as ideas fundamentais e secundarias en resumos, esquemas ou mapas conceptuais.	-Elaboración de temas a partir das exposicións orais.	
• LGB1.1.3. Interpreta, reflexiona e emite xuízos críticos sobre discursos orais de distinta natureza.	-Valoración e análise crítica de entrevistas, documentais ou reportaxes visualizadas na clase.	
• LGB1.2.1. Identifica as ideas principais e contidos relevantes dunha presentación (charla ou conferencia sobre temas especializados do ámbito educativo).	-Exposicións orais de temas do currículo nas que o propio alumnado avaliará a súa actividade e a d@s compañeir@	
• LGB1.2.2. Recoñece as distintas estratexias de organización do contido nunha exposición oral sobre un tema especializado propio do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural	Exposicións orais de temas do currículo nas que o propio alumnado avaliará a súa actividade e a d@s compañeir@.	
• LGB1.2.3. Escoita de maneira activa,	-Observación e valoración de actividades diarias.	

toma notas e formula preguntas coa intención de aclarar ou ampliar ideas que se desprenden da exposición oral.	
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.3.1. Interpreta e identifica a intención comunicativa, o tema e a estrutura en anuncios sonoros e/ou audiovisuais. 	-Exposicións orais e traballo en equipo no que o propio alumnado avaliará a súa actividade e a d@s compañeir@s
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.3.2. Identifica as características propias dos principais xéneros informativos e de opinión dos medios de comunicación social. 	-Valoración e análise crítica de entrevistas, documentais ou reportaxes visualizadas na clase.
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.3.3. Analiza os recursos verbais e non verbais que se empregan na publicidade para convencer os destinatarios ou destinatarias. 	-Valoración e análise crítica dos recursos verbais e non verbais de anuncios publicitarios visualizadas na clase.
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.3.4. Analiza de forma crítica a forma e contido das mensaxes publicitarias e evita usos lingüísticos discriminatorios. 	-Valoración e análise crítica das mensaxes de anuncios publicitarios visualizadas na clase.
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.4.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso. 	-Comentarios críticos relizados na clase ou por conta do alumnado para a posterior corrección da profesora de textos das probas da selectividade de anos anteriores. (Ao menos deben entregar dous comentarios por avaliación).
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.4.2. Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas. 	-Exposicións orais e traballo en equipo no que o propio alumnado avaliará a súa actividade e a d@s compañeir@s.
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.4.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público. 	-Exposicións orais e traballo en equipo no que o propio alumnado avaliará a súa actividade e a d@s compañeir@s
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.5.1. Planifica os seus textos orais e produce discursos adecuados, coherentes e ben cohesionados. 	-Exposicións orais e traballo en equipo no que o propio alumnado avaliará a súa actividade e a d@s compañeir@s
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.5.2. Consulta fontes de información diversas e revisa os borradores e esquemas. 	-Valoración nas exposicións orais da busca de información .
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.5.3. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical, cínguese ao tema e non divaga. 	-Valoración nas exposicións orais da estrutura e a corrección gramatical.
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.5.4. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público. 	-Valoración nas exposicións orais dos elementos prosódicos.
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.5.5. Exprésase con facilidade e recorre a paráfrases ou circunloquios cando non encontra a expresión precisa. 	-Valoración nas exposicións individuais da expresión oral.
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.5.6. Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa. 	-Valoración nas exposicións individuais da utilización do rexistro adecuado.
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.5.7. Tenta buscar a complicitade do público e demostra seguridade ao responder as preguntas do auditorio. 	-Valoración nas exposicións individuais orais da empatía co resto de compañeir@s.
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.5.8. Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar 	-Valoración nas exposicións orais da busca de información a través das TIC.

gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación adecuada á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	
<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.6.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. 	-Debates sobre temas de sociolingüística.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.6.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo). 	-Debates sobre temas de sociolingüística.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.6.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada. 	-Valoración nas exposicións individuais da expresión oral.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.6.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado. 	-Valoración nas exposicións individuais do emprego do léxico.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.7.1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical e fonética. 	-Exposicións orais de temas do currículo nas que o propio alumnado avaliará a súa actividade e a d@s compañeir@.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.7.2. Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín. 	-Valoración nas exposicións individuais do emprego de léxico especializado.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.8.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras. 	-Debates sobre temas de sociolingüística.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.8.2. Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria. 	-Debates sobre temas de sociolingüística.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.9.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais. 	-Observación e valoración de actividades diarias.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.10.1. Recoñece en exposicións propias e alleas as dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, mal uso dos rexistros pobreza léxica, fonética e entoación inadecuada), e identifica interferencias lingüísticas e desviacións da norma. 	-Exposicións orais de temas do currículo nas que o propio alumnado avaliará a súa actividade e a d@s compañeir@.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.10.2. Deseña estratexias para mellorar e progresar de xeito autónomo. 	-Observación e valoración de actividades diarias
<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.11.1. Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega. 	-Exposicións orais de temas do currículo nas que o propio alumnado avaliará a súa actividade e a d@s compañeir@.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB1.11.2. Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se 	-Exposicións orais de temas do currículo nas que o propio alumnado

poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega.	avaliará a súa actividade e a d@s compañeir@.
<ul style="list-style-type: none"> LGB1.11.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto. 	-Valoración nas exposicións individuais do emprego da súa variante dialectal.
<ul style="list-style-type: none"> LGB2.1.1. Sintetiza as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais. 	-Comentarios críticos realizados na clase ou por conta do alumnado para a posterior corrección da profesora de textos das probas da selectividade de anos anteriores. (Ao menos deben entregar dous comentarios por avaliación).
<ul style="list-style-type: none"> LGB2.1.2. Interpreta o sentido global e identifica a intención comunicativa do emisor en textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos. 	-Comentarios críticos realizados na clase ou por conta do alumnado para a posterior corrección da profesora de textos das probas da selectividade de anos anteriores. (Ao menos deben entregar dous comentarios por avaliación).
<ul style="list-style-type: none"> LGB2.1.3. Diferencia as ideas principais e as secundarias e sintetiza o contido de textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos. 	-Comentarios críticos realizados na clase ou por conta do alumnado para a posterior corrección da profesora de textos das probas da selectividade de anos anteriores. (Ao menos deben entregar dous comentarios por avaliación).
<ul style="list-style-type: none"> LGB2.1.4. Utiliza recursos bibliográficos, audiovisuais e dixitais para facilitar a comprensión dun texto e complementar as súas producións. 	-Corrección de actividades por parte da profesora
<ul style="list-style-type: none"> LGB2.2.1. Planifica os seus traballos seguindo unha orde predefinida e revisa o proceso de escritura para mellorar a produción final. 	-Corrección de actividades por parte da profesora.
<ul style="list-style-type: none"> LGB2.2.2. Produce textos propios de distintos ámbitos usando o rexistro adecuado, organizando os enunciados en secuencias lineais e ben cohesionadas. 	-Corrección de actividades por parte da profesora.
<ul style="list-style-type: none"> LGB2.3.1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical. 	-Probas escritas .
<ul style="list-style-type: none"> LGB2.3.2. Adecúa a súa expresión ás condicións da situación comunicativa (tema, destinatario, ámbito discursivo e xénero textual) e emprega os recursos expresivos propios do rexistro formal. 	-Corrección de actividades por parte da profesora. -Probas escritas .
<ul style="list-style-type: none"> LGB2.3.3. Emprega léxico preciso e evita o uso de coloquialismos ou palabras comodín. 	-Corrección de actividades por parte da profesora. -Probas escritas .
<ul style="list-style-type: none"> LGB2.3.4. Organiza os contidos dos seus traballos en función duns obxectivos fixados previamente, contrasta posturas enfrontadas e defende a súa opinión con argumentos. 	-Corrección por parte da profesora de traballos, actividades e valoración do tratamento dos contidos nas exposicións dos temas .
<ul style="list-style-type: none"> LGB2.4.1. Describe os trazos morfosintácticos, léxico-semánticos e pragmático-textuais de textos expositivos e argumentativos. 	-Comentarios críticos realizados na clase ou por conta do alumnado para a posterior corrección da profesora de textos das probas da selectividade de anos anteriores. (Ao menos deben entregar dous comentarios por avaliación).
<ul style="list-style-type: none"> LGB2.4.2. Recoñece e explica a función no texto dos distintos procedementos de cita: estilo directo, estilo indirecto, estilo indirecto libre e cita encuberta. 	-Comentarios críticos realizados na clase ou por conta do alumnado para a posterior corrección da profesora de textos das probas da selectividade de anos anteriores. (Ao menos deben entregar dous comentarios por avaliación).
<ul style="list-style-type: none"> LGB2.5.1. Consulta información en fontes bibliográficas e dixitais e compila os datos máis relevantes en fichas-resumo. 	-Exposicións orais de temas do currículo nas que o propio alumnado avaliá a súa actividade e a d@s compañeir@.

<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.5.2. Respecta as normas de presentación dos traballos escritos, a organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía. 	-Exposicións orais de temas do currículo nas que o propio alumnado avaliará a súa actividade e a d@s compañeir@.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.5.3. Utiliza procesadores de texto e correctores ortográficos para mellorar a presentación e evitar erros ortográficos e tipográficos. 	-Valoración da presentación en traballos.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.6.1. Recoñece, describe e utiliza recursos de cohesión gramaticais e léxico-semánticos. 	-Corrección de actividades por parte da profesora. -Probas escritas .
<ul style="list-style-type: none"> • LGB2.6.2. Describe os tipos de rexistro e analiza as súas manifestacións lingüísticas. 	-Corrección de actividades por parte da profesora. -Probas escritas .
<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.1.1. Define e identifica os fonemas vocálicos e consonánticos da lingua galega. 	-Corrección de actividades por parte da profesora. -Probas escritas .
<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.1.2. Valora as normas fonéticas como medio para facilitar a comunicación eficaz. 	-Corrección de actividades por parte da profesora. -Probas escritas e orais.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.2.1. Explica as principais variedades dialectais e valora a diversidade lingüística como parte de noso patrimonio cultural. 	-Observación e valoración de actividades diarias.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.3.1. Explica os procedementos de formación das palabras. 	-Observación e valoración de actividades diarias.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.3.2. Recoñece e explica os tipos de morfemas así como a análise morfolóxica. 	-Observación e valoración de actividades diarias.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.3.3. Recoñece, analiza e explica a estrutura morfolóxica. 	-Observación e valoración de actividades diarias.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.4.1. Recoñece as diferentes estruturas sintácticas, explica as relacións que se establecen e emprega a terminoloxía axeitada. 	-Observación e valoración de actividades diarias.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.5.1. Identifica e explica as relacións e unidades semánticas. 	-Corrección de actividades por parte da profesora. -Probas escritas.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.6.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. 	-Valoración do traballo en equipo.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.7.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras. 	-Observación e valoración de actividades diarias. -Corrección de actividades por parte da profesora.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.1.1. Recoñece os estereotipos e prexuízos lingüísticos e determina a súa repercusión nos usos. 	-Debates e traballos sobre temas de sociolingüística.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.1.2. Elabora traballos de xeito individual 	-Debates e traballos sobre temas de sociolingüística.

e/ou en grupo nos que se describen e analizan cuestións sociolingüísticas.	
<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.2.1. Describe e interpreta o proceso de construción da variante estándar da lingua galega. 	-Debates e traballos sobre temas de sociolingüística.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.2.2. Recoñece as interferencias lingüísticas no galego, con especial atención aos castelanismos e desenvolve un discurso propio libre destes elementos. 	-Observación e valoración de actividades diarias.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.3.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde 1916 ata 1978). 	-Exposicións orais de temas do currículo nas que o propio alumnado avaliará a súa actividade e a d@s compañeir@.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.3.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno (desde 1916 ata 1978), así como a súa situación sociolingüística. 	-Exposicións orais de temas do currículo nas que o propio alumnado avaliará a súa actividade e a d@s compañeir@.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.3.3. Diferencia e describe as etapas que podemos establecer entre 1916 e 1978 desde o punto de vista sociolingüístico. 	-Exposicións orais de temas do currículo nas que o propio alumnado avaliará a súa actividade e a d@s compañeir@.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.3.4. Analiza a importancia da etapa 1916-1978 no desenvolvemento posterior da lingua. 	-Proba escrita 2ª avaliación.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.3.5. Identifica o galego moderno (desde 1916 ata 1978) en documentos non literarios e literarios. 	-Proba escrita 2ª avaliación.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.4.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde 1978 ata a actualidade). 	-Proba escrita 2ª avaliación.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.4.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno desde 1978 ata a actualidade, así como a súa situación sociolingüística. 	-Proba escrita 3ª avaliación.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.4.3. Analiza a importancia da etapa desde 1978 ata a actualidade no desenvolvemento do galego. 	-Proba escrita 3ª avaliación.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.4.4. Recoñece o galego como unha lingua en vías de normalización e sinala as súas fortalezas e debilidades. 	-Proba escrita 1ª avaliación.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.4.5. Sinala as principais características lingüísticas en documentos non literarios e literarios desde 1978 ata a actualidade. 	-Proba escrita 3ª avaliación.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.5.1. Elabora unha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características. 	-Corrección de actividades por parte da profesora.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.6.1. Analiza e interpreta a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega. 	-Proba escrita 3ª avaliación.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB5.1.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1916 a 1936: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as. 	-Exposicións orais e proba escrita da 1ª avaliación.
<ul style="list-style-type: none"> • LGB5.1.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1916 a 1936: autores/as 	-Exposicións orais e proba escrita da 1ª avaliación.

das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as.	
<ul style="list-style-type: none"> LGB5.1.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós. 	-Exposicións orais e proba escrita da 1ª avaliación.
<ul style="list-style-type: none"> LGB5.2.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. 	-Valoración de comentarios orais ou escritos de textos de poesía galega de 1916 a 1936.
<ul style="list-style-type: none"> LGB5.2.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. 	-Valoración de comentarios orais ou escritos de textos de prosa galega de 1916 a 1936
<ul style="list-style-type: none"> LGB5.2.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. 	-Valoración de comentarios orais ou escritos de textos de teatro galego de 1916 a 1936
<ul style="list-style-type: none"> LGB5.3.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega entre 1936 e 1975: produción bélica e autores/as do exilio, a Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais. 	-Exposicións orais e proba escrita da 2ª avaliación.
<ul style="list-style-type: none"> LGB5.3.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega entre 1936 e 1975: produción bélica e os autores do exilio, os renovadores da prosa (Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas) así como A Nova Narrativa Galega e autores/as dos primeiros 70. 	Exposicións orais e proba escrita da 2ª avaliación.
<ul style="list-style-type: none"> LGB5.3.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego entre 1936 e 1975: teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia. 	-Exposicións orais e proba escrita da 2ª avaliación.
<ul style="list-style-type: none"> LGB5.4.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. 	-Valoración de comentarios orais ou escritos de textos de poesía galega de 1936 a 1975.
<ul style="list-style-type: none"> LGB5.4.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. 	-Valoración de comentarios orais ou escritos de textos de prosa galega de 1936 a 1975.
<ul style="list-style-type: none"> LGB5.4.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. 	-Valoración de comentarios orais ou escritos de textos de teatro galego de 1936 a 1975.
<ul style="list-style-type: none"> LGB5.5.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 	-Exposicións orais e proba escrita da 3ª avaliación.

90 e o novo século.	
<ul style="list-style-type: none"> LGB5.5.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. 	-Exposicións orais e proba escrita da 3ª avaliación.
<ul style="list-style-type: none"> LGB5.5.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. 	-Exposicións orais e proba escrita da 3ª avaliación.
<ul style="list-style-type: none"> LGB5.6.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. 	-Valoración de comentarios orais ou escritos de textos de poesía galega de 1975 á actualidade.
<ul style="list-style-type: none"> LGB5.6.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. 	-Valoración de comentarios orais ou escritos de textos de prosa galega de de 1975 á actualidade.
<ul style="list-style-type: none"> LGB5.6.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1975 ata a actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. 	-Valoración de comentarios orais ou escritos de textos de teatro galego de de 1975 á actualidade.
<ul style="list-style-type: none"> LGB5.7.1. Analiza e comenta, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos. 	-Probas de lectura escritas ou orais.

- **Concrecións metodolóxicas que require a materia.**

- O profesorado será un guía no proceso de descuberta-aprendizaxe do alumnado, quen será o verdadeiro protagonista. Nos métodos de traballo tratará de combinarse o individual co colectivo e a investigación coa propia creación.
- Facilitarase o traballo autónomo do alumnado, estimulando tamén as súas capacidades para o traballo en equipo, favorecendo situacións de aprendizaxes contextualizadas.
- Impulsarase a busca de todo tipo de información, a súa interpretación e reutilización para a elaboración de textos propios.
- Potenciarase a utilización de formatos dixitais na realización de tarefas e na presentación de traballos.
- Lectura, interpretación e valoración de obras literarias, ben individual, ben colectivamente, e que deberá ter como finalidade fomentar o gusto pola lectura, así como a capacidade de busca e elección, crítica e selectiva de libros e fontes de información.
- Creación de dinámicas que impliquen o alumnado e o leven á participación na planificación e avaliación das súas actividades.

- Ofrecer actividades abertas que impliquen a busca, selección e tratamento da información, a posibilidade de tomar decisións e emitir opinións sobre diferentes cuestións de forma crítica.
- A análise sociolingüística partirá da premisa de que o alumnado saiba distinguir, por unha parte, o uso das diferentes variedades internas da lingua e por outra, os condicionantes que operan na elección de unha das dúas linguas en conflito na nosa comunidade. Neste senso estimularase a autoanálise de cada alumno/a e do seu contorno máis inmediato nos seus comportamentos sociolingüísticos, en comparación cos comportamentos xerais do país, a través de múltiples tarefas encamiñadas a conseguir dito obxectivo.
- A literatura servirase dos textos co fin de servir de reforzo á consecución de obxectivos non só literarios, senón tamén históricos, sociolóxicos, culturais e sociolingüísticos.

- **Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.**

Neste curso de 2º Bacharelato a profesora e o profesor facilitarán material en formato dixital (presentacións power-point) así como material escrito (textos, actividades...) ao alumnado. A maioría destes materiais subiranse á Aula virtual.

O recurso das novas tecnoloxías da información e comunicación (TIC) deberá ser un elemento activo máis da aprendizaxe. Utilizaranse recursos audiovisuais ben a través de internet ou en distintos soportes (power-points, blogs etc---).

As obras de lectura propostas para este nivel achéganse no **ANEXO 1** da programación deste curso 2º Bacharelato.

- **Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.**

Os criterios de avaliación e cualificación do alumnado de 2º Bacharelato inclúense no **ANEXO 2** da programación deste curso e estarán expostas nas aulas ao longo de todo o curso.

Como referencia para as probas de contidos seguirase a estrutura da proba da ABAU, que vén de confirmarse neste mes de setembro de 2021. Nese modelo introdúcense os cambios relativos ás preguntas de Lingua e sociedade e de Literatura, estas desenvolveranse a partir dun texto, gráfico, viñeta.... Ademais desde o Grupo de Traballo da Ciuga faise referencia á opcionalidade á que se enfrontará o alumnado nas convocatorias do 2022, xa que se considera un curso transitorio, despois da pandemia. De novo terán que realizar catro das seis preguntas que se formulan, cada unha delas valoradas con 2,5.

Atenderase de xeito especial aos cinco bloques deseñados para a proba da ABAU: Comprensión textual, produción textual, Gramática, Lingua e sociedade e educación literaria.

Con respecto aos contidos dos dous últimos bloques, terase en conta o temario vixente ata agora, que se presenta a continuación:

- Lingua e sociedade:

- 1.- Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.
- 2.- Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.
- 3.- O galego: lingua en vías de normalización.
- 4.- O galego no primeiro terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
- 5.- O galego de 1936 a 1975: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
- 6.- O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

- Educación literaria:

- 1.- A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras representativas.
- 2.- A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas.
- 3.- A prosa do primeiro terzo do XX: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo).
- 4.- O teatro do primeiro terzo do XX: Irmandades, vangardas e Grupo Nós.
- 5.- A poesía entre 1936 e 1976: a Xeración do 36, a Promoción de Enlace, a Xeración das Festas Minervais.
- 6.- A prosa entre 1936 e 1976: os renovadores da prosa (Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas).
- 7.- A Nova Narrativa galega. Características, autores e obras representativas.
- 8.- O teatro galego entre 1936 e 1976: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.
- 9.- A literatura do exilio entre 1936 e 1976: poesía, prosa e teatro.
- 10.- A poesía de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.
- 11.- A prosa de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.

12.- O teatro de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.

Valorarase a corrección lingüística, polo que a expresión deficiente, así como as faltas de ortografía e puntuación baixarán a cualificación. As faltas catalogaranse como faltas moi graves, aquelas que atenten contra o sistema lingüístico (penalizadas con 0.2 puntos), faltas graves, que serían as solucións contrarias ás convencións ortográficas e á norma lingüística (penalizadas con 0.1 puntos) e as faltas leves , aquelas solucións discordantes co estándar vixente (penalizadas con 0.05 puntos).

Anexo 1 : Cadro de lecturas

2º Bacharelato

LISTA DE LECTURAS

1ª AVALIACIÓN

O alumnado deberá de escoller entre unha das seguintes opcións:

Os dous de sempre , Castelao, editorial Galaxia.

De catro a catro, Manuel Antonio, Sotelo Blanco.

Proel e O galo, Manuel Amado Carballo, *biblioteca virtual galega (bvg.udc.es)*

Dos arquivos do trasno, Rafael Dieste, *editorial Galaxia*.

2ª AVALIACIÓN

O profesor ou profesora poderá escoller unha das obras como lectura obrigatoria, o resto serán opcións como lecturas voluntarias:

Adiós María, Xohana Torres, editorial Galaxia

Longa noite de pedra, Celso Emilio Ferreiro, *editorial Galaxia*

Poemas escollidos, Manuel María, *Fundación Manuel María*

O crepúsculo e as formigas, X.L . Méndez Ferrín, *editorial Galaxia*

Remuíño de sombras, Neira Vilas, *editorial Galaxia*

3ª AVALIACIÓN

O profesor ou profesora poderá escoller unha das obras como lectura obrigatoria, o resto serán opcións como lecturas voluntarias:

A praia dos afogados, *Domingo Villar, editorial Galaxia*

Un animal chamado néboa, *Leticia Costas, edicións Xerais*

De remate, **Héctor Cajaraville, edicións Xerais**

Anexo 2: Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

CURSO 2021-2022

2º BACHARELATO

Na valoración do traballo realizado polo alumnado en cada avaliación, aplicarase a seguinte porcentaxe:

- **Avaliación de contidos e destrezas:** En cada trimestre aplicaranse os criterios de avaliación de cada bloque de contido en relación cos estándares de aprendizaxe implicados. Estableceranse as rúbricas correspondentes tendo en conta a materia a avaliar e o tipo de tarefas e actividades propostas.

Os mecanismos de avaliación consistirán en probas escritas, traballos, exposicións, presentacións, oralidade etc... relacionadas coa materia. A puntuación distribuirase do seguinte xeito:

- Proba(s) escrita(s) (*) ----- **80%**

(*) A(s) proba(s) escrita(s) de contidos poderá(n) formular a literatura e Sociolingüística de forma oral ou escrita.

- Tarefas realizadas polo alumnado dentro (*) e fóra da aula, relacionadas cos contidos traballados (exercicios, comentarios de texto, esquemas, cuestionarios...) e oralidade ----- **10%**

* Recolleranse actividades feitas na aula, que serán valoradas cun máximo de 0,5. No caso de ausencia do alumno ou alumna, só se valorará a puntuación desa tarefa se xustifica a falta á clase e a presenta no prazo dunha semana.

- **Lectura** ----- **10%**

O alumnado realizará a lectura dunha obra por avaliación, esta lectura valorarase a partir dunha proba escrita ou oral.

Se o alumno ou alumna suspendese ou non realizase a proba de lectura, poderá facer unha recuperación a partir dunha proba oral, cunha data límite fixada polo profesor ou profesora, esta nunca excederá o 0,5 de puntuación.

Polo que respecta ás lecturas voluntarias, cualificaranse a partir dunha proba oral no prazo determinado polo profesor ou profesora. O alumno poderá escoller entre os libros propostos en cada trimestre ou os que acorden co profesor ou profesora, realizarase o máximo de unha lectura, valorada con 0,5, que se sumará á nota media da avaliación sempre e cando chegue ao aprobado (5). De non ser así sumarase esa puntuación no seguinte trimestre.

Durante o curso informarase ao alumnado das diferentes convocatorias de certames literarios, a participación en calquera deles, será valorada coma se realizasen unha lectura voluntaria (0,5).

Para aprobar LINGUA GALEGA E LITERATURA de 2º BACHARELATO o alumnado debe acadar unha cualificación de 5 que se obterá de sumar cada unha das partes expostas anteriormente.

Só se fará recuperación da 1ª avaliación, as outras dúas recuperaranse no exame final de maio. O alumnado que se teña que presentar á recuperación, examínase dos contidos da proba escrita da avaliación, valorada co 80%. O resto das partes serán sumadas á nota da proba para calcular a cualificación definitiva da dita avaliación. A nota final de xuño será a media entre as tres avaliacións. De non acadar o cinco, o alumnado suspenso terá que presentarse á convocatoria extraordinaria de xuño onde dará conta dos contidos relativos ás probas realizadas durante o curso. Esta estará valorada sobre 10. Exclúense preguntas sobre os libros de lectura ou os traballos realizados.

- A avaliación da expresión oral ou escrita na materia de Lingua e literatura de 2º BACHARELATO terase en conta ao cualificar ao alumnado o seu grao de corrección na utilización da lingua tanto na súa expresión oral como escrita. Establécese unha listaxe de faltas* ou erros que atinxen á ortografía (no caso da escrita) e tamén á morfoloxía e sintaxe. En cada proba poderán descontarse ata un máximo dun 20% da nota.

***LISTAXE DE ERROS ORTOGRÁFICOS:**

Nas probas e actividades escritas, as **faltas ortográficas** teranse en conta seguindo os seguintes criterios, que van rexer a proba da ABAU:

Os erros poderán descontar ata un máximo de 2 puntos sobre a cualificación global. O cálculo levarase a cabo segundo a seguinte clasificación:

- *Moi graves*: solucións que son alleas ao sistema lingüístico do galego, como tempos compostos, mala colocación dos clíticos, etc. Descontarase 0,2 puntos por cada un.
- *Graves*: solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (*b/v, h, y*, etc.) e acentuación diacrítica. Descontarase 0,1 punto por cada un.
- *Leves*: solucións galegas alleas ao estándar vixente e acentuación non diacrítica. Descontarase 0,05 puntos por cada un.

Estes mesmos criterios teranse en conta na proba extraordinaria de xullo.

ERROS NA EXPRESIÓN ORAL:

Consideraranse faltas graves nas probas e actividades orais:

- utilización de tempos compostos,
- mala colocación dos pronomes átonos ,
- castelanismos léxicos e morfolóxicos,
- erros fonéticos graves como non pronunciar o n velar etc...

Restarase 0.20 por cada falta grave.

NOTA: O alumnado poderá expresarse na variante dialectal da que proceda.

- **IMPORTANTE:** Por tratarse dun curso atípico ante a situación sanitaria na que nos atopamos, consideramos a posibilidade da non presencialidade, se se dese o caso de ter que pasar por un período de corentena, tanto por parte do alumnado como do profesorado .Así pois usarase a Aula virtual e as Tic para seguir o desenvolvemento das clases na medida do posible. Seguiranse os criterios establecidos no [Plan de continxencia](#) (punto 10) desta Programación Didáctica.

Anexo 3: Modelo de unidade para a programación de aula

POR QUE FALAS GALEGO? POR QUE NON?				
(As linguas minorizadas e os prexuízos lingüísticos)				
OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	ACTIVIDADES, TAREFAS
A B D E G H P	<ul style="list-style-type: none"> • B4.1. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos. • B4.2. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen cuestións sociolingüísticas. • B1.1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais e audiovisuais de 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.1. Recoñecer os estereotipos e prexuízos lingüísticos, determinar a súa repercusión nos usos e elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e 	LGB4.1.1. Recoñece os estereotipos e prexuízos lingüísticos e determina a súa repercusión nos usos. LGB4.1.2. Elabora traballos de xeito individual e/ou en grupo nos que se describen e analizan	<ul style="list-style-type: none"> • Exposición dunha presentación en POWER POINT na que se explica a diferenza entre lingua minoritaria e lingua minorizada, con exemplos , datos e comparación de linguas. A partir dela o alumnado elaborará un esquema no que explique os seguintes temas: -Lingua hexemónica versus lingua minorizada. -Lingua minoritaria versus

	<p>natureza diversa.</p> <ul style="list-style-type: none"> • B1.3. Comprensión e interpretación e valoración de textos orais procedentes dos medios de comunicación social (xéneros informativos e de opinión, e da publicidade). • B1.4. Desenvolvemento das habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto. • B1.5. Produción (planificación e execución de textos orais relacionados con algún contido do currículo ou tema de actualidade) adecuada á situación comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC, así como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público • B1.6. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. • B1.8. Participación activa e argumentada en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade. • B1.10. Aplicación 	<p>analicen cuestións sociolingüísticas</p> <ul style="list-style-type: none"> • B2.1. Aplicar estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para interpretar e producir textos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial . • B1.2. Comprender, interpretar e valorar textos orais de carácter expositivo e argumentativo sobre temas especializados (conferencias, clases, charlas, presentacións e videoconferencia). • B1.4. Coñecer, usar e valorar a adecuación, a coherencia, a cohesión e a claridade expositiva, así como as normas de cortesía, nas intervencións orais 	<p>cuestións sociolingüísticas.</p> <p>LGB1.1.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.</p> <p>LGB1.1.2. Recolle as ideas fundamentais e secundarias en resumos, esquemas ou mapas conceptuais.</p> <p>LGB1.1.3. Interpretala, reflexiona e emite xuízos críticos sobre discursos orais de distinta natureza.</p> <p>LGB1.2.1. Identifica as ideas principais e contidos relevantes dunha presentación (charla ou conferencia sobre temas especializados do ámbito educativo).</p> <p>LGB1.2.1. Identifica as ideas principais e contidos relevantes dunha presentación (charla ou conferencia</p>	<p>lingua minorizada. Exemplos.</p> <p>-Factores que inflúen na consideración de lingua minorizada (marco legal, funcións sociais, difusión xeográfica e demográfica..)</p> <p>-O caso galego .</p> <ul style="list-style-type: none"> • Elaboración en grupos de 3 ou 4 membros dun mapa lingüístico europeo (cada grupo da clase terá unha zona) no que se sinala a consideración de hexemónicas minorizadas ou minoritarias das linguas existentes. Extracción de conclusións. • A partir da visualización da presentación :”Os prexuízos lingüísticos: escolma e clasificación” http://es.slideshare.net/ecur_socig/os-prexuzoslingsticos?next_slideshow=1, baseada no estudo realizado polo profesor Freixeiro Mato, realizarase un debate sobre cales destes prexuízos están presentes na vida cotiá do alumnado da aula.
--	--	---	--	---

	<p>dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas.</p> <ul style="list-style-type: none"> • B1.11 Participación nas producións orais cunha fonética e prosodia correcta, valoración desta pronuncia e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. • B2.1. Comprensión e produción de textos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial con axuda de estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos. 	<p>propias da actividade educativa, tanto espontánea como planificadas .</p> <ul style="list-style-type: none"> • B1.5. Realizar producións orais planificadas , relacionada s con algún contido do currículo ou tema de actualidade adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC así como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público. 	<p>sobre temas especializados do ámbito educativo).</p> <p>LGB1.2.3. Escolta de maneira activa, toma notas e formula preguntas coa intención de aclarar ou ampliar ideas que se desprenden da exposición oral.</p> <p>LGB1.4.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso.</p> <p>LGB1.4.2. Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas.</p> <p>LGB1.4.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.</p> <p>LGB1.5.1.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Producción individual dun texto argumentativo no que se comparen os prexuízos lingüísticos no mundo (linguas sinxelas-linguas complicadas, linguas suaves ou bonitas- linguas brutas ou feas, linguas literarias- linguas non literarias...) cos que atinxen á lingua galega (falta de utilidade. pobreza e atraso, descortesía, imposición, incompetencia dos seus falantes, marca ideolóxica...)
--	--	--	--	---

			<p>Planifica os seus textos orais e produce discursos adecuados, coherentes e ben cohesionados.</p> <p>LGB1.5.2. Consulta fontes de información diversas e revisa os borradores e esquemas.</p> <p>LGB1.5.6. Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa.</p> <p>LGB1.5.7. Tenta buscar a complicidade do público e demostra seguridade ao responder as preguntas do auditorio.</p> <p>LGB1.5.8. Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación adecuada á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.</p>	
--	--	--	--	--

RÚBRICAS

EXCELENTE 4-3	BEN 3-2	REGULAR 2-1	PRECISA MELLORAR 1-0
<p>É quen de definir e caracterizar os diferentes tipos de lingua e refléxao nun esquema completo.</p>	<p>É quen de definir e caracterizar os diferentes tipos de lingua pero non o refléxa no esquema.</p>	<p>Ten eivas á hora de definir e caracterizar os diferentes tipos de lingua e presenta un esquema incompleto.</p>	<p>Manifesta confusión na caracterización dos tipos de lingua e non presenta esquema.</p>
<p>Axuda e colabora activamente cos compañeir@s na elaboración dun mapa lingüístico e enuncia as conclusións do traballo realizado.</p>	<p>Axuda e colabora activamente cos compañeir@s na elaboración dun mapa lingüístico, mais non enuncia as conclusións do traballo realizado.</p>	<p>Axuda e colabora minimamente cos compañeir@s na elaboración dun mapa lingüístico e non enuncia as conclusións do traballo realizado.</p>	<p>Non colabora cos compañeir@s na elaboración dun mapa lingüístico e case non é quen de enunciar as conclusións do traballo realizado.</p>
<p>Participa e aporta ideas no debate sobre os prexuízos lingüísticos e expresa correctamente as súas ideas no que atinxe á cohesión, coherencia, dicción, vocabulario e uso das regras da comunicación non verbal.</p>	<p>Participa e aporta ideas no debate sobre os prexuízos lingüísticos e expresa correctamente as súas ideas no que atinxe á cohesión, coherencia, dicción, vocabulario e uso das regras da comunicación non verbal.</p>	<p>Participa e aporta ideas no debate sobre os prexuízos lingüísticos, mais non expresa correctamente as súas ideas no que atinxe á cohesión, coherencia e ten erros na dicción, vocabulario e uso das regras da comunicación non verbal.</p>	<p>Case non participa no debate sobre os prexuízos lingüísticos,</p>
<p>Elabora correctamente un texto argumentativo comparando os prexuízos lingüísticos xerais e específicos do galego, cumprindo as seguintes premisas:</p> <ul style="list-style-type: none"> -estrutura adecuadamente o texto -presenta un texto sen erros de cohesión -non comete incoherencias -utiliza argumentos de diversos tipos - vocabulario preciso e amplo - non comete erros morfolóxicos e sintácticos - uso correcto das normas gramaticais e ortográficas - expón as ideas dun xeito natural e espontáneo. <p>AVALIACIÓN: NOTA OBTIDA : 4=</p>	<p>Cumprimento de 6-7 dos puntos anteriores</p>	<p>Cumprimento de 4-5</p>	<p>Non cumprimento ou cumprimento de 1-2</p>

• 9- ASPECTOS COMÚNS A TODOS OS CURSOS

(Aptdos h), i), l), m), n), ñ), o) e p) do artigo 13, capítulo V da resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa).

- Apartado h. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

Consideramos unha das funcións básicas das reunións de Departamento semanais levar unha permanente e sistemática avaliación do desenvolvemento da nosa Programación Docente: logros e atrancos, adecuación da temporización inicial prevista, causas dos posibles retrasos na temporización inicial prevista, cambios ou modificacións puntuais da Programación Docente e pormenorizada xustificación que levaron a adoptar estes hipotéticos cambios ou modificacións.

De igual xeito, a Memoria da Actividade Docente do noso Departamento reflectirá estas actuacións enunciadas no parágrafo anterior, e xa recollidas ao longo do curso nas Actas de Departamento.

Para analizar os indicadores de logro en cada trimestre realizarase a avaliación dos procesos de ensino-aprendizaxe na que se abordarán os seguintes aspectos:

-Avaliación da adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do noso alumnado.

-Avaliación das aprendizaxes acadadas polo alumnado.

-Valoración dos procedementos de avaliación do alumnado:

Para que a avaliación do alumnado teña as maiores garantías de obxectividade e equidade posibles realizarase un proceso de homoxeneización e calibración na aplicación dos criterios de avaliación recollidos na Programación.

- Apartado i. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Durante o curso 2021/2022 o alumnado coa materia pendente terá no primeiro trimestre unha reunión informativa convocada pola xefa de departamento durante un recreo. Nela os alumnos e alumnas serán informados/-as da metodoloxía que se seguirá para avaliar a materia . Así mesmo indicáraselle en que horario poderán acudir ao departamento para que lles sexan resoltas as dúbidas que poidan ter ,este curso será os luns de 11:00 a 11:25 no Departamento de Lingua galega.

Este departamento acordou adoptar as seguintes medidas para o seguimento, recuperación e avaliación do alumnado coa materia pendente:

- 1.- Realizaranse dúas probas que se desenvolverán ao longo do curso, unha en xaneiro e outra en abril. En cada unha delas entrará a metade do temario pendente do curso pasado.
- 2.- No primeiro trimestre entregaráselle ao alumnado suspenso un boletín de actividades relacionadas cos contidos pendentes de superar, que deberán entregar no mes de xaneiro o día da realización da primeira proba. A entrega en prazo e a correcta realización destas actividades terán un valor máximo dun 30% da nota final.
- 3.- No mes de xaneiro realizarase unha proba da metade dos contidos e no mes de abril da outra metade. Estas terán un valor máximo do 70% da nota. A(s) parte(s) aprobadas eximirán ao alumnado de presentarse a elas no exame oficial. Se aprobasen as dúas partes e entregasen o dossier de actividades, a asignatura quedaría superada.
- 3.- De non conseguir superar a materia nas dúas probas, despois de sumar as dúas partes (actividades e probas), o alumno ou alumna quedará emprazado para realizar o exame oficial programado pola Xefatura de Estudos no mes de maio.
- 4.- Tal como aparece reflectido no Plan de Continxencia, se se dese o caso de estar o alumno ou alumna nunha situación de non presencialidade durante a realización da dita proba oficial, daráselle a oportunidade de entregar unhas tarefas relacionadas coa materia suspenso , que substitúan o dito exame.

- **Apartado l. Organización de procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.**

Este punto inclúese no apartado correspondente aos criterios e instrumentos de avaliación para primeiro de bacharelato. Ademais das que se indican no cadro correspondente, farase especial fincapé nas materias que o departamento de Lingua Galega e Literatura imparte neste nivel nos seguintes procedementos:

- Observación directa do traballo na aula.
- Uso de rúbricas (expresión oral nas exposicións/ redacción e presentación de traballos

escritos) para a corrección de:

- 1- Exposicións orais dos traballos encargados (unha por avaliación).
- 2- Entrega das actividades escritas (creación literaria, comentarios guiados...) . O número será variable en cada trimestre.

- **Apartado m. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.**

Empregarase unha metodoloxía activa e axustada ás necesidades concretas do alumnado e grupo e que fomenten a colaboración e participación deste no seu proceso de aprendizaxe.

Ao inicio do curso comprobaranse os coñecementos previos do alumnado de cada grupo mediante unha avaliación inicial, cuxos resultados só se terán en conta a efectos de adecuar o nivel de partida do proceso de ensino-aprendizaxe á realidade de cada grupo e, en consecuencia, non afectará ás cualificacións do alumnado.

Tamén se empregarán os informes individualizados do curso anterior para obter unha valiosa información sobre a situación de cada alumno/a.

Realizaranse actividades encamiñadas a obter unha **avaliación inicial**. O profesorado de Lingua Galega e Literatura utilizará fichas, exercicios, exposicións orais e escritas a través das que coñecerán o nivel dos alumnos, no primeiro mes de clase, en aspectos como: lectura, comprensión, capacidade de síntese, ortografía, presentación dos escritos, conceptos, procedementos, grao de aprehensión das competencias clave, actitudes, capacidade de abstracción, coidado do material (verase se o alumno o leva a clase, se o coida, etc.).

Co alumnado con resultados negativos, na avaliación inicial realizarase un especial seguimento atendendo a se realiza os exercicios, se participa de forma habitual nas actividades propostas polo profesorado, se colabora no traballo cooperativo que se desenvolva na aula e se progresa e mellora os resultados obtidos na avaliación inicial.

Segundo recollemos no plan de continxencia, atenderemos ás situacións de non presencialidade , concretando, chegado o momento, as tarefas imprescindibles a entregar por parte do alumnado e os instrumentos de avaliación máis axeitados para valorar esas tarefas.

En relación coa metodoloxía didáctica, os **recursos dixitais** que utilizaremos será a mensaxería de Edixgal para 1º e 2º da ESO e a aula virtual no resto de cursos , así canalizaremos a comunicación entre profesorado e alumnado e isto favorecerá a autoaprendizaxe, o pensamento crítico e creativo...

- **Apartado n. Medidas de atención á diversidade. Reforzo lingüístico (agrupamento) 1ºESO.**

No ámbito da **LOMCE**, o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, establece as medidas que sexan necesarias para aquel alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.

Entre estas medidas estableceranse aquelas que garantan que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexeráse polos principios de normalización e inclusión, e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e na permanencia no sistema educativo.

A identificación e a valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, realizaranse do xeito máis temperán posible, nos termos que determine a consellería con competencias en materia de educación. Os centros docentes deberán adoptar as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención.

Correspóndelle á consellería con competencias en materia de educación establecer as condicións de accesibilidade e deseño universal, e os recursos de apoio que favorezan o acceso ao currículo do alumnado con necesidades educativas especiais, e adaptar os instrumentos e, de ser o caso, os tempos e os apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado.

A consellería con competencias en materia de educación, coa finalidade de facilitar a accesibilidade ao currículo, establecerá os procedementos oportunos cando cumpra realizar adaptacións significativas dos elementos do currículo, coa finalidade de atender o alumnado con necesidades educativas especiais que as precise. Estas adaptacións realizaranse procurando o máximo desenvolvemento posible das competencias; a avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados nas devanditas adaptacións.

En calquera caso, o alumnado con adaptacións curriculares significativas deberá superar a avaliación final para poder obter o título correspondente.

A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal segundo o

procedemento e nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación, flexibilizárase nos termos que determine a normativa vixente. Esta flexibilización poderá incluír tanto a impartición de contidos e a adquisición de competencias propias de cursos superiores como a ampliación de contidos e competencias do curso corrente, así como outras medidas.

Os plans de actuación, así como os programas de enriquecemento curricular adecuados ás necesidades do alumnado con altas capacidades intelectuais, que lle corresponde adoptar á consellería con competencias en materia de educación, permitirán desenvolver ao máximo as capacidades deste alumnado e terán en consideración o seu ritmo e o estilo de aprendizaxe, así como o do alumnado especialmente motivado pola aprendizaxe.

Durante o curso 2021/2022 haberá un agrupamento en 1º da ESO. Tamén hai dous grupos de alumnado con exención na segunda lingua, que reforzarán en dúas sesións a expresión e comprensión no ámbito lingüístico.

Durante este curso haberá en 2º da ESO dous grupos de Exención da segunda lingua estranxeira, onde se reforzará o ámbito lingüístico. Estes grupos están configurados por alumnado de segundo curso que presenten dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, e quedará exento de cursar a materia de Segunda Lingua Estranxeira.

Así pois durante este curso 2021/2022 recibirán reforzo educativo no ámbito lingüístico, naqueles aspectos en que se detectasen as dificultades, logo do informe pertinente da persoa titora da etapa ou curso anterior, coa colaboración do departamento de Orientación, no cal se fará explícito o motivo da medida adoptada. Nos seus documentos de avaliación figurará coa mención de exento/a. A competencia da decisión recaerá na dirección do centro docente, oídas as nais, os pais ou os/as titores/as legais do alumnado afectado pola medida.

Con respecto aos grupos, serán impartidos por dúas profesoras, haberá dúas sesións semanais. Os catro grupos constan de 10 ata 15 alumn@s, cun ritmo de aprendizaxe moi diferente polo que supón traballar con actividades diversas para atender as necesidades de cada alumn@. Reforzárase o ámbito lingüístico, con especial atención á expresión e comprensión lectora. Tamén se incidirá no afondamento e mellora das técnicas de estudo.

- [Apartado ñ. Concreción dos elementos transversais.](#)

Aínda que algunhas das competencias clave inclúen os valores na súa propia definición, farase un tratamento transversal da educación en valores. Estes enfocaranse en dúas dirección:

- Valores sociais que debe coñecer, respectar e aplicar o alumnado, baseados nos dereitos humanos e

constitucionais. Neste apartado incidirase, dun xeito significativo, na igualdade de oportunidades e responsabilidades entre os dous sexos e na violencia machista, vendo dentro desta a violencia simbólica, estrutural e de acción.

- Valores de tipo individual que se deben seguir desenvolvendo no alumnado: espírito crítico, curiosidade, liberdade e responsabilidade, coidado do medio ambiente, educación vial...

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

A consellería con competencias en materia de educación fomentará o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

A programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

A consellaría con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecte as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas consecuencias

Apartado o. Actividades complementarias e extraescolares programadas polo noso departamento didáctico.

1-Charlas dalgúns escritores/as :

Ao longo do curso 2021/2022 valorarase a posibilidade da visita didáctica dalgún autor ou autora dos libros DE lecturas seleccionadas nos diferentes cursos. Hai a previsión de que acuda Héctor Cajaraville e realice un encontro co alumnado de 1ºe/ou 2º da ESO.

2- Visitas Didácticas:

-Museo de Lugo: Rutas literarias polo Museo-----1º ESO.

A duración desta actividade é toda a xornada (saída do centro: 8.30 da mañá e regreso sobre as 8 da tarde). Durante a mañá o alumnado desenvolve a actividade : Rutas Literarias polo Museo , no Museo Provincial de Lugo e, pola tarde, visítase o Castro de Viladonga,valorando tamén a opción de visitar a Casa de Manuel María.

-Museo de Pontevedra e Roteiro Castelao ----- 4º ESO

Esta saída didáctica desenvólvese cara ao final da segunda avaliación e a súa duración é dunha mañá (de 9 a 2 horas). O alumnado realiza o roteiro Castelao cun guía do Concello de Pontevedra e visita o museo da cidade. Pídese unha axuda á Deputación de Pontevedra para custear o transporte.

- Roteiro literario en Rianxo ----- 4º ESO

Roteiro guiado pola vila de Rianxo para coñecer os espazos onde viviron e centraron a súa obra Castelao, Rafael Dieste e Manuel Antonio.

- Roteiros e/ou obradoiros literarios dramatizados-----3º ou 4º ESO

En función dos autor@s ofertad@s, dirixirase a un ou outro nivel.

- Visita a algunha exposición de interese

En función da temática organizarase e dirixirase a diferente alumnado.Pendente da programación de diferentes entidades.

3- Participación no Día da poesía e no Día de Rosalía.

Como viñamos facendo en cursos anteriores, o noso departamento participará activamente na celebración destas dúas datas mediante diversas accións no centro.

4- Participación no Día das letras no Alobre e organización de actividades co gallo do Día das Letras Galegas.

Contribuiremos, como en cursos anteriores á celebración do día das Letras no Alobre con obradoiros de poesía ou de teatro, visita de escritor@s etc.sempre e cando sexa posible.

Tamén impulsaremos, a través dalgunha actividade , a figura do autor homenaxeado polo Día das Letras Galegas 2022.

5- Participación en Certames escolares.

O profesorado do Departamento informará ao alumnado das convocatorias que vaian aparecendo. Deste xeito darémolles a oportunidade ao alumnado de desenvolver a súa capacidade creativa no eido lingüístico e literario.

6- Colaboración nas actividades do Departamento de Normalización e Dinamización Lingüística do centro. Farase especial fincapé naquelas que favorezan a expresión oral en galego con propostas que aparezan ao longo do curso por parte do servizo de Normalización Lingüística da Delegación de Pontevedra.

7- Colaboración nas actividades organizadas pola Biblioteca do centro como o Proxecto Lector ou os concursos que se convoquen. Participación e implicación no club de lectura do centro, celebrando o *Día das escritoras*, o da biblioteca, contra a violencia de xénero, o *8M*...

No seguinte cadro aparecen as actividades que supoñen unha saída do centro e que están programadas e organizadas para este curso. Algunhas están pendentes de fixar con respecto á data.

● ACTIVIDADE	CURSO	● OBXECTIVOS	TEMPORALIZACIÓN
Visita didáctica ao Museo de Lugo e ao Castro de Viladonga e Casa Manuel María	1º ESO	● Achegamento histórico e literario: Roteiro literario a partir da lectura de Contos no museo	2º trimestre
Visita didáctica ao Museo de Pontevedra e Roteiro Castelao	4º ESO	● Interpretar e valorar o contexto histórico e literario da lit. do SXX	2º trimestre
Visita a exposicións	3º ESO ou 1º Bach	● Posta en valor cultura e literatura galega	Pendente da programación de diferentes entidades
Visita didáctica á vila de Rianxo con roteiro literario (Castelao, Dieste e M. Antonio)	4º ESO	● Posta en valor da literatura de principios de S. XX	2º trimestre
Roteiros literarios dramatizados	3º ESO ou 4º ESO	Achegamento á contextualización da Lit. galega	2º trimestre

- Apartado p. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora:

Para avaliar a propia programación empregaremos os seguintes **indicadores de logro**:

- Obxectivos.
- Contidos.
- Temporalización.
- Criterios de avaliación.
- Estándares de aprendizaxe (LOMCE)
- Competencias básicas e competencias clave.
- Contidos mínimos exixíbeis.
- Metodoloxía didáctica (recursos).
- Atención á diversidade

Cadro sinóptico de indicadores de logro na avaliación da programación didáctica.

Indicadores de logro	Niveis de logro			Observacións: modificacións e propostas de mellora
	Alto	Medio	Baixo	
Obxectivos	Están correctamente fixados e asociados aos contidos			
Contidos	Inclúense todos os necesarios			
	Están secuenciados adecuadamente			
Temporalización	Determinouse con precisión			
	Respectouse a distribución temporal dos contidos			
	Respectáronse as actividades programadas			
	Respectáronse os exames programados			
Criterios de avaliación	Os criterios de avaliación son			

	claros				
	Formula diversos instrumentos de avaliación				
	Concretáronse os instrumentos de avaliación en todos os casos				
	Os criterios de cualificación están ben definidos				
	Establecéronse os mínimos esixibles				
Estándares de aprendizaxe	Presentan claridade e concreción				
	Están correctamente interrelacionados cos criterios de avaliación e cualificación				
	Adáptanse perfectamente á xeneralidade do alumnado				
Competencias básicas e competencias clave	Están perfectamente recollidas e interrelacionadas cos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe				
Contidos mínimos exixibles	Están perfectamente concretados e ben clarificados				
Metodoloxía didáctica (recursos)	É a adecuada tanto para ESO como Bacharelato				
	Hai variedade de actividades integradoras no currículo				
	Detalláronse todos os recursos didácticos necesarios para o desenvolvemento da programación.				
	As estratexias metodolóxicas son as axeitadas				
Atención á	A programación das medidas de atención á				

diversidade	diversidade foron as correctas				
	Hai presenza de estratexias diversificadas que dean resposta a distintos intereses e ritmos de aprendizaxe, tendo en conta as medidas de atención á diversidade (RL, ACI...)				
	Recóllese a coordinación con outros profesionais (departamento de orientación), para modificar e/ou adaptar contidos, actividades, metodoloxía, recursos aos diferentes ritmos e posibilidades de aprendizaxe.				

10- PLAN DE CONTINXENCIA

Tal como se recollen nas *Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021*, ao abeiro do establecido no Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/2021, os centros elaborarán un “Plan de Continxencia” ante a posibilidade de que o alumnado estea nunha situación de semipresencialidade, se as condicións sanitarias así o requirisen.

Este curso 2021/2022 por ser un curso transitorio, manteranse as medidas aplicadas o curso pasado por se fose necesario aplicar algunha delas.

Desde o Departamento de Lingua galega e literatura acorde co Plan de Continxencia requirido, recóllense unha serie de criterios que facilitarán o proceso de aprendizaxe co alumnado:

a) **RECURSOS:**A utilización dos **recursos** pode verse modificada, así pois botarase man da aula virtual para indicar o seguimento da materia con apoio ou non do libro de texto.No caso de 2º de Bacharelato, ao carecer de libro de texto, os materiais serán subidos á aula virtual, para un mellor seguimento das clases.

En canto aos libros de lectura, se o alumnado non puidese adquirir os títulos recollidos na Programación Didáctica , facilitaránselle lecturas descargables dixitalmente.

b) **CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN:**Durante o período non presencial poderán verse modificados os **criterios de avaliación e cualificación** dos contidos impartidos, xa que poderá verse substituída a realización de proba(s) por tarefas que se entregarán pola aula virtual, indicando a puntuación que se asignará e o prazo de entrega das mesmas.O incumprimento destes criterios poderán repercutir negativamente na cualificación do alumno/-a.

Se houberse que combinar a presencialidade coa non presencialidade , aproveitaríanse as clases para avanzar na explicación de contidos,tanto do ámbito lingüístico coma literario.O período de tempo na casa , o alumnado traballaría o carácter práctico deses contidos explicados(exercicios, esquemas, comentarios de texto...), podendo comunicarse co profesorado en todo momento para a resolución de dúbidas.

c) **NEAE**: Seguindo a mesma liña que no punto anterior, prestarase especial atención ao **alumnado con necesidades específicas de apoio educativo** en coordinación co Departamento de Orientación. Acordaranse as tarefas a realizar con este alumnado, prestando especial á evolución.

d) **COMUNICACIÓN**: No caso de suspensión da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria canalizarase como **vía de comunicación** preferiblemente a **aula virtual** do centro, onde determinaremos as tarefas a realizar polo alumnado garantindo a adquisición das aprendizaxes básicas e a avaliación continua. No caso de 1º ESO e 2º ESO a canle de comunicación será a mensaxería de EDIXGAL e o ABALAR.

En todo momento facilitarase a **comunicación** entre alumnado, familias e equipo docente a través das diferentes plataformas e medios telemáticos corporativos.

e) **PENDENTES**: Polo que respecta ao alumnado coa **materia pendente**, se estivese en modalidade non presencial, durante o período de avaliación, substituiríase polo exame pola a entrega de determinadas tarefas nun prazo marcado.

11. PLAN DE MELLORA PARA ALUMNADO REPETIDOR.

Dende o **Departamento de Lingua Galega e Literatura** decidíronse diversas actuacións no ámbito curricular para aquel alumnado que presente dificultades na materia de Lingua Galega e Literatura.

- Medidas que están sendo aplicadas, como os agrupamentos en 1º da ESO ou o seguimento a alumnado con ACI, que precisa dun ritmo e metodoloxía diferente ao resto. Tamén o reforzo no ámbito lingüístico ao alumnado exento en segunda lingua favorece a mellora na materia.
- O programa PROA tamén ofrecerá axuda fóra do horario lectivo ao alumnado con necesidades ou dificultades na materia.
- Proporcionaráselle sempre que o alumnado repetidor o solicite exercicios e textos de comprensión para traballar polo miúdo a expresión escrita e a comprensión lectora. Estes materiais serán revisados polas profesoras de Lingua galega no último luns de cada mes de 11:00 a 11:25 no local do Departamento de Lingua galega e literatura. Así o alumnado terá ocasión de corrixir aquelas actividades que lle resultasen máis complexas e preguntar as dúbidas pertinentes.

12. PLAN DE IGUALDADE.

1. Introducción
2. Marco lexislativo
3. Modelo organizativo
4. Sensibilización e formación do profesorado
5. Uso de linguaxe inclusiva
6. Docencia e material educativo
7. Desenvolvemento persoal do alumnado

8. Liñas estratéxicas de actuación: Modelo de convivencia igualitario

1- Introducción

Coeducar supón un modelo educativo que se sustenta no respecto ao principio de igualdade entre mulleres e homes. Este principio debe estar presente en todos os elementos que interveñen no proceso educativo, garantindo o seu cumprimento tanto nos contidos académicos como na práctica diaria do profesorado e nas relacións entre as persoas que forman parte da comunidade educativa.

2- Marco legislativo

A igualdade de xénero é un principio fundamental que vén recollido na lei. As administracións públicas deben ser un motor fundamental para garantir a igualdade de oportunidades de mulleres e homes, co fin de mellorar o nivel e a calidade de vida das persoas e avanzar cara a unha sociedade máis democrática e xusta. O marco legislativo actual obriga a introducir a perspectiva de xénero e a velar polo cumprimento do principio de igualdade real entre mulleres e homes no ámbito educativo.

- No preámbulo da **Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación**, pon de manifesto que a educación é o medio de transmitir e, ao mesmo tempo, de renovar, a cultura e o acervo de coñecementos e valores que a sustentan. Así, un dos principais fins que se persegue coa educación é a formación no respecto dos dereitos e das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes, así como a valoración crítica das desigualdades, de forma que sirvan para superar os comportamentos sexistas.

- A **Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para igualdade de mulleres e homes** establece no artigo 23, a educación en igualdade de mulleres e homes, e no artigo 24, a integración do principio de igualdade na política de educación.

- **O artigo 17 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro**, polo que aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade establece as medidas a prol dunha educación en igualdade. Para estes efectos, o currículo regulador da práctica docente de cada un dos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades do sistema educativo adaptárase ás seguintes especificacións relativas a obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación. O artigo 19 fala da erradicación de prexuízos nos centros docentes.

O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (27 de xullo de 2017) recolle no seu punto 170 que se promoverá a aprobación de plans de igualdade nos centros de ensino nas etapas de educación primaria e secundaria obrigatoria.

Entre os principios informadores e fins das normas de convivencia recóllese a educación en igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes. Indica que a comunidade educativa, no seu conxunto, velará pola aplicación daquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar a igualdade efectiva entre mulleres e homes

3- Modelo organizativo

O traballo por unha educación igualitaria, visibilízase na aposta firme por parte do equipo directivo e do profesorado de levar a cabo accións que favorezan a igualdade, accións que son de relevancia para

sensibilizar e desenvolver no alumnado un cambio de actitudes. Estas actuacións lévanse a cabo maioritariamente con motivo de datas sinaladas (8 de marzo, 25 de novembro...)

4- Sensibilización e formación do profesorado.

Os centros levan a cabo unha aposta firme pola coeducación, o profesorado está sensibilizado coa igualdade e amósase predispuesto a traballar desde a perspectiva de xénero a través tanto da súa implicación en accións puntuais como na práctica diaria. A formación do profesorado é clave para poder abordar procesos de inclusión da perspectiva de xénero nos contidos e prácticas educativas. Neste sentido, o profesorado participa ou participou en cursos de capacitación para integrar a igualdade no currículo ao mesmo tempo que nalgúns centros se demanda a oferta de formación especializada en xénero.

5. Uso de linguaxe inclusiva

Na maioría dos centros non existe unha planificación da linguaxe empregada na documentación xeral, no material didáctico, nos rótulos. Non obstante, si é certo que se presta especial atención a este tema e se procura evitar o uso dunha linguaxe sexista tanto como medio vehicular na relación docente discente como na linguaxe icónica. Desde o Departamento de Lingua galega e Literatura faremos especial fincapé no uso lingüístico correcto ,afastándonos das solucións de carácter sexista innecesarias, substituíndoas por formas de máis inclusivas.Seguindo a mesma liña, no ámbito da literatura adicaremoslle especial atención ás mulleres relevantes, e moitas veces esquecidas e afastadas da atención que merecen no curriculum da materia.

6. Docencia e material educativo

No que respecta aos materiais educativos, o profesorado procurará seleccionar libros de texto e de consulta que transmitan unha visión non sexista e promoverá que se levan a cabo accións puntuais para corrixir os contidos sexistas identificados .

7. Desenvolvemento persoal do alumnado

Existe unha clara aposta por parte do profesorado de traballar a prol da igualdade;non obstante, é necesario potenciar a introdución da perspectiva de xénero nas dinámicas educativas a través da proposta de actuacións específicas que se comprometan a traballar na transversalidadede xénero

8. Liñas estratéxicas de actuación: Modelo de convivencia igualitario

a)Obxectivo:Potenciar o traballo en igualdade de oportunidades para establecer relacións de igualdade.

b)Actuacións.

1.Incorporar a perspectiva de xénero en todas as actuacións que se levan a cabo dende o centro en datas sinaladas :Día da Paz, Día do Libro, Día das Letras Galegas, Dos Dereitos Humanos, Día da Ciencia, participación no Día das escritoras.. ..

2.Continuar promovendo e mellorando as actuacións e actividades o día 8 de marzo e 25 de novembro implicando a comunidade escola

3. Participar en obradoiros de prevención da violencia de xénero en publicidade e cómics para o alumnado.

4. Realizar campañas de sensibilización dirixidas a toda a comunidade educativa en temas de formación e información sobre xogos, videoxogos e xoguetes non sexistas...

Vilagarcía, 29 de setembro de 2021.

Asda. polos membros do Dpto de Lingua Galega e Literatura do IES Castro Alobre:

Antonio Fernández Salgado

M.^a Luísa Moreda Leirado

Noa Pérez González

Ángeles Rodríguez Castaño

Susana Silva Martínez

Ana Castro Pardo (Xefa de Departamento)